SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 5 de xuño de 2025. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA CINCO DE JUNIO DE DOS MIL VEINTICINCO

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 5 de junio de 2025. Bajo la presidencia de la ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles:*

GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e oito minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

Comunicacións da Alcaldía

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos a este pleno ordinario correspondente ó mes de xuño. Comezamos saudando os membros da Corporación, o señor secretario xeral, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, os xornalistas acreditados e todos aqueles que nos seguen a través do *streaming* municipal.

Punto un, asunto un, Parte Resolutiva, señor secretario.

Señor Secretario

Comunicacións da Alcaldía.

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

A las diez horas y ocho minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

I – PARTE RESOLUTIVA

ASUNTO 1

Comunicaciones de la Alcaldía

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos a este pleno ordinario correspondiente al mes de junio. Comenzamos saludando a los miembros de la Corporación, al señor secretario general, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, a los periodistas acreditados y todos aquellos que nos siguen a través de la retransmisión municipal.

Punto uno, asunto uno, Parte Resolutiva, señor secretario.

Señor Secretario

Comunicaciones de la Alcaldía.

67. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.

Presidencia

Ben, as Comunicacións da Alcaldía, comezaremos este pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno, e conforme ós datos facilitados pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascendeu a 50 no ano 2022, 58 no 2023, 48 no 24, 12 no 25 e 1.306 desde o 1 de xaneiro de 2003, quedando 36 menores orfos no 24, nove no 25 e 478 desde o ano 2013. O número de menores asasinados ascende a dous no ano 2025 e a 64 desde o 1 de xaneiro do ano 2013.

Desde o Pleno de maio confirmáronse unha muller e unha menor asasinadas por violencia de xénero, polo que gardaremos dous minutos de silencio:

- O 27 de maio de 2025, María Varela Pinedo, de 38 anos, en Aldeanueva del Camino en Cáceres, quen deixa un fillo menor de idade.

- E o 30 de maio de 2025, Jasmine Eva de apelidos non coñecidos, de 13 anos, en Bilbao.

Polo tanto, solicito ós presentes que nos poñamos en pé para gardar dous minutos de silencio.

(Gárdanse dous minutos de silencio)

68. Aprobación do borrador da acta da seguinte sesión:

- Ordinaria, de 10 de abril de 2025

67. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.

Presidencia

Bien, las Comunicaciones de la Alcaldía, comenzaremos este pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno, y conforme a los datos facilitados por la Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género, el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España ascendió a 50 en el año 2022, 58 en el 2023, 48 en el 24, 12 en el 25 y 1.306 desde el 1 de enero de 2003, quedando 36 menores huérfanos en el 24, nueve en el 25 y 478 desde el año 2013. El número de menores asesinados asciende a dos en el año 2025 y a 64 desde el 1 de enero del año 2013.

Desde el Pleno de mayo se confirmaron una mujer y una menor asesinadas por violencia de género, por lo que guardaremos dos minutos de silencio:

- El 27 de mayo de 2025, María Varela Pinedo, de 38 años, en Aldeanueva del Camino en Cáceres, quien deja un hijo menor de edad.

- Y el 30 de mayo de 2025, Jasmine Eva de apellidos no conocidos, de 13 años, en Bilbao.

Por lo tanto, solicito a los presentes que nos pongamos en pie para guardar dos minutos de silencio.

(Se guardan dos minutos de silencio)

68. Aprobación del borrador del acta de la siguiente sesión:

- Ordinaria, de 10 de abril de 2025

69. Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI

Intervencións

Presidencia

Nas Comunicacións da Alcaldía tamén está a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 10 de abril, á que non constan alegacións e polo tanto queda aprobada, e a Declaración Institucional —téñoa aquí— con motivo do Día Internacional do Orgullo LGBTI á que dou lectura.

O 28 de xuño conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTBI, unha data de alcance mundial que celebra a diversidade e reivindica a necesidade de garantir os dereitos e liberdades de todas as persoas con independencia da súa orientación sexual, identidade ou expresión de xénero. Esta xornada ten a súa orixe nos feitos acontecidos en 1969 no bar Stonewall Inn no barrio neoiorquino de Greenwich Village que marcaron un punto de inflexión nas loitas polo recoñecemento dos dereitos civís das persoas LGTBI. Dende entón esta data consolidouse como unha oportunidade para reflexionar sobre os avances acadados, recoñecer a loita histórica do colectivo e seguir construíndo unha sociedade na que a dignidade, a liberdade e a igualdade sexan realidades efectivas para todas as persoas.

Dende o Concello da Coruña queremos reiterar o noso firme compromiso cos valores democráticos de igualdade, respecto, liberdade e dignidade. Reivindicamos o papel central das administracións municipais na construción de contornos seguros, inclusivos e respectuosos nos que a diversidade se entenda como un valor

69. Declaración Institucional con motivo del Día Internacional del Orgullo LGTBI

Intervenciones

Presidencia

En las Comunicaciones de la Alcaldía también está la aprobación del borrador del acta de la sesión ordinaria de 10 de abril, a la que no constan alegaciones y por lo tanto queda aprobada, y la Declaración Institucional —la tengo aquí— con motivo del Día Internacional del Orgullo LGBTI a la que doy lectura.

El 28 de junio se conmemora el Día Internacional del Orgullo LGTBI, una fecha de alcance mundial que celebra la diversidad y reivindica la necesidad de garantizar los derechos y libertades de todas las personas con independencia de su orientación sexual, identidad o expresión de género. Esta jornada tiene su origen en los hechos acontecidos en 1969 en el bar Stonewall Inn en el barrio neoyorquino de Greenwich Village que marcaron un punto de inflexión en las luchas por el reconocimiento de los derechos civiles de las personas LGTBI. Desde entonces esta fecha se consolidó como una oportunidad para reflexionar sobre los avances alcanzados, reconocer la lucha histórica del colectivo y seguir construyendo una sociedad en la que la dignidad, la libertad y la igualdad sean realidades efectivas para todas las personas.

Desde el Ayuntamiento de A Coruña queremos reiterar nuestro firme compromiso con los valores democráticos de igualdad, respeto, libertad y dignidad. Reivindicamos el papel central de las administraciones municipales en la construcción de entornos seguros, inclusivos y respetuosos en los que la diversidad se entienda como un valor

compartido que enriquece a vida comunitaria.

compartido que enriquece la vida comunitaria.

Resulta fundamental reforzar o papel das organizacións da sociedade civil incluíndo ás entidades LGTBI como axentes activos de transformación social, garantindo a súa participación na elaboración, execución e avaliación das políticas públicas. Así mesmo, cómpre que as institucións actúen con determinación fronte aos discursos que alimentan o odio promovendo mecanismos eficaces para previr e combater calquera forma de discriminación.

Resulta fundamental reforzar el papel de las organizaciones de la sociedad civil incluyendo a las entidades LGTBI como agentes activos de transformación social, garantizando su participación en la elaboración, ejecución y evaluación de las políticas públicas. Asimismo, es necesario que las instituciones actúen con determinación frente a los discursos que alimentan el odio promoviendo mecanismos eficaces para prevenir y combatir cualquier forma de discriminación.

Este 2025 cómprense 20 anos da aprobación da Lei que permitiu o matrimonio igualitario e a adopción conxunta por parte de parellas do mesmo sexo en España. Foi un avance histórico no recoñecemento legal e social do colectivo LGTBI que situou o noso país na vangarda internacional no recoñecemento da diversidade familiar e dos dereitos civís. Con todo, non podemos esquecer que aínda hoxe persisten situacións de desigualdade, violencia e rexeitamento que deben ser erradicadas con decisión e responsabilidade institucional.

Este 2025 se cumplen 20 años de la aprobación de la Ley que permitió el matrimonio igualitario y la adopción conjunta por parte de parejas del mismo sexo en España. Fue un avance histórico en el reconocimiento legal y social del colectivo LGTBI que situó nuestro país en la vanguardia internacional en el reconocimiento de la diversidad familiar y de los derechos civiles. Con todo, no podemos olvidar que aun hoy persisten situaciones de desigualdad, violencia y rechazo que deben ser erradicadas con decisión y responsabilidad institucional.

É preciso abordar de forma integral a realidade específica de moitas persoas LGTBI que ademais son racializadas, migrantes, con diversidade funcional ou en situación de pobreza, xa que experimentan formas agravadas e interseccionadas de discriminación. Neste sentido, cómpre impulsar políticas públicas que atenden estas circunstancias con medidas de protección eficaces e proporcionadas, sempre desde unha perspectiva centrada nos dereitos humanos e na cohesión social.

Es preciso abordar de forma integral la realidad específica de muchas personas LGTBI que además son racializadas, migrantes, con diversidad funcional o en situación de pobreza, ya que experimentan formas agravadas e interseccionadas de discriminación. En este sentido, es preciso impulsar políticas públicas que atienden estas circunstancias con medidas de protección eficaces y proporcionadas, siempre desde una perspectiva centrada en los derechos humanos y en la cohesión social.

Por iso instamos o Goberno de España a garantir unha dotación orzamentaria

Por eso instamos al Gobierno de España a garantizar una dotación presupuestaria

específica e sostida que permita aos Goberno locais desenvolver políticas públicas en materia de diversidade sexual e de xénero. Para que este compromiso se materialice de forma efectiva resulta imprescindible proporcionar recursos estables que consoliden e amplíen as actuacións xa en marcha.

específica y sostenida que permita a los Gobierno locales desarrollar políticas públicas en materia de diversidad sexual y de género. Para que este compromiso se materialice de forma efectiva resulta imprescindible proporcionar recursos estables que consoliden y amplíen las actuaciones ya en marcha.

No caso da Coruña contamos cunha traxectoria activa en campañas educativas e de sensibilización, así como na formación do persoal municipal en materia LGTBI. Para seguir avanzando propoñemos protocolos específicos para a atención integral a vítimas de agresións motivadas pola intolerancia, con especial atención a menores, persoas trans e colectivos en situación de maior vulnerabilidade; formación continua e especializada do persoal municipal en servizos sociais, seguridade cidadá, cultura, deporte e educación en diversidade afectivo sexual e de xénero; consolidación e ampliación das campañas de sensibilización xa existentes, orientadas a promover a convivencia, o respecto mutuo e a visibilización de realidades diversas con incidencia especial nos centros educativos, barrios e espazos públicos.

En el caso de A Coruña contamos con una trayectoria activa en campañas educativas y de sensibilización, así como en la formación del personal municipal en materia LGTBI. Para seguir avanzando proponemos protocolos específicos para la atención integral a víctimas de agresiones motivadas por la intolerancia, con especial atención a menores, personas trans y colectivos en situación de mayor vulnerabilidad; formación continua y especializada del personal municipal en servicios sociales, seguridad ciudadana, cultura, deporte y educación en diversidad afectivo sexual y de género; consolidación y ampliación de las campañas de sensibilización ya existentes, orientadas a promover la convivencia, el respeto mutuo y la visibilización de realidades diversas con incidencia especial en los centros educativos, barrios y espacios públicos.

Segundo datos recentes, aproximadamente a metade das vítimas LGTBI de agresións físicas, sexuais ou verbais non denuncian estes feitos, na maioría dos casos por medo ou por desconfianza nos procedementos institucionais. Dende o ámbito local reafirmamos o noso compromiso para xerar espazos de confianza, previr estas violencias, e mellorar a resposta institucional fronte a calquera manifestación de odio.

Según datos recientes, aproximadamente la mitad de las víctimas LGTBI de agresiones físicas, sexuales o verbales no denuncian estos hechos, en la mayoría de los casos por miedo o por desconfianza en los procedimientos institucionales. Desde el ámbito local reafirmamos nuestro compromiso para generar espacios de confianza, prevenir estas violencias, y mejorar la respuesta institucional frente a cualquier manifestación de odio.

Tampouco podemos obviar que a nivel internacional asistimos con preocupación a retrocesos en materia de dereitos humanos que afectan directamente ás

Tampoco podemos obviar que a nivel internacional asistimos con preocupación a retrocesos en materia de derechos humanos que afectan directamente a las

persoas LGTBI, como é o caso particularmente preocupante no ámbito da Unión Europea, de Hungría.

A proliferación de discursos de odio, a reversión de avances legais e a persecución institucional en moitos países poñen en risco principios fundamentais que deben ser preservados pola comunidade internacional.

Por todo isto, desde o Concello da Coruña sumámonos ás políticas públicas que promoven a igualdade de oportunidades e o respecto á diversidade e subliñamos a importancia da educación, a sensibilización e o diálogo como ferramentas clave para fortalecer a cohesión social e a convivencia. Reafirmamos que non hai democracia plena, mentres existan persoas que viven con medo, invisibilizadas ou discriminadas pola súa identidade ou orientación. O noso compromiso é seguir construíndo cidades seguras, xustas e orgullosas da súa diversidade.

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Dirección da Área de Planificación Estratéxica

Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos

ASUNTO 2

70. Expediente DPE/2025/30
Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para o impulso do proxecto da Cidade das TIC.

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración

personas LGTBI, como es el caso particularmente preocupante en el ámbito de la Unión Europea, de Hungría.

La proliferación de discursos de odio, la reversión de avances legales y la persecución institucional en muchos países ponen en riesgo principios fundamentales que deben ser preservados por la comunidad internacional.

Por todo esto, desde el Ayuntamiento de A Coruña nos sumamos a las políticas públicas que promueven la igualdad de oportunidades y el respeto a la diversidad y subrayamos la importancia de la educación, la sensibilización y el diálogo como herramientas clave para fortalecer la cohesión social y la convivencia. Reafirmamos que no hay democracia plena, mientras existan personas que viven con miedo, invisibilizadas o discriminadas por su identidad u orientación. Nuestro compromiso es seguir construyendo ciudades seguras, justas y orgullosas de su diversidad.

CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA

Dirección del Área de Planificación Estratégica

Servicio de Planificación y Calidad de los Servicios

ASUNTO 2

70. Expediente DPE/2025/30
Aprobación del convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para el impulso del proyecto de la Ciudad de las TIC.

Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración

Xeral en sesión celebrada o 2 de xuño de 2025, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos do ditame, coa incorporación da emenda de data 2 de xuño de 2025 dunha liña do texto do convenio, e coa motivación "in aliunde" do informe proposta do Servizo:

General en sesión celebrada el 2 de junio de 2025, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos del dictamen, con la incorporación de la enmienda de fecha 2 de junio de 2025 de una línea del texto del convenio, y con la motivación "in aliunde" del informe propuesta del Servicio:

Primeiro. Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para o impulso do proxecto da Cidade das TIC, co código 0Q2W 5S0D 041Z 5T58 118V, coa incorporación da emenda de data 2 de xuño de 2025 quedando o punto 11 da cláusula 4ª do dito convenio redactada nos seguintes termos:

Primero. Aprobar el convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para el impulso del proyecto de la Ciudad de las TIC, con el código 0Q2W 5S0D 041Z 5T58 118V, con la incorporación de la enmienda de fecha 2 de junio de 2025 quedando el punto 11 de la cláusula 4ª de dicho convenio redactada en los siguientes términos:

"A UDC conservará a súa participación na entidade mercantil Pedralonga Estudos, S.L. Con respecto á entidade mercantil CSA, S.L., o Concello da Coruña asumirá a posición da Universidade da Coruña, que procederá a impulsar a transmisión gratuíta das súas participacións a prol do Concello, no prazo dun mes dende que por parte do Concello se proceda ao pagamento da primeira anualidade establecida nos termos sinalados no apartado 2ª desta cláusula. Para os efectos de facilitar a colaboración institucional e o intercambio académico e cultural, o Concello da Coruña comprométese a autorizar periodicamente a realización de actos da UDC nas instalacións do CSA con cargo á dispoñibilidade de espazos que lle corresponde."

"La UDC conservará su participación en la entidad mercantil Pedralonga Estudos, S.L. Con respecto a la entidad mercantil CSA, S.L., el Ayuntamiento de A Coruña asumirá la posición de la Universidad de A Coruña, que procederá a impulsar la transmisión gratuita de sus participaciones a favor del Ayuntamiento, en el plazo de un mes desde que por parte del Ayuntamiento se proceda al pago de la primera anualidad establecida en los términos señalados en el apartado 2ª de esta cláusula. A los efectos de facilitar la colaboración institucional y el intercambio académico y cultural, el Ayuntamiento de A Coruña se compromete a autorizar periódicamente la realización de actos de la UDC en las instalaciones del CSA con cargo a la disponibilidad de espacios que le corresponde."

Segundo. Consonte ao previsto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, do 5 de marzo, polo que foi aprobado o

Segundo. Conforme a lo previsto en el artículo 174 del Real Decreto Legislativo 2/2024, de 5 de marzo, por el que fue

Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), adóptanse os seguintes compromisos económicos:

aprobado el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales (TRLRHL), se adoptan los siguientes compromisos económicos:

O Concello destinará un máximo de once millóns douscentos sesenta mil euros (11.260.000 euros €) á rehabilitación dos edificios cedidos á UDC para o proxecto Cidade das TIC (asistencias técnicas, proxectos e estudos, direccións facultativas, construción) e ás obras de urbanización e de axardinamento exterior dos mesmos, ata o límite dos viarios. A referida cantidade desembolsarase polo Concello nas seguintes anualidades:

El Ayuntamiento destinará un máximo de once millones doscientos sesenta mil euros (11.260.000 euros €) a la rehabilitación de los edificios cedidos a la UDC para el proyecto Ciudad de las TIC (asistencias técnicas, proyectos y estudios, direcciones facultativas, construcción) y a las obras de urbanización y de ajardinamiento exterior de los mismos, hasta el límite de los viarios. La referida cantidad se desembolsará por el Ayuntamiento en las siguientes anualidades:

- 2025: 500.000 euros, máis o canon correspondente ao exercicio 2025 (260.000 €).
- 2026: 3.500.000 euros
- 2027: 3.500.000 euros
- 2028: 3.500.000 euros

- 2025: 500.000 euros, más el canon correspondiente al ejercicio 2025 (260.000 €).
- 2026: 3.500.000 euros
- 2027: 3.500.000 euros
- 2028: 3.500.000 euros

Estas anualidades poderán reaxustarse para acomodalas ao ritmo de execución das obras consonte ao establecido no convenio.

Estas anualidades podrán reajustarse para acomodarlas al ritmo de ejecución de las obras conforme a lo establecido en el convenio.

Os importes a satisfacer polo Concello teñen carácter de "máximo", e deberán ser obxecto de xustificación pola UDC nos termos do convenio.

Los importes a satisfacer por el Ayuntamiento tienen carácter de "máximo", y deberán ser objeto de justificación por la UDC en los términos del convenio.

En calquera caso, o compromiso financeiro do dito convenio, no que respecta a este exercicio orzamentario, queda condicionando á previa tramitación e aprobación da modificación orzamentaria que dote o crédito adecuado e suficiente que permita recoñecer as obrigas económicas que puideran derivarse dos ditos compromisos económicos; quedando, de acordo coa literalidade do artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto refundido da Lei

En cualquier caso, el compromiso financiero de dicho convenio, en lo que respecta a este ejercicio presupuestario, queda condicionando a la previa tramitación y aprobación de la modificación presupuestaria que dote el crédito adecuado y suficiente que permita reconocer las obligaciones económicas que pudieran derivarse de dichos compromisos económicos; quedando, de acuerdo con la literalidad del artículo 174.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que fue aprobado el Texto refundido

reguladora das facendas locais, a realización dos gastos dos exercicios futuros subordinada ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos orzamentos.

Atendendo ao carácter excepcional, polo indubidable interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co artigo 174.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o pleno da corporación acorda que se eleven as porcentaxes ás que se refire o dito artigo, de acordo cos compromisos asumidos no convenio para cada anualidade futura.

Terceiro. Facultar á alcaldesa tan amplamente como sexa posible en dereito, para a sinatura do convenio e a realización de todos os actos de xestión e execución que procedan para os efectos da súa materialización.

Cuarto. Dispoñer a publicación do convenio no Portal de Transparencia do Concello da Coruña, de conformidade co previsto no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Quinto. Notificar o presente acordo á "Sociedade Xestora das TIC, S.L.," para os efectos de que a Xunta Xeral da dita entidade mercantil ratifique o acordo contido no convenio na cláusula Tercera.2, segundo parágrafo do convenio obxecto de aprobación.

Sexto. Notificar o presente acordo á Universidade da Coruña.

de la Ley reguladora de las haciendas locales, la realización de los gastos de los ejercicios futuros subordinada al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos.

Atendiendo al carácter excepcional, por el indudable interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el artículo 174.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por lo que fue aprobado el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el pleno de la corporación acuerda que se eleven los porcentajes a los que se refiere dicho artículo, de acuerdo con los compromisos asumidos en el convenio para cada anualidad futura.

Tercero. Facultar a la alcaldesa tan ampliamente como sea posible en derecho, para la firma del convenio y la realización de todos los actos de gestión y ejecución que procedan a los efectos de su materialización.

Cuarto. Disponer la publicación del convenio en el Portal de Transparencia del Ayuntamiento de A Coruña, de conformidad con lo previsto en el artículo 8.1.b) de la Ley 19/2013, de transparencia, acceso a la información pública y bueno gobierno.

Quinto. Notificar el presente acuerdo a la "Sociedad Gestora de las TIC, S.L.," a los efectos de que la Junta General de dicha entidad mercantil ratifique el acuerdo contenido en el convenio en la cláusula Tercera.2, segundo párrafo del convenio objeto de aprobación.

Sexto. Notificar el presente acuerdo a la Universidad de A Coruña.

Intervencións

Intervenciones

Presidencia

Pasamos xa ós asuntos da Parte Resolutiva. Asunto número dous, da Concellería de Economía e Planificación Estratéxica.

Señor Secretario

Expediente de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña para o impulso do proxecto da Cidade das TIC.

Presidencia

Moitas grazas.

Comeza o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas, e despois unha quenda de cinco minutos por grupo.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Traemos hoxe aquí un convenio que entendemos que é estratéxico e que suporá un paso máis no impulso ó proxecto da Cidade das TIC. O Concello da Coruña aprobou un convenio estratéxico coa Universidade da Coruña para consolidar e potenciar o proxecto Cidade das TIC, unha iniciativa que entendemos que é clave para o desenvolvemento económico, industrial e tecnolóxico da cidade. Dende o punto de vista da dinamización económica industrial hai que poñer en valor a reutilización da antigua Fábrica de Armas pola cal se transforma nun complexo industrial e tecnolóxico.

Por outra banda, a dinamización económica industrial supón tamén darlle un pulo á colaboración público-privada. É dicir, é un convenio que fomenta a

Presidencia

Pasamos ya a los asuntos de la Parte Resolutiva. Asunto número dos, de la Concejalía de Economía y Planificación Estratégica.

Señor Secretario

Expediente de aprobación del convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Universidad de A Coruña para el impulso del proyecto de la Ciudad de las TIC.

Presidencia

Muchas gracias.

Comienza el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas, y después un turno de cinco minutos por grupo.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.

Traemos hoy aquí un convenio que entendemos que es estratégico y que supondrá un paso más en el impulso al proyecto de la Ciudad de las TIC. El Ayuntamiento de A Coruña aprobó un convenio estratégico con la Universidad de A Coruña para consolidar y potenciar el proyecto Ciudad de las TIC, una iniciativa que entendemos que es clave para el desarrollo económico, industrial y tecnológico de la ciudad. Desde el punto de vista de la dinamización económica industrial hay que poner en valor la reutilización de la antigua Fábrica de Armas por la cual se transforma en un complejo industrial y tecnológico.

Por otra parte, la dinamización económica industrial supone también darle un impulso a la colaboración público-privada. Es decir, es un convenio que

cooperación entre administracións, Universidade e empresas para promover proxectos de innovación con impacto real na economía local, e por outra banda estamos a falar dunha infraestrutura estratéxica porque se contribúe a crear un ecosistema dixital, industrial e tecnolóxico que reforza a posición da Coruña como referente en transformación dixital, en economía intelixente.

fomenta la cooperación entre administraciones, Universidad y empresas para promover proyectos de innovación con impacto real en la economía local, y por otra parte estamos hablando de una infraestructura estratégica porque se contribuye a crear un ecosistema digital, industrial y tecnológico que refuerza la posición de A Coruña como referente en transformación digital, en economía inteligente.

Por outra banda, debemos de falar da promoción do emprego de calidade. Estamos a falar dunha iniciativa que o que busca é atraer e reter talento. É dicir, o proxecto busca atraer profesionais altamente cualificados do sector tecnolóxico ofrecendo condicións laborais estables. Tamén pula pola xeración de emprego especializado, é dicir, preténdense impulsar postos de traballo en sectores como a intelixencia artificial, o *big data,* ou o desenvolvemento de *software*, mais tamén en diferentes ámbitos de desenvolvemento industrial e tecnolóxico que teñen que ver co ecosistema económico galego e unha aposta clara pola formación e o emprendemento, e o convenio inclúe tamén accións formativas en colaboración coa UDC, coa Universidade da Coruña e espacios que podan habilitarse no futuro para acoller *startups* ou proxectos emprendedores.

Por otra parte, debemos de hablar de la promoción del empleo de calidad. Estamos hablando de una iniciativa que lo que busca es atraer y retener talento. Es decir, el proyecto busca atraer profesionales altamente cualificados del sector tecnológico ofreciendo condiciones laborales estables. También aboga por la generación de empleo especializado, es decir, se pretenden impulsar puestos de trabajo en sectores como la inteligencia artificial, la inteligencia de datos, o el desarrollo de software, pero también en diferentes ámbitos de desarrollo industrial y tecnológico que tienen que ver con el ecosistema económico gallego y una apuesta clara por la formación y el emprendimiento, y el convenio incluye también acciones formativas en colaboración con la UDC, con la Universidad de A Coruña y espacios que puedan habilitarse en el futuro para acoger empresas emergentes o proyectos emprendedores.

Cidade das TIC como polo tecnolóxico significa infraestruturas punteiras, un parque que pode contar con centros de datos, con laboratorios de intelixencia artificial e con espazos de realidade virtual, entre outras dotacións, un aliñamento institucional claro coa nosa universidade, coa Universidade da Coruña, mais tamén con colaboracións máis que evidentes xa ó longo de estos anos coa institución provincial, coa Diputación Provincial da Coruña e coa

Ciudad de las TIC como polo tecnológico significa infraestructuras punteras, un parque que puede contar con centros de datos, con laboratorios de inteligencia artificial y con espacios de realidad virtual, entre otras dotaciones, un alineamiento institucional claro con nuestra universidad, con la Universidad de A Coruña, pero también con colaboraciones más que evidentes ya a lo largo de estos años con la institución provincial, con la Diputación Provincial

Comunidade Autónoma, coa Xunta de Galicia, fundamentalmente tamén co Estado que é quen fai a cesión da..., do propio espacio físico, a través do Ministerio de Defensa.

de A Coruña y con la Comunidad Autónoma, con la Xunta de Galicia, fundamentalmente también con el Estado que es quien hace la cesión de la..., del propio espacio físico, a través del Ministerio de Defensa.

E tamén significa Cidade das TIC como polo tecnolóxico unha aposta pola proxección europea da cidade porque, como cidade, aspiramos a ser un nodo tecnolóxico do noroeste peninsular, reforzando así a participación en redes europeas como a Misión Horizonte Europa 20-30. Sen ir máis lonxe, vimos de acadar un proxecto de carácter europeo, como a Locate, onde é unha aposta clara pola innovación, unha aposta pola innovación que en España significou que de tódalas candidaturas presentadas a un proxecto diante da Comisión Europea, só dúas cidades de toda España, Salamanca e A Coruña, foron, obtiveron a puntuación necesaria para ser adxudicatarias do mesmo, en liña con este proxecto da Cidade das TIC.

Y también significa Ciudad de las TIC como polo tecnológico una apuesta por la proyección europea de la ciudad porque, como ciudad, aspiramos a ser un nodo tecnológico del noroeste peninsular, reforzando así la participación en redes europeas como la Misión Horizonte Europa 20-30. Sin ir más lejos, acabamos de conseguir un proyecto de carácter europeo, como la Locate, donde es una apuesta clara por la innovación, una apuesta por la innovación que en España significó que de todas las candidaturas presentadas a un proyecto ante la Comisión Europea, solo dos ciudades de toda España, Salamanca y A Coruña, fueron, obtuvieron la puntuación necesaria para ser adjudicatarias del mismo, en línea con este proyecto de la Ciudad de las TIC.

Hai un compromiso municipal claro, creo que ademais é algo no que hai un consenso bastante amplo, máis alá dos matices, as tonalidades, incluso as posicións partidarias que sempre poden ser entendido dentro dun orden.

Hay un compromiso municipal claro, creo que además es algo en lo que hay un consenso bastante amplio, más allá de los matices, las tonalidades, incluso las posiciones partidarias que siempre pueden ser entendido dentro de un orden.

O Concello da Coruña reafirma sempre a súa aposta e o seu compromiso como motor da transformación económica da cidade cun investimento de máis de 11 millóns de euros entre 2025 e 2028. Podemos decir —e así o ten expresado a nosa alcaldesa— que a Cidade das TIC, a aposta por un polo industrial e tecnolóxico representa unha aposta decidida tamén pola complementariedade nun modelo de cidade innovador, sustentable, dixital e xerador de oportunidades para a cidadanía. Estamos diante da tramitación en Pleno da aprobación do convenio de colaboración

El Ayuntamiento de A Coruña reafirma siempre su apuesta y su compromiso como motor de la transformación económica de la ciudad con una inversión de más de 11 millones de euros entre 2025 y 2028. Podemos decir —y así lo ha expresado nuestra alcaldesa— que la Ciudad de las TIC, la apuesta por un polo industrial y tecnológico representa una apuesta decidida también por la complementariedad en un modelo de ciudad innovador, sostenible, digital y generador de oportunidades para la ciudadanía. Estamos ante la tramitación en Pleno de la aprobación del convenio de

entre a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña. Quero recordar que na sesión celebrada o 6 de febreiro de 2025 polo Pleno deste concello xa se aprobou a revisión da Axenda Urbana do Concello da Coruña que no seu Plan de Acción recolle o desenvolvemento deste proxecto como unha actuación estratéxica. Quero recordar que se constituíu a Sociedade das TIC na que o Concello é socio maioritario cun 51 % constituíndose a través de escritura pública outorgada o 18 de marzo de 2025 e para avanzar na execución das actuacións previstas na Axenda Urbana é positivo —diría incluso necesario— a sinatura deste convenio, convenio que lle dá un impulso definitivo á Cidade das TIC, que se verá complementado con outros acordos con tódalas administracións. Cónstanos que hai interese por parte da Administración Autonómica e da Administración do Estado de aportar, impulsar e facer tamén deste espacio un espazo de oportunidade en términos económicos e cremos que o acordo e o aliñamento estratéxico entre a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña queda máis que de manifesto con este convenio, convenio que propón compromisos económicos, técnicos e administrativos por parte de ámbalas partes, cun importe orzamentario plurianual por importe total de 11.260.000 € neste período 2025-2028, establecendo a posibilidade de prórroga ata 4 anos adicionais.

colaboración entre la Universidad de A Coruña y el Ayuntamiento de A Coruña. Quiero recordar que en la sesión celebrada el 6 de febrero de 2025 por el Pleno de este ayuntamiento ya se aprobó la revisión de la Agenda Urbana del Ayuntamiento de A Coruña que en su Plan de Acción recoge el desarrollo de este proyecto como una actuación estratégica. Quiero recordar que se constituyó la Sociedad de las TIC en la que el Ayuntamiento es socio mayoritario con un 51 % constituyéndose a través de escritura pública otorgada el 18 de marzo de 2025 y para avanzar en la ejecución de las actuaciones previstas en la Agenda Urbana es positivo —diría incluso necesario— la firma de este convenio, convenio que le da un impulso definitivo a la Ciudad de las TIC, que se verá complementado con otros acuerdos con todas las administraciones. Nos consta que hay interés por parte de la Administración Autonómica y de la Administración del Estado de aportar, impulsar y hacer también de este espacio un espacio de oportunidad en términos económicos y creemos que el acuerdo y el alineamiento estratégico entre la Universidad de A Coruña y el Ayuntamiento de A Coruña queda más que de manifiesto con este convenio, convenio que propone compromisos económicos, técnicos y administrativos por parte de ambas partes, con un importe presupuestario plurianual por importe total de 11.260.000 € en este período 2025-2028, estableciendo la posibilidad de prórroga hasta 4 años adicionales.

A achega económica do Concello a dito convenio é a descrita, pero o obxecto é combinar a rehabilitación dos edificios cedidos á UDC coas obras de urbanización e de axardinamento exterior dos mesmos ata o límite dos viarios. Se faría nas seguintes anualidades: 2025: 500.000 € máis o canon correspondente ó exercicio 2025. O canon está establecido

La aportación económica del Ayuntamiento a dicho convenio es la descrita, pero el objeto es combinar la rehabilitación de los edificios cedidos a la UDC con las obras de urbanización y de ajardinamiento exterior de los mismos hasta el límite de los viarios. Se haría en las siguientes anualidades: 2025: 500.000 € más el canon correspondiente al

na concesión demanial que ten outorgado o Goberno de España a través do Ministerio de Defensa e, polo tanto, pasaría a facerse cargo o Concello da Coruña. No 2026, no 2027 e no 2028 se sufragarían as cantidades restantes tendo en conta as actuacións que ten que desenvolver a Universidade da Coruña en liña con este convenio.

ejercicio 2025. El canon está establecido en la concesión demanial que ha otorgado el Gobierno de España a través del Ministerio de Defensa y, por lo tanto, pasaría a hacerse cargo el Ayuntamiento de A Coruña. En 2026, en 2027 y en 2028 se sufragarían las cantidades restantes teniendo en cuenta las actuaciones que tiene que desarrollar a Universidad de A Coruña en línea con este convenio.

Cabe recordar que a Xunta de Goberno na súa sesión extraordinaria do 28 do pasado mes de maio adoptou o acordo de aprobar o texto e elevalo a Pleno, tendo en conta as anualidades referidas e tendo en conta todas as cuestións de carácter financieiro que veñen determinadas no convenio.

Cabe recordar que la Junta de Gobierno en su sesión extraordinaria del 28 del pasado mes de mayo adoptó el acuerdo de aprobar el texto y elevarlo a Pleno, teniendo en cuenta las anualidades referidas y teniendo en cuenta todas las cuestiones de carácter financiero que vienen determinadas en el convenio.

Tamén ó respecto disto cabe mencionar, porque non figura no informe proposta e ademais é unha matización importante feita por parte tanto da Universidade como da Intervención municipal, que no referido á transmisión do CSA cabe recordar que debe de decir —así consta xa na Secretaría Xeral do Pleno— que se procederá a impulsar a transmisión gratuíta, non... Faltaba unha palabra, o digo tamén para que quede constancia, porque decía: que procederá á transmisión gratuíta. Debe decir: que procederá a impulsar a transmisión gratuíta. Esto se refire a unha sociedade que xa está funcionando que é o primeiro embrión de desenvolvemento deste polo industrial e tecnolóxico que é o CSA, coa mercantil CSA, SL, da cal o Concello asumiría a posición da Universidade da Coruña e polo tanto pasaría a ter as participacións que tiña a Universidade da Coruña. Tamén é algo relevante.

También respecto a esto cabe mencionar, porque no figura en el informe propuesta y además es una matización importante hecha por parte tanto de la Universidad como de la Intervención municipal, que en lo referido a la transmisión del CSA cabe recordar que debe de decir —así consta ya en la Secretaría General del Pleno— que se procederá a impulsar la transmisión gratuita, no... Faltaba una palabra, lo digo también para que quede constancia, porque decía: que procederá a la transmisión gratuita. Debe decir: que procederá a impulsar la transmisión gratuita. Esto se refiere a una sociedad que ya está funcionando que es el primer embrión de desarrollo de este por el industrial y tecnológico que es el CSA, con la mercantil CSA, SL, de la cual el Ayuntamiento asumiría la posición de la Universidad de A Coruña y por lo tanto pasaría a tener las participaciones que tenía a Universidad de A Coruña. También es algo relevante.

O convenio, como decía antes, é unha oportunidade, é unha oportunidade entroncada dentro do marco da Axenda Urbana e tamén para reforzar a aposta

El convenio, como decía antes, es una oportunidad, es una oportunidad entroncada dentro del marco de la Agenda Urbana y también para reforzar la apuesta

pola dinamización económica. Cómpre salientar que o Concello da Coruña forma parte xa da Rede de Cidades Intelixentes na que ademais coordina o grupo de traballo relativo a goberno e economía intelixente, con cuestións tan relevantes como estratexia local do dato, marco esquema de interoperabilidade da cidade, territorio intelixente e os laboratorios de cidade e distrito de innovación.

por la dinamización económica. Hay que destacar que el Ayuntamiento de A Coruña forma parte ya de la Red de Ciudades Inteligentes en la que además coordina el grupo de trabajo relativo a gobierno y economía inteligente, con cuestiones tan relevantes como estrategia local del dato, marco esquema de interoperabilidad de la ciudad, territorio inteligente y los laboratorios de ciudad y distrito de innovación.

Xa por último, e para rematar, recordar o que se somete a Pleno: primeiro, a aprobación do convenio de colaboración entre as dúas institucións para impulso do proxecto da Cidade das TIC, o financiamento, os compromisos de ambas administracións e cabe recordar que todo isto está supeditado á transmisión da concesión demanial ó Concello da Coruña, concesión demanial que terá que efectivizar o Ministerio de Defensa a través do documento correspondente.

Ya por último, y para finalizar, recordar lo que se somete a Pleno: primero, la aprobación del convenio de colaboración entre las dos instituciones para impulso del proyecto de la Ciudad de las TIC, la financiación, los compromisos de ambas administraciones y cabe recordar que todo esto está supeditado a la transmisión de la concesión demanial al Ayuntamiento de A Coruña, concesión demanial que tendrá que efectivizar el Ministerio de Defensa a través del documento correspondiente.

Estamos diante dunha..., bueno, creo que de un paso relevante. Creo que estamos traballando na boa dirección, comenza a existir un notable interese por dinamizar este espacio e desde logo creo que temos que ser capaces de apostar por unha economía que teña pouca contaminación, que sea sustentable, que aposte por empregos de calidade e que permita á cidade dar un salto, tanto en términos de innovación, en términos tecnolóxicos e en términos industriais.

Estamos ante una..., bueno, creo que un paso relevante. Creo que estamos trabajando en la buena dirección, comienza a existir un notable interés por dinamizar este espacio y desde luego creo que tenemos que ser capaces de apostar por una economía que tenga poca contaminación, que sea sostenible, que apueste por empleos de calidad y que permita a la ciudad dar un salto, tanto en términos de innovación, en términos tecnológicos y en términos industriales.

Pedirlles —como non pode ser doutro xeito— o apoio para esta iniciativa sabendo que, máis alá dos matices, comparte creo que a inmensa maioría da Corporación a importancia de pular por darlle un dinamismo a este espacio que foi denominado Cidade das TIC e o cal permite ademais poñer en valor a todo o sector tecnolóxico que temos na Coruña e na área metropolitana. Hoxe somos a

Pedirles —como no puede ser de otro modo— el apoyo para esta iniciativa sabiendo que, más allá de los matices, comparte creo que la inmensa mayoría de la Corporación la importancia de luchar por darle un dinamismo a este espacio que fue denominado Ciudad de las TIC y lo cual permite además poner en valor a todo el sector tecnológico que tenemos en A Coruña y en el área metropolitana. Hoy

capital tecnolóxica de Galicia, creo que eso é indudable, creo que eso se veu reforzado despois, vouno decir así, creo que con toda humildade, pero con toda certeza, despois da xestión acadada pola nosa alcaldesa, pola Universidade, por tódalas empresas, por toda a Corporación, conseguindo que a AESIA se situara na cidade da Coruña como referencia. Eso creo que reforzou o sector TIC galego e o sector TIC galego no 52 % xa é coruñés, pero é galego, e polo tanto creo que temos que ser capaces de reforzar este sector sabendo que ten un impacto económico importante e, pois para que haxa benestar social primeiro hai que crear esa riqueza para poder despois redistribuíla e, polo tanto, pois unha sociedade que busca progreso económico e progreso social, pois debe de tamén apostar por crear empregos de calidade e altamente cualificados. Creo que esta é unha iniciativa que reforza nese sentido e tamén, para rematar, tamén reforza a aposta pola nosa universidade, unha universidade que, como saben, foi creada xunto coa Universidade de Vigo durante o Goberno de Fernando González Laxe, Presidencia da Xunta.

Creo que hoxe temos unha oportunidade, unha vez máis, de reforzar o compromiso coa Universidade da Coruña. Creo que estamos traballando na boa dirección e creo que reforzar as nosas institucións e as nosas apostas por dinamizar económica a cidade, a dinamización económica da cidade, creo que é algo no que poderíamos coincidir.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Comezamos o turno de debate. Polo BNG, señor Soto, ten a palabra.

Nadie cuestiona la relevancia de la Facultad de Medicina de la Universidad de Santiago, como nadie cuestiona la relevancia de la Facultad de Informática de la Universidade da Coruña por mucho que hoy haya estudios de Ingeniería Informática en las tres universidades gallegas, pero lo cierto es que hay escasez de médicos, por mucho que esa no sea la única causa que explique la progresiva degradación de nuestro sistema sanitario. Y lo cierto es que la USC ofertó en el último curso 403 plazas de ingreso frente a los más de 3.300 solicitantes. Como no deja de ser cierto también de que el Estado español tiene 17 comunidades autónomas y en cambio hay 36 centros públicos que ofertan esta titulación.

El BNG no quiere dejar el campo libre a una futura facultad privada de Medicina. Por esa razón votaremos a favor de esta moción. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para el Partido Popular, señor Lorenzo.

Señor Lorenzo Torres

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, señor Lage, tengo que decirlo y se lo voy a confesar, por primera vez estoy totalmente de acuerdo con su discurso, asumo casi, le diría que el 99 %, pero le quiero hacer una serie de apreciaciones al respecto.

Mire, yo le voy a contar una anécdota que

é certa e persoal. Eu dúas veces ao ano comía con Meilán Gil, cando xa estaba xubilado, e sempre me contaba moitas cousas porque era moi interesante escoitarlle —fora profesor meu—, escoitarlle como se montou toda a Universidade. Contoume o tema de Medicina, como quixo el implantar Medicina no seu momento, a facultade aquí, que bo, en Santiago púxose moi en contra, non na Xunta, e que entón el foi aos poucos, foi aos poucos. Falara co presidente da Xunta, o señor Fraga Iribarne, e que fose implantando Ciencias da Saúde, Enfermería, despois concedéronlle os doutoramentos a Ciencias da Saúde para que os médicos puidesen facerse doutores academicamente en Coruña e, e, que faltaban catro meses, catro meses para que esa facultade se instalase en Coruña cando el tivo que deixar o cargo, que estaba pactado tamén co señor Fraga Iribarne, naquel momento presidente da Xunta. Isto que lle conto é verídico.

es cierta y personal. Yo dos veces al año comía con Meilán Gil, cuando ya estaba jubilado, y siempre me contaba muchas cosas porque era muy interesante escucharle —había sido profesor mío—, escucharle cómo se había montado toda la Universidad. Me contó el tema de Medicina, cómo quiso él implantar Medicina en su momento, la facultad aquí, que bueno, en Santiago se puso muy en contra, no en la Xunta, y que entonces él fue poco a poco, fue poco a poco. Había hablado con el presidente de la Xunta, el señor Fraga Iribarne, y que fuera implantando Ciencias de la Salud, Enfermería, después le concedieron los doctorados a Ciencias de la Salud para que los médicos pudieran hacerse doctores académicamente en Coruña y, y, que faltaban cuatro meses, cuatro meses para que esa facultad se instalara en Coruña cuando él tuvo que dejar el cargo, que estaba pactado también con el señor Fraga Iribarne, a la sazón presidente de la Xunta. Esto que le cuento es verídico.

É verdade que se foi o señor Meilán Gil, tamén o señor Fraga Iribarne —a pesar de gañar as eleccións todos sabemos que gobernou o Bipartito— e por mor dese momento paralizouse todo este proxecto.

Es verdad que se fue el señor Meilán Gil, también el señor Fraga Iribarne —a pesar de ganar las elecciones todos sabemos que gobernó el Bipartito— y a raíz de ese momento se paralizó todo este proyecto.

Por iso tamén cando vostede... por que lle conto eu isto? Cóntollo porque parece que aquí que vostedes os socialistas sempre estiveron a pelexar pola Universidade de..., pola Facultade de Medicina e paralizouse xusto cando os socialistas chegaron ao Reitorado e cando chegou o Bipartito á Xunta de Galicia.

Por eso también cuando usted... ¿por qué le cuento yo esto? Se lo cuento porque parece que aquí que ustedes los socialistas siempre estuvieron peleando por la Universidad de..., por la Facultad de Medicina y se paralizó justo cuando los socialistas llegaron al Rectorado y cuando llegó el Bipartito a la Xunta de Galicia.

Pero bo, nós imos apoiar, por suposto, esta iniciativa, aínda que non nos gusten as formas. E voulle a dicir por que non me gustan as formas. Eu creo que esta moción debía ser presentada a todos os grupos políticos e asinada por todos os grupos políticos aquí presentes, non a

Pero bueno, nosotros vamos a apoyar, por supuesto, esta iniciativa, aunque no nos gusten las formas. Y le voy a decir por qué no me gustan las formas. Yo creo que esta moción debía ser presentada a todos los grupos políticos y firmada por todos los grupos políticos aquí presentes, no su

súa moción e que nós a aprobásemos, senón dos tres, que isto se pode facer igual que se fan as declaracións institucionais, porque os tres estamos de acordo no mesmo, pero vostedes, non só filtrárona á prensa o venres, senón que eu o martes recibín chamadas preguntándome que é o que ía facer respecto diso e tiña que contestar: non, mira, é que a min a moción aínda non ma entregaron, dous días antes do pleno.

moción y que nosotros la aprobáramos, sino de los tres, que esto se puede hacer igual que se hacen las declaraciones institucionales, porque los tres estamos de acuerdo en lo mismo, pero ustedes, no solo la filtraron a la prensa el viernes, sino que yo el martes recibí llamadas preguntándome qué es lo que iba a hacer al respecto y tenía que contestar: no, mira, es que a mí la moción aún no me la han entregado, dos días antes del pleno.

Entón, vostedes parece que pretenden arrogarse como que son os grandes defensores e aquí todos estamos metidos na mesma loita, e se tivesen un pouco de liderado político, a alcaldesa, por encima de todo está a cidade, e cando hai un tema de cidade onde todos estamos de acordo, as formas teñen que ser outras. Comprendo, comprendo que o diálogo é algo que vostedes non coñecen nin queren saber.

Entonces, ustedes parece que pretenden arrogarse como que son los grandes defensores y aquí todos estamos metidos en la misma lucha, y si tuvieran un poco de liderazgo político, la alcaldesa, por encima de todo está la ciudad, y cuando hay un tema de ciudad donde todos estamos de acuerdo, las formas tienen que ser otras. Comprendo, comprendo que el diálogo es algo que ustedes no conocen ni quieren saber.

Tampouco me gustaron as formas —xa digo— do Reitorado e de Santiago, non me gustan. Hai aí un acordo de 2015, por suposto que se pode superar, pero parece, tal como se expuxo a cousa respecto a que Santiago nomease uns profesores aquí en Coruña, meténdose a competencia, a autonomía da Universidade da Coruña e entón, por mor diso, pois pedimos unha facultade para A Coruña... Eu creo que isto é moito máis serio e é reivindicación histórica, e non pode aparentar que é unha rabiada porque así pode aparentar a quen fose, aínda que non o sexa.

Tampoco me gustaron las formas —ya digo— del Rectorado y de Santiago, no me gustan. Hay ahí un acuerdo de 2015, por supuesto que se puede superar, pero parece, tal como se planteó la cosa respecto a que Santiago nombrara unos profesores aquí en Coruña, metiéndose la competencia, la autonomía de la Universidad de La Coruña y entonces, a raíz de eso, pues pedimos una facultad para La Coruña... Yo creo que esto es mucho más serio y es reivindicación histórica, y no puede aparentar que es un berrinche porque así puede aparentar a quien fuera, aunque no lo sea.

Tamén me preocupa o financiamento, sobre todo nunha universidade como A Coruña que ten 13 millóns de déficit por culpa do anterior equipo reitor, onde o cales vostedes hoxe ao antigo reitor téñeno de parlamentario no Parlamento de Galicia, e deixou un déficit de 13 millóns, con grandes dificultades económicas para a Universidade. Iso

También me preocupa la financiación, sobre todo en una universidad como A Coruña que tiene 13 millones de déficit por culpa del anterior equipo rector, donde el cuales ustedes hoy al antiguo rector lo tienen de parlamentario en el Parlamento de Galicia, y dejó un déficit de 13 millones, con grandes dificultades económicas para la Universidad. Eso también me preocupa.

tamén me preocupa.

Pero xa digo, nós estivemos aí, imos estar aquí, imos pelexar xuntos todos para que a Universidade, para que a Facultade de Medicina se implante na Universidade da Coruña, pero digo: busquen outras formas, polo ben da cidade, porque por encima de todos nós, por encima dos partidos políticos e por encima das nosas liortas está a cidade, e isto é un tema de cidade que hai que saber xestionalo, e dubido que vostedes saiban facelo.

Pero ya digo, nosotros hemos estado ahí, vamos a estar aquí, vamos a pelear juntos todos para que la Universidad, para que la Facultad de Medicina se implante en la Universidad de La Coruña, pero digo: busquen otras formas, por el bien de la ciudad, porque por encima de todos nosotros, por encima de los partidos políticos y por encima de nuestras liortas está la ciudad, y esto es un tema de ciudad que hay que saber gestionarlo, y dudo que ustedes sepan hacerlo.

Moitísimas grazas, e xa lle digo, teñen todo o meu apoio.

Muchísimas gracias, y ya le digo, tienen todo mi apoyo.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lorenzo.

Muchas gracias, señor Lorenzo.

Procedemos á votación desta moción.

Procedemos a la votación de esta moción.

Votación da única moción do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

Votación de la única moción del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a única moción presentada polo Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, de apoio á implantación da titulación de Medicina na UDC, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la única moción presentada por el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE, de apoyo a la implantación de la titulación de Medicina en la UDC, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Presidencia

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

Gracias. Queda aprobada por unanimidad.

81. Moción do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE de apoio á implantación da titulación de medicina na UDC.

81. Moción del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE de apoyo a la implantación de la titulación de medicina en la UDC.

Acordo

Apoiar a implantación da titulación de Medicina na Universidade da Coruña, que contribuirá de forma decisiva a reforzar o sistema sanitario e académico de Galicia, desde o compromiso co servizo público e coa excelencia académica que caracteriza aos equipos humanos da Universidade e do CHUAC.

Acuerdo

Apoyar la implantación de la titulación de Medicina en la Universidade da Coruña, que contribuirá de forma decisiva a reforzar el sistema sanitario y académico de Galicia, desde el compromiso con el servicio público y con la excelencia académica que caracteriza a los equipos humanos de la Universidad y del CHUAC.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primeira. Moción relativa a programa municipal de incentivos para vivendas baleiras.

Primera. Moción relativa a programa municipal de incentivos para viviendas vacías.

Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE.

Intervencións

Intervenciones

Presidencia

Presidencia

Pasamos xa ás mocións do Partido Popular, a primeira delas relativa ao Programa municipal de incentivos para vivendas vacías. Consta unha emenda de substitución do Grupo Socialista co número de rexistro 46145 que é substituída pola de hoxe presentada, que é a 46327.

Pasamos ya a las mociones del Partido Popular, la primera de ellas relativa al Programa municipal de incentivos para viviendas vacías. Consta una enmienda de sustitución del Grupo Socialista con el número de registro 46145 que es sustituida por la de hoy presentada, que es la 46327.

Ten a palabra, señor Lorenzo.

Tiene la palabra, señor Lorenzo.

Ás dezasete horas e catro minutos saen do Salón de Sesións os señores Jorquera Casalas e Soto Díaz.

A las diecisiete horas y cuatro minutos salen del Salón de Sesiones los señores Jorquera Caselas y Soto Díaz.

Señor Lorenzo Torres

Señor Lorenzo Torres

Grazas, señora alcaldesa.

Ben, pois unha vez máis presentamos unha moción sobre un tema de vivenda, un tema que hoxe saíu moito neste pleno e que preocupa moito a todos os coruñeses, e unha vez máis, unha vez máis vemos que o Partido Socialista, no canto de presentar unha moción de adición, presenta unha moción de substitución. Eu, a min isto paréceme, xa digo, unha pouco falta de respecto político. Se vostedes queren presentar unha moción, fágana e debatémola, non se apropien vostedes das mocións que presenta o Partido Popular, que presentamos nós na nosa quenda, porque poden vostedes rexeitala se queren, xa digo, eu creo que isto vai en contra da cortesía mínima política que podemos ter neste pleno. E aínda que non sei ou descoñezo, ou non alcanzo a entender esa interpretación do Regulamento, creo que isto é un roubo dunha moción, un roubo, sobre todo dunha declaración que fai o Partido Popular que vostedes como non queren que se fale pois asumen e presentan unha de substitución que pactan cos seus socios de goberno. Dito isto, dito isto, o importante é do que imos falar, o importante é a vivenda e o importante é a situación da vivenda nesta cidade.

Temos un problema de vivenda, non houbo unha política de vivenda por parte deste goberno municipal. Eu non sei cal ha foi a súa política nestes últimos anos, pero estamos a esperar cinco anos polo acordo aquel de Conde de Fenosa para que se edificase en Xuxán, que puxeron o outro día a primeira pedra, e xa non digamos das vivendas do Sareb que ninguén sabe onde están. Pero, si que o que é certo é que hai 30.000 pisos baleiros, hai 30.000 pisos baleiros, e hai que preguntarse o porqué.

E, señora Avia, vostede dixo antes unha

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, pues una vez más presentamos una moción sobre un tema de vivienda, un tema que hoy salió mucho en este pleno y que preocupa mucho a todos los coruñeses, y una vez más, una vez más vemos que el Partido Socialista, en vez de presentar una moción de adición, presenta una moción de sustitución. Yo, a mí esto me parece, ya digo, una poco falta de respeto político. Si ustedes quieren presentar una moción, háganla y la debatimos, no se apropien ustedes de las mociones que presenta el Partido Popular, que presentamos nosotros en nuestro turno, porque pueden ustedes rechazarla si quieren, ya digo, yo creo que esto va en contra de la cortesía mínima política que podemos tener en este pleno. Y aunque no sé o desconozco, o no alcanzo a entender esa interpretación del Reglamento, creo que esto es un robo de una moción, un robo sobre todo de una declaración que hace el Partido Popular que ustedes como no quieren que se hable pues asumen y presentan una de sustitución que pactan con sus socios de gobierno. Dicho esto, dicho esto, lo importante es de lo que vamos a hablar, lo importante es la vivienda y lo importante es la situación de la vivienda en esta ciudad.

Tenemos un problema de vivienda, no ha habido una política de vivienda por parte de este gobierno municipal. Yo no sé cuál ha fue su política en estos últimos años, pero estamos esperando cinco años por el acuerdo aquel de Conde de Fenosa para que se edificara en Xuxán, que pusieron el otro día la primera piedra, y ya no digamos de las viviendas del Sareb que nadie sabe dónde están. Pero, sí que lo que es cierto es que hay 30.000 pisos vacíos, hay 30.000 pisos vacíos, y hay que preguntarse el porqué.

Y, señora Avia, usted dijo antes una cosa

cousa que lla vou a explicar. Non é que queiran especular unha familia que ten un piso comprado e alugado para ter, pois, se cadra, asegurada no futuro unha mellor pensión, calidade de vida ou uns ingresos, non retén o piso sen alugar por especular, reteno porque ten medo a alugar, porque fixeron unha lei de vivenda que desprotexe totalmente aos propietarios, que defende aos inquiokupas e estamos a ver día tras día noticias nos xornais de xente que pasa cinco e seis anos sen cobrar a renda, facéndose cargo da luz, da auga, que lle deixan os pisos esnaquizados, e aínda por riba ao final teñen que pagar ou lles piden diñeiro para que lles desaloxen o piso. Isto é unha realidade e isto é un medo, isto é un medo que hai nesta cidade e en toda Galicia. Estamos a falar só en Galicia máis de 500.000 pisos, 30.000 poden ser case da cidade da Coruña.

que se la voy a explicar. No es que quieran especular una familia que tiene un piso comprado y alquilado para tener, pues, a lo mejor, asegurada en el futuro una mejor pensión, calidad de vida o unos ingresos, no retiene el piso sin alquilar por especular, lo retiene porque tiene miedo a alquilar, porque han hecho una ley de vivienda que desprotege totalmente a los propietarios, que defiende a los inquiokupas y estamos viendo día tras día noticias en los periódicos de gente que pasa cinco y seis años sin cobrar la renta, haciéndose cargo de la luz, del agua, que le dejan los pisos destrozados, y aún por encima al final tienen que pagar o les piden dinero para que les desalojen el piso. Esto es una realidad y esto es un miedo, esto es un miedo que hay en esta ciudad y en toda Galicia. Estamos hablando solo en Galicia más de 500.000 pisos, 30.000 pueden ser casi de la ciudad de La Coruña.

Por iso é necesario políticas que conviden, que conviden, que conviden a alugar os pisos, que dean seguridade xurídica aos propietarios. E estao facendo a Xunta de Galicia a través do programa "Fogar vivo", dando axudas para reparación, reparar os pisos e se poñan en alugueiro, axudas para os seguros de falta de pagamento, pero tamén desde o grupo municipal —ou perdón— desde o Goberno municipal tamén se poden facer axudas como subvencións aos IBI ou tamén —perdón— bonificacións aos IBI ou subvencións a distintos programas de axudas á rehabilitación, mellora, adaptación, etcétera.

Por eso es necesario políticas que inviten, que inviten, que inviten a alquilar los pisos, que den seguridad jurídica a los propietarios. Y lo está haciendo la Xunta de Galicia a través del programa "Fogar vivo", dando ayudas para reparación, reparar los pisos y se pongan en alquiler, ayudas para los seguros de impago, pero también desde el grupo municipal —o perdón— desde el Gobierno municipal también se pueden hacer ayudas como subvenciones a los IBI o también —perdón— bonificaciones a los IBI o subvenciones a distintos programas de ayudas a la rehabilitación, mejora, adaptación, etcétera.

Dito isto, vostedes falan tamén aquí do Plan Rexurbe. Mire, eu estou de acordo con vostedes de que si sempre que sexa pedir diñeiro que a Xunta invista máis en Coruña, pois, eu vou apoialo, pero quérolle dicir dúas cousas: o Plan Rexurbe é un plan que no ano 2020 A Coruña non se sumou a ese plan, no 2021

Dicho esto, ustedes hablan también aquí del Plan Rexurbe. Mire, yo estoy de acuerdo con ustedes de que sí siempre que sea pedir dinero que la Xunta invierta más en Coruña, pues, yo voy a apoyarlo, pero le quiero decir dos cosas: el Plan Rexurbe es un plan que en el año 2020 La Coruña no se sumó a ese plan, en el 2021 sí que hubo

si que houbo dous edificios e o 2022, que tamén estaba A Coruña dentro do Plan Rexurbe, tampouco se sumou a ese plan. Non é unha cuestión de que dean ou máis diñeiro, é cuestión de que hai que buscar xente que venda esas propiedades para que se poidan rehabilitar, que é o que ten o Plan Rexurbe. Entón, non boten a culpa á falta de vivenda nesta cidade ao Plan Rexurbe cando a falta de vivenda é debido exclusivamente ás malas políticas nacionais e á mala política de vivenda que tivo sempre este goberno municipal.

dos edificios y el 2022, que también estaba La Coruña dentro del Plan Rexurbe, tampoco se sumó a ese plan. No es una cuestión de que den o más dinero, es cuestión de que hay que buscar gente que venda esas propiedades para que se puedan rehabilitar, que es lo que tiene el Plan Rexurbe. Entonces, no echen la culpa a la falta de vivienda en esta ciudad al Plan Rexurbe cuando la falta de vivienda es debido exclusivamente a las malas políticas nacionales y a la mala política de vivienda que tuvo siempre este gobierno municipal.

E logo, respecto a adoptar medidas, a adoptar medidas como **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *digo nesta moción, que xa están pensadas para o de zona tensionada non me vou a opoñer, pero voullo dicir moi claro: para esa viaxe non lle fan falta estas alforxas. Esas medidas que vostedes falan no Plan de Zona Residencial Tensionada podíanse tomar sen intervir os mercados, como queren facer vostedes co mercado do alugueiro. Non son necesarios declarar zona tensionada para que tomen vostedes esas medidas. O que pasa é que levan vostedes seis anos de atraso para tomar estas medidas, e o problema da vivenda non o había hai seis anos, pero desde hai sete anos que gobernan en Madrid, o Partido Socialista, e desde hai seis anos que gobernan na Coruña este goberno, este problema é o primeiro que teñen neste momento os coruñeses. Fáganse vostedes unha reflexión de por que chegamos ata aquí, e como di vostede,* ao mellor ten agochar a cabeza *cando vexa o porque, o porque das súas políticas, onde nos levaron.*

Y luego, respecto a adoptar medidas, a adoptar medidas como ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** como digo en esta moción, que ya están pensadas para lo de zona tensionada no me voy a oponer, pero se lo voy a decir muy claro: para ese viaje no le hacen falta estas alforjas. Esas medidas que ustedes hablan en el Plan de Zona Residencial Tensionada se podían haber tomado sin intervenir los mercados, como quieren hacer ustedes con el mercado del alquiler. No son necesarios declarar zona tensionada para que tomen ustedes esas medidas. Lo que pasa es que llevan ustedes seis años de retraso para tomar estas medidas, y el problema de la vivienda no lo había hace seis años, pero desde hace siete años que gobiernan en Madrid, el Partido Socialista, y desde hace seis años que gobiernan en La Coruña este gobierno, este problema es el primero que tienen en este momento los coruñeses. Háganse ustedes una reflexión de por qué hemos llegado hasta aquí, y como dice usted, *a lo mejor tiene que agachar la cabeza* cando vea o porqué, o porqué de sus políticas, a donde nos han llevado.

Moitísimas grazas pola súa atención.

Muchísimas gracias por su atención.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señor Lorenzo.

Gracias, señor Lorenzo.

Non é a señora Avia, é a señora Veira, pero, bueno, tampouco é La Coruña é A Coruña, pero xa está.

No es la señora Avia, es la señora Veira, pero, bueno, tampoco es La Coruña es A Coruña, pero ya está.

Señora Veira, ten a palabra.

Señora Veira, tiene la palabra.

Señor Soto pode pasar.

Señor Soto puede pasar.

Ás dezasete horas e dez minutos entra no Salón de Sesións o señor Soto Díaz.

A las diecisiete horas y diez minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Soto Díaz.

Señora Veira González

Señora Veira González

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Ben, por onde comezamos?. Ben, eu creo que pola motivación real desta moción, e esta moción tráena vostedes aquí por unha necesidade política e ideolóxica de apartarse da declaración de zona tensionada aprobada pola Xunta de Galiza. E imos entrar a analizar a moción porque non hai por onde collela, señor Lorenzo, que eu o escoitei con bastante atención.

Bien, ¿por dónde comenzamos? Bien, yo creo que por la motivación real de esta moción, y esta moción la traen ustedes aquí por una necesidad política e ideológica de apartarse de la declaración de zona tensionada aprobada por la Xunta de Galicia. Y vamos a entrar a analizar la moción porque no hay por donde cogerla, señor Lorenzo, que yo le escuche con bastante atención.

Miren, a moción está chea de incorreccións, mentiras, imprecisións e politicamente infumable, xa llo digo. Segundo vostedes hai 30.000 vivendas baleiras na cidade, segundo o INE. Non, mire, o INE di que hai algo máis de 20.000 vivendas baleiras. Vale, xa empezamos pola primeira imprecisión.

Miren, la moción está llena de incorrecciones, mentiras, imprecisiones y políticamente infumable, ya se lo digo. Según ustedes hay 30.000 viviendas vacías en la ciudad, según el INE. No, mire, el INE dice que hay algo más de 20.000 viviendas vacías. Vale, ya empezamos por la primera imprecisión.

Propoñen vostedes con esta moción implementar bonificacións no IBI. Supóñome que non lles leu a moción ao señor Coira, que foi concelleiro de Facenda nesta cidade, porque el xa lles tería contado, porque o ha de saber, que un concello pola súa conta non pode implementar bonificacións *random*, as que se lle ocorra. As bonificacións e os recargos que un concello pode facer sobre o IBI veñen recollidas na Lei reguladora de facendas locais, non nos podemos inventar unha bonificación nin un

Proponen ustedes con esta moción implementar bonificaciones en el IBI. Me supongo que no les leyó la moción al señor Coira, que fue concejal de Hacienda en esta ciudad, porque él ya les habría contado, que lo ha de saber, que un ayuntamiento por su cuenta no puede implementar bonificaciones varias, las que se le ocurra. Las bonificaciones y los recargos que un ayuntamiento puede hacer sobre el IBI vienen recogidas en la Ley reguladora de haciendas locales, no nos podemos inventar una bonificación ni un

recargo, ogallá, pero non podemos. Entón, o que si di, efectivamente, a Lei reguladora de facendas locais é que se pode recargar o IBI ás vivendas baleiras, cousa que xa está recollido na Ordenanza desta cidade.

recargo, ojalá, pero no podemos. Entonces, lo que sí dice, efectivamente, la Ley reguladora de haciendas locales es que se puede recargar el IBI a las viviendas vacías, cosa que ya está recogido en la Ordenanza de esta ciudad.

Segundo vostedes, a retención de vivendas baleiras soluciónase financiando aos que as reteñen. Estupendo, esa é a súa proposta.

Según ustedes, la retención de viviendas vacías se soluciona financiando a los que las retienen. Estupendo, esa es su propuesta.

Falan vostedes de inseguridade xurídica ao arrendador. Cren de verdade vostedes que ese é o motivo polo que non se mobiliza a vivenda baleira desde hai anos e anos, e anos na nosa cidade moito antes de que entrase en vigor a Lei actual de vivenda?

Hablan ustedes de inseguridad jurídica al arrendador. ¿Creen de verdad ustedes que ese es el motivo por el que no se moviliza la vivienda vacía desde hace años y años, y años en nuestra ciudad mucho antes de que entrara en vigor a Ley actual de vivienda?

Están vostedes propoñendo con esta moción que se lle subvencione porque si, de moca, a elaboración de certificados de eficiencia enerxética que son obrigatorios, a contratación dos seguros de impago que hoxe en día —doulles unha primicia— non os están pagando precisamente os propietarios, eh?, que os paga a xente que está alugada. Perdoen que lles diga, non sei se coñecen algunha persoa que estea alugada, pero o 90 % das persoas alugadas pagan o seguro de impagamento. Pero, miren, se lle parece tamén, non sei que lles parecería, tamén subvencionamos a porcentaxe que cobran as inmobiliarias por ensinar os pisos. É que de verdade, é un despropósito esta moción.

Están ustedes proponiendo con esta moción que se le subvencione porque sí, de moca, la elaboración de certificados de eficiencia energética que son obligatorios, la contratación de los seguros de impago que hoy en día —les doy una primicia— no los están pagando precisamente los propietarios, ¿eh?, que los paga la gente que está alquilada. Perdonen que se lo diga, no sé si conocen alguna persona que esté alquilada, pero el 90 % de las personas alquiladas pagan el seguro de impago. Pero, miren, si le parece también, no sé qué les parecería, también subvencionamos el porcentaje que cobran las inmobiliarias por enseñar los pisos. Es que de verdad, es un despropósito esta moción.

E despois que?, despois de subvencionar todo isto que? Poñemos equis millóns de euros de todas as coruñesas e coruñeses para que despois os propietarios poidan alugalos a que prezo? Porque vosotros, vostedes nin sequera propoñen aquí, oiga, a cambio dun aluguer taxado. Bueno, pois podiamos empezar a falar, pero vostedes non, subvención a fondo perdido. Cal é o retorno social deste programa que

Y después ¿qué?, después de subvencionar todo esto ¿qué? Ponemos equis millones de euros de todas las coruñesas y coruñeses para que después los propietarios puedan alquilarlos ¿a qué precio? Porque vosotros, ustedes ni siquiera proponen aquí, oiga, a cambio de un alquiler tasado. Bueno, pues podíamos empezar a hablar, pero ustedes no, subvención a fondo perdido ¿Cuál es el retorno social de este

vostedes propoñen para A Coruña? E, ademais, dicen que sexan compatibles estas axudas coas doutras administracións. A ver se en realidade o que pretenden é que o Concello da Coruña suplemente os seus míseros 5,7 millóns de euros para toda Galiza destinados ao programa "Fogar Vivo", que non é máis que unha copia e reedición do programa "Realuga".

programa que ustedes proponen para A Coruña? Y, además, dicen que sean compatibles estas ayudas con las de otras administraciones. A ver si en realidad lo que pretenden es que el Ayuntamiento de A Coruña suplemente sus míseros 5,7 millones de euros para toda Galicia destinados al programa "Fogar Vivo", que no es más que una copia y reedición del programa "Realuga".

Así, eu creo que o que pretenden é que os propietarios teñan un petisquiño de aquí outro de aló e, ala, queda o piso niquelado. Pero, miren, é que tampouco especifican minimamente con que condicións se podería acceder a estas subvencións. Se teño sete pisos alugados e un baleiro, podo acceder a esta subvención? Importa a renda para acceder a esta subvención? Porque ben podería darlle a gana a algún que ten o piso alugado de botar o que ten dentro, telo uns meses baleiro e despois, ala, veña, a vivir, a amañalo con cartos públicos e a vivir, porque iso é o que pretenden que se impulsen, paguitas para os propietarios, fose quen fose o propietario, iso é o que propón o Partido Popular con esta moción.

Así, yo creo que lo que pretenden es que los propietarios tengan un pellizquito de aquí otro de allá y, hala, queda el piso niquelado. Pero, miren, es que tampoco especifican mínimamente con qué condiciones se podría acceder a estas subvenciones. Si tengo siete pisos alquilados y uno vacío ¿puedo acceder a esta subvención? ¿Importa la renta para acceder a esta subvención? Porque bien podría darle la gana a alguno que tiene el piso alquilado de echar al que tiene dentro, tenerlo unos meses vacío y después, hala, venga, a vivir, a arreglarlo con dinero público y a vivir, porque eso es lo que pretenden que se impulsen, paguitas para los propietarios, fuera quien fuera el propietario, eso es lo que propone el Partido Popular con esta moción.

Pero miren, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato xa—está ben que agora veñan preocuparse pola situación da vivenda na cidade da Coruña, pero tápense as vergonzas: recortes de 1.800 millóns de euros en 15 anos en políticas de vivenda —sen ese recorte teriamos outro escenario—; 40 vivendas na cidade en 15 anos; o edificio do Rexurbe de Santo André caendo por anacos agardando que vostedes liciten e paguen as taxas para que se lle conceda a licenza, e para o edificio de Santa María aínda non, aínda non solicitaron licenza. Ese é o éxito do programa "Rexurbe", señor Lorenzo. E permiten nesta cidade —non me vou a esquecer e remato con

*Pero, miren, **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —finalizo ya— está bien que ahora vengan a preocuparse por la situación de la vivienda en la ciudad de A Coruña, pero tápense las vergüenzas: recortes de 1.800 millones de euros en 15 años en políticas de vivienda —sin ese recorte tendríamos otro escenario—; 40 viviendas en la ciudad en 15 años; el edificio del Rexurbe de San Andrés cayendo por trozos esperando que ustedes liciten y paguen las tasas para que se le conceda la licencia, y para el edificio de Santa María todavía no, todavía no solicitaron licencia. Ese es el éxito del programa "Rexurbe", señor Lorenzo. Y permiten en esta ciudad —no me voy a*

isto— que uns xestores dunha cooperativa incumpran as condicións económicas coas que accederon a un soar que é de todas as galegas e de todos os galegos para construír vivenda asumíbel que non van ser tal. Tápense as vergonzas, señoras e señores do Partido Popular.

Non imos votar a favor da súa moción, imos votar a favor da emenda do Partido Socialista. Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Señor Díaz, ten a palabra.

Ás dezasete horas e dezaseis minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

Señor Díaz Gallego

Grazas, señora alcaldesa.

Señor, Lorenzo, o porqué da substitución da emenda eu creo que é claro, tamén o comentou a señora Veira. Vostedes expoñen aquí unha moción con bonificacións en impostos municipais como o IBI, que xa se lles explicou que non é posible, e con axudas para o fomento do alugueiro despois deses pisos sen ningún tipo de contraprestación nin ningún tipo de límite a ese alugueiro futuro. Pódeselle dar unha axuda ao alugueiro a unha persoa que teña un piso no centro da cidade e que despois o alugue por 3.000 € ao mes, porque segundo vostedes a axuda non leva consigo ningunha contraprestación nin ningún beneficio para aqueles coruñeses que necesitan vivenda nesta cidade. Precisamente por ese motivo, nós na emenda de substitución, bo, mantemos esa idea das axudas, pero incorporámolas á bolsa das vivendas

olvidar y termino con esto— que unos gestores de una cooperativa incumplan las condiciones económicas con las que accedieron a un solar que es de todas las gallegas y de todos los gallegos para construir vivienda asumible que no van a ser tal. Tápense las vergüenzas, señoras y señores del Partido Popular.

No vamos a votar a favor de su moción, vamos a votar a favor de la enmienda del Partido Socialista. Nada más.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Señor Díaz, tiene la palabra.

A las diecisiete horas y dieciséis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Señor Díaz Gallego

Gracias, señora alcaldesa.

Señor, Lorenzo, el porqué de la substitución de la enmienda yo creo que es claro, también lo ha comentado la señora Veira. Ustedes plantean aquí una moción con bonificaciones en impuestos municipales como el IBI, que ya se les explicó que no es posible, y con ayudas para el fomento del alquiler después de esos pisos sin ningún tipo de contraprestación ni ningún tipo de límite a ese alquiler futuro. Se le puede dar una ayuda al alquiler a una persona que tenga un piso en el centro de la ciudad y que después lo alquile por 3.000 € al mes, porque según ustedes la ayuda no conlleva ninguna contraprestación ni ningún beneficio para aquellos coruñeses que necesitan vivienda en esta ciudad. Precisamente por ese motivo, nosotros en la enmienda de substitución, bueno, mantenemos esa idea de las ayudas, pero las incorporamos a la bolsa de las viviendas

municipais de EMVSA, que polo menos aquelas vivendas que obteñan unha subvención municipal se aluguen a un prezo razoable que permita que a xente non se teña que ir da nosa cidade. É que o contrario é un fraude. O que se poña vivenda baleira en alugueiro a prezos estratosféricos non beneficia a ninguén, e aínda encima con subvencións municipais.

municipales de EMVSA, que por lo menos aquellas viviendas que obtengan una subvención municipal se alquilen a un precio razonable que permita que la gente no se tenga que ir de nuestra ciudad. Es que lo contrario es un fraude. El que se ponga vivienda vacía en alquiler a precios estratosféricos no beneficia a nadie, y aún encima con subvenciones municipales.

En todo caso, tamén, volvo dicir o mesmo que na anterior intervención en materia de vivenda, teñen bastante papo vostedes falando de política de vivenda. Di aquí que neste goberno non houbo política de vivenda, pode dicir que non houbo política de vivenda que lles guste a vostedes ou pode dicir que non houbo política de vivenda que consideren válida, pero dicir que non houbo política de vivenda… Construción de vivenda pública por primeira vez en décadas nesta cidade, cesión de parcelas ao IGVS para que poida construír vivenda pública, cesión de superficie a 50 anos a cooperativas, declaración de zona tensionada, ordenanza VUT, EMVSA por fin é unha empresa municipal de vivendas, que a "V" non era de vivendas ata hai un ano, o plan de ruínas, desenvolvemento de polígonos como Visma cunha porcentaxe de VPO próximo ao 30 %, apoio ás licenzas e axilización das licenzas de VPO, levamos preto de 1.000 licenzas de VPO no que vai de mandato. Iso é política de vivenda.

En todo caso, también, vuelvo a decir lo mismo que en la anterior intervención en materia de vivienda, tienen bastante papo ustedes hablando de política de vivienda. Dice aquí que en este gobierno no ha habido política de vivienda, puede decir que no ha habido política de vivienda que les guste a ustedes o puede decir que no ha habido política de vivienda que consideren válida, pero decir que no ha habido política de vivienda… Construcción de vivienda pública por primera vez en décadas en esta ciudad, cesión de parcelas al IGVS para que pueda construir vivienda pública, cesión de superficie a 50 años a cooperativas, declaración de zona tensionada, ordenanza VUT, EMVSA por fin es una empresa municipal de viviendas, que la "V" no era de viviendas hasta hace un año, el plan de ruinas, desarrollo de polígonos como Visma con un porcentaje de VPO cercano al 30 %, apoyo a las licencias y agilización de las licencias de VPO, llevamos cerca de 1.000 licencias de VPO en lo que va de mandato. Eso es política de vivienda.

A política de vivenda do Partido Popular, xa llo dixen na anterior intervención, de 2009 a 2023: 40 vivendas públicas. Entón, eu non sei que leccións veñen dar vostedes aquí de política de vivenda, é que o teñen moi complicado. Recoñézolles como lle dixen no pleno anterior que no último ano están a poñerse as pilas, recoñézollo, están de verdade impulsando vivenda pública por fin na cidade, pero os anos anteriores do

La política de vivienda del Partido Popular, ya se lo dije en la anterior intervención, de 2009 a 2023: 40 viviendas públicas. Entonces, yo no sé qué lecciones vienen a dar ustedes aquí de política de vivienda, es que lo tienen muy complicado. Les reconozco como le dije en el pleno anterior que en el último año se están poniendo las pilas, se lo reconozco, están de verdad impulsando vivienda pública por fin en la ciudad, pero los años anteriores del señor

señor Feijóo, desde logo, 40 vivendas, é a cifra. Se iso é política de vivenda, desde logo, que baixe Deus e o vexa.

Feijoo, desde luego, 40 viviendas, es la cifra. Si eso es política de vivienda, desde luego, que baje Dios y lo vea.

E voulle a explicar que é o Programa de Rexurbe, porque menciona vostede que o programa "Rexurbe" non funcionou, coma se fose unha cousa do Concello. O programa "Rexurbe" é un programa da Xunta, no ano 2020 a Xunta decide unilateralmente sacar unha convocatoria para comprar edificios na zona Rexurbe da Coruña sen contar co Concello, e estaban avisados. Obviamente, se fan a convocatoria sen contar co concello, sen saber que edificios podes ter dispoñibles para adquirir, pasa o que pasa, que é que adquiriron cero edificios. No ano 21 chámannos, levantan o teléfono e din: oia, díganme vostedes que edificios serían susceptibles de que chamásemos para comprar, e, efectivamente, conseguimos 10 edificios dos cales ó final por problemas varios de propiedade conseguen comprar dous, pero por fin conseguiron comprar edificios porque colaboraron e chamaron a quen de verdade coñecemos o territorio, que somos o Concello. E no 22 decidiron non volver chamar. O teléfono está aí, volvan chamar, eu doulles unha lista de todos aqueles edificios con expediente de ruínas e con titularidades diversas que poden chamar para comprar, pero a realidade é que eses dous que adquiriron no ano 21, como dicía a señora Veira, un está pendente a licenza de que paguen vostedes a taxa e o outro aínda non sabemos nada do proxecto. Se esa é a axilización da política de vivenda da Xunta de Galicia, meu Deus, pódenos coller a todos, vamos, todos calvos.

Y le voy a explicar que es el Programa de Rexurbe, porque menciona usted que el programa "Rexurbe" no ha funcionado, como si fuese una cosa del Ayuntamiento. El programa "Rexurbe" es un programa de la Xunta, en el año 2020 la Xunta decide unilateralmente sacar una convocatoria para comprar edificios en la zona Rexurbe de A Coruña sin contar con el Ayuntamiento, y estaban avisados. Obviamente, si hacen la convocatoria sin contar con el ayuntamiento, sin saber qué edificios puedes tener disponibles para adquirir, pasa lo que pasa, que es que adquirieron cero edificios. En el año 21 nos llaman, levantan el teléfono y dicen: oiga, díganme ustedes qué edificios serían susceptibles de que llamásemos para comprar, y, efectivamente, conseguimos 10 edificios de los cuales al final por problemas varios de propiedad consiguen comprar dos, pero por fin consiguieron comprar edificios porque colaboraron y llamaron a quienes de verdad conocemos el territorio, que somos el Ayuntamiento. Y en el 22 decidieron no volver a llamar. El teléfono está ahí, vuelvan a llamar, yo les doy una lista de todos aquellos edificios con expediente de ruinas y con titularidades diversas que pueden llamar para comprar, pero la realidad es que esos dos que adquirieron en el año 21, como decía la señora Veira, uno está pendiente la licencia de que paguen ustedes la tasa y el otro aún no sabemos nada del proyecto. Si esa es la agilización de la política de vivienda de la Xunta de Galicia, Dios mío, nos puede coger a todos, vamos, todos calvos.

Así que, por favor, eu creo que deberían ter vostedes un pouco máis de vergoña toureira cando veñen aquí a falar de política de vivenda, porque desde logo, os datos e a política de vivenda

Así que, por favor, yo creo que deberían tener ustedes un poco más de vergüenza torera cuando vienen aquí a hablar de política de vivienda, porque desde luego, los datos y la política de vivienda

implementada pola Xunta de Galicia nos últimos anos foi tremendamente mellorable, esas 40 vivendas únicas e exclusivas de vivenda pública que se construíron, que aínda por riba falamos de 2009 a 2023, pero é que se inauguraron no 2023 Ou sexa, que poderiamos dicir que de 2009 a 2022 houbo cero vivendas públicas na cidade da Coruña, e están vostedes aquí como para darnos leccións.

implementada por la Xunta de Galicia en los últimos años ha sido tremendamente mejorable, esas 40 viviendas únicas y exclusivas de vivienda pública que se construyeron, que aún encima hablamos de 2009 a 2023, pero es que se inauguraron en 2023. O sea, que podríamos decir que de 2009 a 2022 hubo cero viviendas públicas en la ciudad de A Coruña, y están ustedes aquí como para darnos lecciones.

Esa é a idea da nosa emenda, a idea da nosa emenda é esa, a de buscar esa contraprestación que se o Concello como administración, que ademais é a única que está a dar subvencións neste momento, porque a Xunta de Galicia decidiu non meter diñeiro no plan estatal este ano, pois, que esas subvencións teñan unha contraprestación que sexa que se alugue a un prezo alcanzable e se permita que se acceda a unha vivenda en alugueiro por persoas que non poidan adquirila ou chegar a ela, vamos, e que se está tendo que ir a outros municipios limítrofes.

Esa es la idea de nuestra enmienda, la idea de nuestra enmienda es esa, la de buscar esa contraprestación que si el Ayuntamiento como administración, que además es la única que está dando subvenciones en este momento, porque la Xunta de Galicia ha decidido no meter dinero en el plan estatal este año, pues, que esas subvenciones tengan una contraprestación que sea que se alquile a un precio asequible y se permita que se acceda a una vivienda en alquiler por personas que no puedan adquirirla o llegar a ella, vamos, y que se está teniendo que ir a otros municipios limítrofes.

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz.

Muchas gracias, señor Díaz.

Non aceptada a emenda de substitución presentada polo Grupo Socialista, vaise votar esta en primeiro lugar e de non prosperar se votará a moción como vén sendo habitual.

No aceptada la enmienda de sustitución presentada por el Grupo Socialista, se va a votar esta en primer lugar y de no prosperar se votará la moción como viene siendo habitual.

Votación da emenda do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE á primeira moción do Grupo municipal do Partido Popular

Votación de la enmienda del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE a la primera moción del Grupo municipal del Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE á primeira moción do Grupo municipal do

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE a la primera moción del Grupo

Partido Popular, relativa a programa municipal de incentivos para vivendas baleiras, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Moitas grazas, pois queda aprobada así a moción.

82. Moción do Grupo municipal do Partido Popular emendada polo Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE relativa a programa municipal de incentivos para vivendas baleiras.

Acordo

A Corporación local da Coruña acorda:

Instar o Goberno municipal a:

- Aumentar o número de inmobles que integran o banco de vivendas da Empresa Municipal de Vivendas, Servizos e Actividades (EMVSA), para así favorecer que se incremente o parque municipal de vivendas en réxime de alugueiro a prezo accesible.

- Favorecer a inclusión de vivendas baleiras na bolsa de EMVSA, a través de diferentes vías a estudar, como as axudas á rehabilitación ou a subvención de seguros de impago, para poñer no mercado vivendas baleiras en réxime de alugueiro a prezo accesible e así aumentar a oferta entre a veciñanza da Coruña.

municipal del Partido Popular, relativa a programa municipal de incentivos para viviendas vacías, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)

Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

Presidencia

Muchas gracias, pues queda aprobada así la moción.

82. Moción del Grupo municipal del Partido Popular emendada por el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE relativa a programa municipal de incentivos para viviendas vacías.

Acuerdo

La Corporación local de A Coruña acuerda:

Instar al Gobierno municipal a:

- Aumentar el número de inmuebles que integran el banco de viviendas de la Empresa Municipal de Viviendas, Servicios y Actividades (EMVSA), para así favorecer que se incremente el parque municipal de viviendas en régimen de alquiler a precio accesible.

- Favorecer la inclusión de viviendas vacías en la bolsa de EMVSA, a través de diferentes vías a estudiar, como las ayudas a la rehabilitación o la subvención de seguros de impago, para poner en el mercado viviendas vacías en régimen de alquiler a precio accesible y así aumentar la oferta entre el vecindario de A Coruña.

- Implantar as medidas incluídas no programa de medidas para a declaración da Zona de Mercado Residencial Tensionado.

Instar a Xunta de Galicia a:

- Que, como administración competente en materia de vivenda, inicie as obras de rehabilitación dos edificios situados en Santa María, 6, e San Andrés, 88, e incremente os fondos destinados ao plan Rexurbe na cidade para adquirir máis inmobles abandonados no ámbito PEPRI e así conseguir poñer no mercado vivendas ata o de agora baleiras.

Segunda. Moción relativa a promoción do comercio local.

Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Intervencións

Presidencia

Pasamos xa á segunda das mocións relativa á promoción do comercio local.

Señora No, ten a palabra.

Ás dezasete horas e vinte e un minutos saen do Salón de Sesións os señores Amado de la Fuente e Castro Prado, e a señora Neira Fernández.

Señora No Varela

Boas tardes a todos os membros do Pleno, ás persoas que nos están escoitando en directo e en especial ao sector do comercio.

O Goberno de Inés Rey está de rebaixas, como nos escaparates, si, de rebaixas, pero nos orzamentos municipais. En

- Implantar las medidas incluidas en el programa de medidas para la declaración de la Zona de Mercado Residencial Tensionado.

Instar a la Xunta de Galicia a:

O primeiro dos rogos, reitero o que dixo o señor Jorquera, teño as fotos dos bancos que el estaba comentando na rúa avenida de Rafael Bárez e avenida da Concordia.

Décimo terceiro. Rogo oral relativo ao barrio do Castrillón (I).

Rogo oral relativo tamén ao barrio do Castrillón.

Presentouse xa neste pleno con anterioridade a caída dun sinal á altura do polideportivo e aínda non se arranxou. Os veciños puxeron flores, utilizándoo como floreiro para non tropezar e evitar caídas. Entón, rogamos ao Goberno municipal que dea as ordes oportunas e se proceda ao arranxo da mesma.

Grazas.

personas con algún tipo de discapacidad. Resulta que el bordillo de la acera no está rebajado, con lo cual el acceso a los vehículos adaptados o la salida del mismo de las personas usuarias tienen que realizarlo al final de la manzana por el paso de peatones. Esto se refleja en las fotografías que van incluidas en este ruego. Entonces rogamos que a la mayor brevedad posible actúen en esa zona y hagan el rebaje correspondiente al bordillo para que puedan accederse directamente por las personas con algún tipo de discapacidad a los vehículos adaptados desde esa plaza de aparcamiento.

Muchas gracias.

Décimo segundo. Ruego oral relativo al barrio del Castrillón (II).

Señora Fariñas Andón

Ruego oral relativo al barrio del Castrillón.

El primero de los ruegos, reitero lo que dijo el señor Jorquera, tengo las fotos de los bancos que el estaba comentando en la calle avenida de Rafael Bárez y avenida de la Concordia.

Décimo tercero. Ruego oral relativo al barrio del Castrillón (I).

Ruego oral relativo también al barrio del Castrillón.

Se ha presentado ya en este pleno con anterioridad la caída de una señal a la altura del polideportivo y todavía no se ha arreglado. Los vecinos han puesto flores, utilizándolo como florero para no tropezar y evitar caídas. Entonces, rogamos al Gobierno municipal que dé las órdenes oportunas y se proceda al arreglo de la misma.

Gracias.

Décimo cuarto. Rogo oral relativo ás bibliotecas municipais.

Señor Coira Andrade

Rogo oral relativo ás bibliotecas municipais.

Na biblioteca de Os Rosales aumentan máis rápido, cada ano, o número de novas pingueiras, que o de novos libros. Os usuarios das bibliotecas quéixanse con frecuencia, ademais de por algunha que outra pingueira, da nula adquisición de libro novo e actual. Este ano din que non se adquiriu ningún.

Por todo iso, o Grupo municipal do Partido Popular roga que Inés Rey solicite ao Servizo de Bibliotecas a actualización permanente dos fondos para que os usuarios poidan acceder ás últimas edicións nas bibliotecas municipais e así poder gozar de novas lecturas.

Ao mesmo tempo rogamos a Inés Rey que realice as xestións pertinentes ante os servizos municipais para que se eliminen as pingueiras existentes na biblioteca de Os Rosales.

Moitas grazas.

Décimo cuarto. Ruego oral relativo a las bibliotecas municipales.

Señor Coira Andrade

Ruego oral relativo a las bibliotecas municipales.

En la biblioteca de Los Rosales aumentan más rápido, cada año, el número de nuevas goteras, que el de nuevos libros. Los usuarios de las bibliotecas se quejan con frecuencia, además de por alguna que otra gotera, de la nula adquisición de libro nuevo y actual. Este año dicen que no se ha adquirido ninguno.

Por todo ello, el Grupo municipal del Partido Popular ruega que Inés Rey solicite al Servicio de Bibliotecas la actualización permanente de los fondos para que los usuarios puedan acceder a las últimas ediciones en las bibliotecas municipales y así poder disfrutar de nuevas lecturas.

Al mismo tiempo rogamos a Inés Rey que realice las gestiones pertinentes ante los servicios municipales para que se eliminen las goteras existentes en la biblioteca de Los Rosales.

Muchas gracias.

Décimo quinto. Rogo oral relativo ao traspaso da estrada DP-512.

Señor Amado de la Fuente

Rogo oral relativo ao traspaso da estrada DP-512.

O pasado 7 de setembro do 2023 no Pleno municipal do Concello da Coruña acordáronse por unanimidade de todos os grupos aos seguintes puntos: instar a alcaldesa a trasladar inmediatamente á Deputación a necesidade de acometer

Décimo quinto. Ruego oral relativo al traspaso de la carretera DP-512.

Señor Amado de la Fuente

Ruego oral relativo al traspaso de la carretera DP-512.

El pasado 7 de septiembre del 2023 en el Pleno municipal del Ayuntamiento de A Coruña se acordaron por unanimidad de todos los grupos a los siguientes puntos: instar a alcaldesa a trasladar inmediatamente a la Diputación la

con urxencia as obras necesarias para acondicionar, garantir a seguridade viaria e peonil, e acougar o tráfico na estrada DP-0512 no tramo que atravesa o termo municipal da Coruña; instar á alcaldesa, unha vez realizadas as obras necesarias, a que se inicien as negociacións necesarias para conseguir que o traslado da titularidade do tramo da estrada DP-512 que atravesa o termo municipal da Coruña pase ao Concello da Coruña; terceiro, instar á alcaldesa para impulsar as correspondentes negociacións ata que o traslado da titularidade se faga efectivo; e cuarto, constituír unha comisión de traballo conxunta entre o Concello e a Deputación da Coruña coa finalidade de estudar a transferencia doutros tramos de estradas provinciais situadas dentro da zona urbana do termo municipal da Coruña.

necesidad de acometer con urgencia las obras necesarias para acondicionar, garantizar la seguridad vial y peatonal, y calmar el tráfico en la carretera DP-0512 en el tramo que atraviesa el término municipal de A Coruña; instar a la alcaldesa, una vez realizadas las obras necesarias, a que se inicien las negociaciones necesarias para conseguir que el traslado de la titularidad del tramo de la carretera DP-512 que atraviesa el término municipal de A Coruña pase al Ayuntamiento de A Coruña; tercero, instar a la alcaldesa a impulsar las correspondientes negociaciones hasta que el traslado de la titularidad se haga efectivo; y cuarto, constituir una comisión de trabajo conjunta entre el Ayuntamiento y la Diputación de A Coruña con la finalidad de estudiar la transferencia de otros tramos de carreteras provinciales situadas dentro de la zona urbana del término municipal de La Coruña.

O pasado 3 de abril do 2025 a Asociación de veciños Xunqueira de Mesoiro Vío enviou, a través da Federación de Asociacións Veciñais, un correo electrónico convocando para unha reunión o día 7 de maio tanto á concelleira de Infraestruturas e Mobilidade como á deputada de Vías e Obras da Deputación coa finalidade de aclarar os seguintes puntos: aclarar as competencias de ambas as institucións sobre a estrada DP-512 e sobre os traballos que lles corresponden ao seu mantemento e conservación e información sobre as negociacións do traspaso da vía ao concello da Coruña por parte da Deputación. Esta reunión nunca se chegou a celebrar xa que non se dignaron nin a contestar á súa petición de reunión.

El pasado 3 de abril del 2025 la Asociación de vecinos Xunqueira de Mesoiro Vío envió, a través de la Federación de Asociaciones Vecinales, un email convocando para una reunión el día 7 de mayo tanto a la concejala de Infraestructuras y Movilidad como a la diputada de Vías y Obras de la Diputación con la finalidad de aclarar los siguientes puntos: aclarar las competencias de ambas instituciones sobre la carretera DP-512 y sobre los trabajos que les corresponden a su mantenimiento y conservación e información sobre las negociaciones del traspaso de la vía al ayuntamiento de A Coruña por parte de la Diputación. Esta reunión nunca se llegó a celebrar ya que no se dignaron ni a contestar a su petición de reunión.

Por todo iso rogámoslle que se informe a este grupo municipal do estado das conversacións entre a Deputación Provincial e o Concello da Coruña para o traspaso da DP-512; e segundo, que se

Por todo ello le rogamos que se informe a este grupo municipal del estado de las conversaciones entre la Diputación Provincial y el Ayuntamiento de A Coruña para el traspaso de la DP-512; y segundo,

diriman canto antes as competencias entre ambas institucións sobre dita estrada e que se acabe canto antes co abandono que sofren os veciños ante a falta de interese por solucionar os problemas que ocasiona depender de dúas administracións do mesma cor política que non conseguen entenderse.

Décimo sexto. Rogo oral relativo á ampliación de estacións BiciCoruña.

Rogo oral referido á ampliación de estacións de BiciCoruña.

Durante estes meses vimos como se seguiu ampliando o Servizo de BiciCoruña, chegando a novos barrios que carecían deste servizo, algo do que nos alegramos. Con todo, tamén puidemos comprobar como as asociacións de veciños protestaban por non telas en conta para a instalación de novas bases do servizo, bases que eliminan cantidade de prazas de aparcamentos en zonas onde xa resulta moi difícil de aparcar e que levan tempo solicitando que se les busque unha solución ao déficit de aparcamento. Referímonos en concreto ás estacións de BiciCoruña situadas en Ribeira Sacra, en Novo Mesoiro ou na avenida do Ferrocarril, no barrio da Estación. Así, na rúa Ribeira Sacra de Novo Mesoiro levan tempo solicitando o acondicionamento do espazo de aparcamento alí existente e que está cheo de buracos. Mesmo vostedes concelleiros do Partido Socialista votaron a favor nunha moción traída a este pleno. E, que dicir da avenida do Ferrocarril? onde coñeceron de primeira man, tras a reunión coa súa asociación de veciños, os importantes problemas de aparcamento que teñen nese barrio tradicionalmente e que se potenciaron desde a entrada en servizo da nova estación do Ferrocarril provisional.

que se diriman cuanto antes las competencias entre ambas instituciones sobre dicha carretera y que se acabe cuanto antes con el abandono que sufren los vecinos ante la falta de interés por solucionar los problemas que ocasiona depender de dos administraciones del mismo color político que no consiguen entenderse.

Décimo sexto. Ruego oral relativo a la ampliación de estaciones BiciCoruña.

Ruego oral referido a la ampliación de estaciones de BiciCoruña.

Durante estos meses hemos visto como se ha seguido ampliando el Servicio de BiciCoruña, llegando a nuevos barrios que carecían de este servicio, algo de lo que nos alegramos. No obstante, también hemos podido comprobar cómo las asociaciones de vecinos protestaban por no haberlas tenido en cuenta para la instalación de nuevas bases del servicio, bases que eliminan cantidad de plazas de aparcamientos en zonas donde ya resulta muy difícil de aparcar y que llevan tiempo solicitando que se busque una solución al déficit de aparcamiento. Nos referimos en concreto a las estaciones de BiciCoruña situadas en Ribeira Sacra, en Novo Mesoiro o en la avenida del Ferrocarril, en el barrio de La Estación. Así, en la calle Ribeira Sacra de Novo Mesoiro llevan tiempo solicitando el acondicionamiento del espacio de aparcamiento allí existente y que está lleno de agujeros. Incluso ustedes concejales del Partido Socialista votaron a favor en una moción traída a este pleno. ¿Y qué decir de la avenida del Ferrocarril? donde han conocido de primera mano, tras la reunión con su asociación de vecinos, los importantes problemas de aparcamiento que tienen en ese barrio tradicionalmente y que se han potenciado desde la entrada en servicio de la nueva estación del Ferrocarril provisional.

Por todo iso rogámoslle que se teña en conta ás asociacións de veciños dos barrios da nosa cidade para novas instalacións de BiciCoruña; que non se lles minta con argumentos facilmente rebatibles á hora de defender a localización dunha nova estación cando na cidade hai múltiples exemplos de instalacións executadas segundo o indicado polas asociacións; terceiro, que se acondicione o solar que está a servir de aparcamento na rúa Ribeira Sacra de Novo Mesoiro segundo se aprobou nunha moción por unanimidade neste pleno; e cuarto, que se negocie cos propietarios do solar de Conde Medín a súa apertura como aparcamento mentres non se busque outra solución ao grave problema de aparcamento no barrio e non se proceda á construción alí prevista.

Por todo ello le rogamos que se tenga en cuenta a las asociaciones de vecinos de los barrios de nuestra ciudad para nuevas instalaciones de BiciCoruña; que no se les mienta con argumentos fácilmente rebatibles a la hora de defender la ubicación de una nueva estación cuando en la ciudad hay múltiples ejemplos de instalaciones ejecutadas según lo indicado por las asociaciones; tercero, que se acondicione el solar que está sirviendo de aparcamiento en la calle Ribeira Sacra de Novo Mesoiro según se aprobó en una moción por unanimidad en este pleno; y cuarto, que se negocie con los propietarios del solar de Conde Medín su apertura como aparcamiento mientras no se busque otra solución al grave problema de aparcamiento en el barrio y no se proceda a la construcción allí prevista.

Décimo sétimo. Rogo oral relativo ás futuras obras municipais nas Casas de Franco.

Décimo séptimo. Ruego oral relativo a las futuras obras municipales en las Casas de Franco.

Terceiro e último rogo referido ás futuras obras municipais das Casas de Franco.

Tercer y último ruego referido a las futuras obras municipales de las Casas de Franco.

Estes días os veciños das Casas de Franco volveron a sobresaltarse debido á inquietude que lles provocou o rumor das futuras obras que tiña pensado acometer o Goberno municipal de Inés Rey nas súas rúas. Hai que lembrar neste momento os case dous anos de loita que libraron contra o Goberno de Inés Rey debido á execución dunha obra que convertía o seu barrio nun "apartheid", e todo iso cos desprezos e mentiras promovidos desde o Goberno de Inés Rey. A futura obra, parece ser, e así nolo fixeron chegar os veciños, consiste na peonalización dalgunha das rúas paralelas que forman parte deste barrio: Mosteiro de Sobrado, Antonio Pedreira Ríos ou Rodrigo Alfredo de Santiago. Estas peonalizacións levarían consigo a consecuente perda das prazas de

Estos días los vecinos de las Casas de Franco han vuelto a sobresaltarse debido a la inquietud que les provocó el rumor de las futuras obras que tenía pensado acometer el Gobierno municipal de Inés Rey en sus calles. Hay que recordar en este momento los casi dos años de lucha que han librado contra el Gobierno de Inés Rey debido a la ejecución de una obra que convertía su barrio en un *apartheid*, y todo ello con los desprecios y mentiras promovidos desde el Gobierno de Inés Rey. La futura obra, parece ser, y así nos lo han hecho llegar los vecinos, consiste en la peatonalización de alguna de las calles paralelas que forman parte de este barrio: Monasterio de Sobrado, Antonio Pedreira Ríos o Rodrigo Alfredo de Santiago. Estas peatonalizaciones llevarían consigo la consiguiente pérdida de las plazas de

aparcamento que existen en ambos os laterais de calquera das rúas. Estamos a falar dun barrio onde xa de por se é moi difícil aparcar e a eliminación de máis prazas de aparcamento supoñería un grave problema. A xente deste barrio non pode permitirse pagar os máis de 70 € ao mes que lle pode supoñer unha praza de aparcamento.

Por todo iso rogamos que non execute ningunha obra máis sen o consenso dos veciños, tanto deste barrio como doutros barrios da cidade; que dea publicidade aos proxectos que poidan existir para este barrio mediante as reunións públicas necesarias, e non como adoitan facer, reunións unha vez que xa está contratada a obra; e terceiro, dea traslado, en caso de existir, aos grupos políticos deste Pleno dos proxectos preparados para este barrio.

Moitas grazas.

aparcamiento que existen en ambos laterales de cualquiera de las calles. Estamos hablando de un barrio donde ya de por si es muy difícil aparcar y la eliminación de más plazas de aparcamiento supondría un grave problema. La gente de este barrio no puede permitirse pagar los más de 70 € al mes que le puede suponer una plaza de aparcamiento.

Por todo ello rogamos que no ejecute ninguna obra más sin el consenso de los vecinos, tanto de este barrio como de otros barrios de la ciudad; que dé publicidad a los proyectos que puedan existir para este barrio mediante las reuniones públicas necesarias, y no como suelen hacer, reuniones una vez que ya está contratada la obra; y tercero, dé traslado, en caso de existir, a los grupos políticos de este Pleno de los proyectos preparados para este barrio.

Muchas gracias.

ROGOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Primeiro. Rogo escrito relativo á instalación de nova estación BiciCoruña en Novo Mesoiro.

Que o Goberno municipal atenda as solicitudes da Asociación de Veciños de Novo Mesoiro, e reconsidere a localización da nova estación de bicicletas de BiciCoruña e que sexa instalada co consenso dos veciños.

Segundo. Rogo escrito relativo ao área canina de Bens.

Rogo que se proceda á instalación dunhas reixas que impidan a saída de animais polo dito buraco da área canina; evitar a utilización de elementos do mobiliario municipal para outra función distinta da que foron adquiridos.

RUEGOS ESCRITOS PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR

Primero. Ruego escrito relativo a la instalación de nueva estación BiciCoruña en Novo Mesoiro.

Que el Gobierno municipal atienda las solicitudes de la Asociación de Vecinos de Novo Mesoiro, y reconsidere la ubicación de la nueva estación de bicicletas de BiciCoruña y que sea instalada con el consenso de los vecinos.

Segundo. Ruego escrito relativo al área canina de Bens.

Ruego que se proceda a la instalación de unas rejillas que impidan la salida de animales por dicho agujero del área canina; evitar la utilización de elementos del mobiliario municipal para otra función distinta de la que fueron adquiridos.

Presidencia

Moi ben. Pois ata aquí o pleno ordinario correspondente ao mes de xuño. moitísimas grazas a todos e a todas, que teñan boa tarde.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás dezanove horas e oito minutos, a Presidencia levanta a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Presidencia

Muy bien. Pues hasta aquí el pleno ordinario correspondiente al mes de junio, muchísimas gracias a todos y a todas, que tengan buena tarde.

No habiendo más asuntos que tratar, a las diecinueve horas y ocho minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.

Anexo

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 34, REGULADORA DA RECARGA MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ÍNDICE

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN E EXENCIÓNS

ARTIGO 4. RECARGO COTA CERO

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

ARTIGO 8. PAGAMENTO

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

ARTIGO 10. XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas crea no Título I, Capítulo II, Sección 2ª, o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei prevé o imposto como medida fiscal para impulsar o turismo sostible.

A sección 3ª da devandita lei, denominada «Recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia», sinala que os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas, cuxos ingresos estarán afectados, como mínimo nun 80 por cento, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sostible.

En uso de tal facultade é polo que se propón a redacción da presente ordenanza por parte do Concello da Coruña, tras ser realizada consulta publica entre o 30 de xaneiro e o 26 de febreiro do 2025, na que se informou acerca dos problemas que se pretenden solucionar con esta normativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da mesma e as posibles solucións alternativas á implantación desta medida. Consta no expediente informe emitido ao respecto polo Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Na elaboración da norma tívose en conta que o Concello recibe desde hai décadas un fluxo crecente de persoas visitantes, que supoñen unha poboación flotante de media dunhas 30.000 persoas, un 12% adicional á poboación residente.

Esta realidade, que se caracteriza, ademais, por unha concentración territorial moi marcada nalgúns barrios, representa para o Concello un exceso de custo no gasto dalgúns servizos públicos, que os fondos procedentes da recarga sobre o imposto contribuirán a paliar. Así mesmo, estes fondos deberán destinarse tamén a mellorar e diversificar a oferta turística, e a promover un modelo de turismo responsable e sostible.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

1. Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e ao abeiro da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establece a recarga municipal sobre o imposto galego sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxas normas atenden ao disposto na Sección 3ª do Capítulo II da citada lei autonómica.

2. Esta recarga réxese, en todo o que non prevexa esta ordenanza, pola devandita lei ou normativa posterior que a substitúa e pola Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección do Concello da Coruña.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible desta recarga a estancia turística, por días ou fraccións, con ou sen pernoita, que realizan os suxeitos pasivos nos establecementos e equipamentos turísticos situados na cidade da Coruña, gravados nos mesmos termos que fai a Lei 5/2024 respecto do imposto sobre as estadías turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, constitúe o feito impoñible o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realice escala no porto da Coruña.

2. Para estes efectos, teñen a consideración de establecemento de aloxamento turístico os determinados na normativa reguladora en materia de turismo, que aos efectos desta ordenanza son os seguintes:

a. Establecementos hoteleiros.
b. Apartamentos turísticos.
c. Vivendas turísticas.
d. Vivendas de uso turístico.
e. Campamentos de turismo.
f. Establecementos de turismo rural.
g. Albergues turísticos.

3. Entenderase por estancia o goce do servizo de aloxamento, por día ou fracción, con pernoita ou sen ela. Considérase que as estancias nos establecementos de aloxamento turístico a que se refire o apartado 1 constitúen, en todo caso, estancias turísticas, sen prexuízo dos supostos de non suxeición previstos no artigo 3.

4. Entenderase por embarcación de cruceiro turístico a embarcación que realiza transporte por mar ou por vías navegables coa única finalidade de lecer ou de recreo, nos termos definidos no apartado 3º do artigo 12 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, pola que se establece o feito impoñible do imposto.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN E DE EXENCIÓN

1. Non estarán suxeitas á recarga sobre o imposto as estancias seguintes:

a) As que realice calquera persoa por motivos de saúde, así como as dos seus acompañantes, sempre que quede xustificada a recepción das prestacións de atención sanitaria que formen parte da carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.

b) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada.

c) As que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas.

2. Non se realizará o feito impoñible do imposto cando as embarcacións de cruceiro turístico tivesen como saída ou destino final un porto situado na Coruña cidade.

3. Estarán exentas as seguintes estancias:

a) As realizadas por persoas menores de idade non emancipadas.

b) As realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

c) As estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea.

d) As estancias realizadas en albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

ARTIGO 4. RECARGA COTA CERO

Establécese unha recarga de cero euros para as estancias que se indican a continuación:

a) As que realice unha persoa deportista federada pola concorrencia debidamente xustificada a competicións oficiais que se celebren na cidade da Coruña.

b) As que se realicen con motivo habitacional como consecuencia da realización de obras de mellora ou acondicionamento na vivenda habitual na Coruña.

ARTIGO 5. NORMAS DE APLICACIÓN AOS SUPOSTOS DE NON SUXEICIÓN, EXENCIÓN E TARIFA COTA CERO

Primeira: A aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.a) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por motivos de saúde, queda condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) A persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable onde se acredite que a estancia se efectúa por motivos de saúde, xa como receptora da prestación, xa como acompañante, ao darse o suposto de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa receptora da prestación e, no seu caso, das persoas que a acompañan. En caso de que sexan diversas as persoas contribuíntes, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todas elas, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Certificado do centro sanitario ou informe médico no que conste que a asistencia sanitaria recibida pola persoa contribuínte forma parte da carteira de servizos do SERGAS.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.01.

Segunda: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.b) do artigo 3, relativa ás estancias efectuadas por unha persoa deportista federada pola concorrencia a partidos de competición oficial, debidamente xustificada, ou para a aplicación da cota cero para deportistas federados que participen en competicións oficiais na cidade da Coruña do artigo 4, a persoa contribuínte deberá asinar unha declaración responsable na que se acredite que a estancia se efectúa polos devanditos motivos, indicando cal é o partido de competición oficial que se disputa ou cales son os datos da competición á que se asiste.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.02.

Terceira: Para a aplicación da non suxeición prevista no apartado 1.c) do artigo 3, relativa ás estancias que realice calquera persoa por causas de forza maior debidamente xustificadas, enténdense por causas de forza maior os acontecementos que se produzan no termo municipal que non se puidesen prever ou ben que se puidesen prever pero fosen inevitables, tales como as catástrofes naturais ou os actos violentos.

Para gozar desta non suxeición, as persoas contribuíntes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) Asinar unha declaración responsable na que se acredite que o acontecemento producido afecta á persoa contribuínte e que se efectúa o orzamento de feito desta non suxeición. A declaración responsable debe incluír tamén os datos identificativos da persoa contribuínte. En caso de que sexan diversas persoas, a declaración pode ser conxunta e téñense que facer constar os datos de todos as persoas contribuíntes, e a firma de calquera destas que sexa maior de idade.

b) Achegar un documento no que conste o acontecemento correspondente ou a activación dalgunha medida pública que se relacione, expedido pola Administración local, a menos que as circunstancias determinantes da concorrencia de forza maior resulten dunha declaración legal ou dunha situación de notoriedade coñecida pola propia administración.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.03.

Cuarta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.a) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas menores de idade non emancipadas, queda condicionada á exhibición dos documentos que acrediten a idade do menor, como o documento de identidade, o pasaporte, o libro de familia ou outros documentos análogos, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de menores de 14 anos que non dispoñan de documento identificativo, admítese tamén a declaración responsable por parte do/da proxenitor/a, titor/a ou acompañante maior de idade.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.04.

Quinta: A aplicación da exención prevista no apartado 3.b) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas por persoas con discapacidade que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, queda condicionada á exhibición do certificado ou documento que acredite a discapacidade indicada.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.05.

Sexta: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.c) do artigo 3, relativa ás estancias subvencionadas por programas sociais dunha administración pública de calquera Estado membro da Unión Europea, é suficiente coa xustificación documental da reserva efectuada ou coa factura a cargo da entidade promotora do programa social, sempre que identifique claramente o programa a cargo do cal se financia a estancia. Todo isto sen prexuízo da xustificación por calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A tal fin, o Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.06.

Sétima: Para acreditar a exención á que se refire o apartado 3.d) do artigo 3, relativa ás estancias realizadas nos albergues públicos xestionados pola Xunta de Galicia a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, é suficiente con que presenten unha declaración responsable. O Concello facilitará un modelo de declaración responsable que constará no anexo desta ordenanza como MODELO 34.07.

Oitava: O substituto da persoa contribuínte ten que conservar durante catro anos unha copia dos documentos ou, no seu caso, das declaracións responsables, utilizados en cada caso para xustificar os supostos de non suxeición, exención ou aplicación da cota cero anteriores.

ARTIGO 6. PERSOAS OBRIGADAS TRIBUTARIAS

1. Será suxeito pasivo contribuínte da recarga do imposto toda persoa física que realice unha estancia nos establecementos de aloxamento turístico determinados no artigo 2 ou ben aquela persoa ou entidade a cuxo nome se entregue a factura ou documento análogo pola estancia de persoas físicas neses establecementos. No suposto de embarcacións de cruceiro turístico, considerarase suxeito pasivo contribuínte a persoa cruceirista que estea en tránsito no momento do pagamento do imposto.

2. Terán a condición de suxeito pasivo substituto da persoa contribuínte e estará obrigado ao cumprimento das obrigas materiais e formais do imposto:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que realice a explotación do establecemento de aloxamento turístico determinado na lei.

b) O consignatario que, de acordo coa lei estatal vixente de navegación marítima, actúe en nome e representación da empresa armadora ou navieira da embarcación de cruceiro turístico que estea en tránsito no momento da devindicacion do imposto.

3. Terá o carácter de responsable solidario do ingreso das débedas tributarias correspondentes ás cotas devindicadas das persoas contribuíntes:

a) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que sexa titular do establecemento turístico, que non sexa o suxeito pasivo.

b) A persoa física ou xurídica, así como a entidade que, carecendo de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou patrimonio separado, que contrate directamente en nome da persoa contribuínte e faga de intermediaria entre esta e os establecementos de aloxamento turístico.

ARTIGO 7. IMPORTE DA RECARGA: TIPO DE GRAVAME E COTA

1. O importe da recarga sobre o imposto sobre as estancias turísticas consistirá nunha porcentaxe do 100 % sobre a cota íntegra do imposto conforme ás tarifas máximas establecidas no artigo 16 da Lei 5/2024 antes de aplicar a bonificación.

2. O importe da recarga do imposto determínase polo número de días dos que conste cada período de estancia da persoa contribuínte nos establecementos de aloxamento turístico. No caso de estancias en embarcacións de cruceiro turístico, entenderase por estancia cada un dos períodos de vinte e catro horas ou fracción computados desde o fondeo ou amarre da embarcación.
3. Para os efectos da aplicación da recarga sobre o imposto, enténdese que son unidades de estancia os días ou as fraccións que comporta a estancia continuada da persoa contribuínte no mesmo establecemento ou equipamento turístico.

4. A Administración tributaria pode aplicar o método de estimación indirecta da base impoñible se o substituto da persoa contribuínte non presenta a autoliquidación da recarga ou presenta autoliquidacións incompletas ou inexactas e non achega os datos de ocupación do establecemento ou equipamento turístico que explota. Neste caso, o número de unidades de estancia no establecemento ou equipamento turístico determínase, preferentemente, e sen prexuízo da utilización doutros medios establecidos pola lexislación vixente, polos seguintes medios:

a) A partir dos datos estatísticos de ocupación dos establecementos ou equipamentos do mesmo tipo situados na Coruña.
b) A partir dos datos declarados por unha mostra de establecementos ou equipamentos regrados do mesmo tipo situados na mesma zona da cidade. Para ese efecto, enténdese por establecemento regrado o que está dado de alta no Rexistro de Turismo de Galicia.
c) A partir dos datos procedentes de estudos do sector elaborados por organismos públicos ou por organizacións privadas de acordo con técnicas estatísticas adecuadas.
d) A partir dos datos que constan no rexistro policial das persoas que se aloxan nos establecementos de hospedaxe situados na Coruña.

5. Os datos obtidos para facer a estimación indirecta do número de estancias deben referirse, preferentemente, ao ano do período de declaración que a Administración tributaria pretende regularizar.

6. O importe da recarga sobre o imposto previsto nesta ordenanza será por estancia, por días ou fraccións, en atención á tipoloxía e características do establecemento, tal e como se detalla na seguinte táboa:

Tipo de establecemento	Recarga
1. Hotel de 5 estrelas, gran luxo, 4 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2,5 €
2. Hotel de 4 estrelas, 3 estrelas superior, 3 estrelas, 2 estrelas superior, e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	2 €
3. Hotel de 2 estrelas, 1 estrela superior, 1 estrela, pensións e establecemento ou equipamento de categoría equivalente	1,5 €
4. Vivenda de uso turístico, albergues, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural	2 €
5. Vivendas turísticas	1 €
6. Embarcación de cruceiro	1,5 €

7. A cota tributaria da recarga obtense de multiplicar o número de estancias polo importe establecido no apartado anterior, cun límite de cinco estancias.

8. No suposto de reserva anticipada do aloxamento, a tarifa aplicable será a vixente no momento no que se produza a estadía.

ARTIGO 8. PAGAMENTO

A recarga sobre o imposto devindicarase ao comezo de cada estancia, computada por día ou fracción, nos establecementos de aloxamento turístico aos que se refire o feito impoñible do imposto. No suposto de cruceiros turísticos, o inicio da estancia acontecerá no momento no que a embarcación faga escala no porto da Coruña.

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN E INGRESO DA AUTOLIQUIDACIÓN

1. O período impositivo realizarase por tempada:

a) Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

b) Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

2. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante o Concello declaración para a autoliquidación. A presentación da autoliquidación realizarase de forma telemática na sede electrónica do Concello e o ingreso da recarga terase que efectuar dentro dos prazos seguintes:

a) A correspondente ao período do 1 de xaneiro ao 30 de xuño, entre os días 1 e 20 de xullo.
b) A correspondente ao período do 1 de xullo ao 31 de decembro, entre os días 1 e 20 de xaneiro.

4. A autoliquidación ten que incluír as cotas devindicadas e esixibles dentro de cada semestre para cada establecemento ou equipamento turístico.

5. No caso de explotar máis dun establecemento, os suxeitos pasivos substitutos da persoa contribuínte poderán efectuar a autoliquidación e o pago das cotas devindicadas da recarga da totalidade daqueles, dunha maneira agregada, mediante unha única autoliquidación.

6. Non será necesario presentar a autoliquidación cando non resulte ningunha cantidade para ingresar, sen prexuízo da obriga dos suxeitos pasivos substitutos de conservar a documentación acreditativa das exencións aplicadas ata que finalice o prazo de prescrición.

ARTIGO 10. XESTIÓN , INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, inspección e recadación da recarga do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e nas demais disposicións reguladoras da materia, así como na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.

Cando a persoa responsable da presentación non presente autoliquidación da recarga nos termos e cos requisitos previstos no artigo anterior, a Inspección poderá levantar acta con acordo de conformidade ou desconformidade, segundo o caso, con base aos documentos que permitan determinar a cota conforme ao artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e disposicións que a desenvolven, e na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección deste Concello.

ARTIGO 12. COMISIÓN MUNICIPAL DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO DA IMPLANTACIÓN DA RECARGA

No prazo de seis meses desde a aprobación da ordenanza, esta Administración municipal deberá constituír unha Comisión municipal de asesoramento e seguimento da implantación

da recarga. Estará formada por catro representantes do Concello da Coruña (persoas titulares das Xefaturas de Servizo de Xestión Tributaria e Turismo, da Dirección da Área de Administración Xeral e da Dirección da Área de Turismo), un/unha representante da Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO), un/unha representante da Autoridade Portuaria da Coruña e un/unha representante da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana. A dita comisión aprobará os estatutos de regulación e finalidades da mesma, para dar cumprimento ao establecido no apartado 7 do artigo 24 da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas.

ARTIGO 13. COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

En cumprimento do deber de colaboración entre as administracións públicas que consagra o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello solicitará da Dirección Xeral da Policía a subministración periódica, por medios electrónicos e nos formatos e prazos que se determinen por convenio, dos datos contidos no rexistro de persoas aloxadas nos establecementos de aloxamento turístico situados na cidade da Coruña que sexan estritamente necesarios para aplicar a recarga do imposto sobre as estadías turísticas.

Considéranse datos estritamente necesarios os seguintes:

a) A identificación do establecemento de aloxamento turístico situado na cidade da Coruña.
b) A identificación da persoa titular da explotación do establecemento de aloxamento turístico.
c) O número e tipo de documento de identidade da persoa que se aloxa no establecemento de aloxamento turístico, e a súa data de nacemento.
d) A data de entrada no establecemento de aloxamento turístico de cada persoa que se aloxa e o número de días previstos da estadía.

ARTIGO 14. AFECTACIÓN DOS INGRESOS

1. De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os ingresos da recarga estarán afectados nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, ao impulso, á protección, ao fomento e ao desenvolvemento do turismo sustentable, tendo como destino as actuacións previstas no parágrafo 4 do citado artigo 24.

2. O control da correcta aplicación dos ingresos da recarga ás finalidades sinaladas corresponde ás concellarías competentes en materia de turismo e facenda.
3. Logo do ditame do órgano de participación previsto no artigo 12, incluirase no orzamento de gastos o detalle da aplicación dos ingresos da recarga. Na liquidación verificarase a correcta e completa aplicación dos fondos ás finalidades sinaladas.

ARTIGO 15. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de

marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como na Ordenanza fiscal xeral aprobada por este Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As disposicións recollidas nesta ordenanza relativas á recarga sobre o imposto cando o feito impoñible sexa o fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico que realicen escalas no porto da Coruña serán de aplicación a partir do exercicio 2026.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo pleno da corporación municipal na sesión celebrada o XX de XX de 2025, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do XX.XX.XX, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derrogación expresa.

Anexo

ORDENANZA PARA O USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DA CORUÑA

Contido

Preámbulo **359**

Capítulo I Disposicións xerais **361**

Artigo 1º *Obxecto* *361*
Artigo 2º *Ámbito de aplicación* *361*

Capítulo II Uso racional e sostible **362**

Artigo 3º *Utilización do dominio público marítimo terrestre* *362*
Artigo 4º *Dereitos e deberes das persoas usuarias* *362*
Artigo 5º *Acampada nos areais* *363*
Artigo 6º *Normas de carácter hixiénico-sanitario* *364*
Artigo 7º *Praias sen fume* *364*
Artigo 8º *Calidade da auga de baño* *364*
Artigo 9º *Presencia de animais domésticos* *365*
Artigo 10º *Varamentos de fauna* *365*

Capítulo III Limpeza e mantemento **366**

Artigo 11º *Residuos* *366*
Artigo 12º *Limpeza das praias e accesos* *366*

Capítulo IV Usos e actividades **367**

Artigo 13º *Normas xerais* *367*
Artigo 14º *Venda ambulante e outras actividades lucrativas* *367*

Capítulo V Eventos públicos, actividades deportivas e de lecer **368**

Artigo 15º *Eventos populares e concertos ou espectáculos nas praias* *368*
Artigo 16º *Limpeza e restauración das praias nos eventos públicos* *368*
Artigo 17º *Pesca marítima de recreo* *368*
Artigo 18º *Navegación deportiva, de lecer e de servizo* *369*
Artigo 19º *Ocupación do espazo público con aparellos de navegación* *369*
Artigo 20º *Actividades deportivas, culturais e de lecer* *370*
Artigo 21º *Deportes náuticos* *370*
Artigo 22º *Circulación de vehículos nas praias* *371*

Capítulo VI Seguridade cidadá **371**

Artigo 23º *Salvamento, socorrismo e primeiros auxilios* *371*
Artigo 24º *Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo* *371*
Artigo 25º *Postos de primeiros auxilios* *371*

Artigo 26º *Obrigas de seguridade para as persoas usuarias das praias* *372*
Artigo 27º *Sinalización informativa de seguridade* *373*
Artigo 28º *Medidas de seguridade urxentes* *373*

Capítulo VII **Réxime sancionador** **374**

Artigo 29º *Infraccións* *374*
Artigo 30º *Apercibimento* *376*
Artigo 31º *Sancións* *376*
Artigo 32º *Prescrición de infraccións e sancións* *376*
Artigo 33º *Responsabilidade* *377*
Artigo 34º *Autoridade competente e potestade sancionadora* *377*
Artigo 35º *Procedemento sancionador* *378*

Disposición derrogatoria **378**

Disposición final **378**

Anexo I – Areais nos que se aplica esta Ordenanza **379**

Preámbulo

I

O Concello da Coruña está practicamente rodeado polo mar. Ao longo da súa costa hai numerosas praias e calas. As principais son de carácter urbano, situadas en plena cidade. Por estes motivos, no período estival teñen unha demanda moi alta de persoas usuarias. Tamén hai pequenas praias ou calas que son o hábitat de numerosas especies de flora e fauna, debendo o desfrute da cidadanía ser compatible coa conservación deste patrimonio natural.

As praias de maior afluencia na Coruña son as da enseada do Orzán: Matadoiro, Orzán e Riazor, que nas grandes baixamares únense amosando a súa orixe xeolóxica común. No espazo natural de interese local da Torre de Hércules atópase a praia natural das Lapas, e as calas dos Mouros e Durmideiras. Preto dela, a praia de San Amaro, moi concorrida pola veciñanza. Xa preto da ría do Burgo está a praia de Oza-Lazareto, que goza tamén dun gran atractivo e gran afluencia. No extremo oposto do litoral coruñés está a praia natural de Bens.

Tamén hai diversos espazos que, malia non ser consideras praias polo seu carácter temporal ao ser só visibles na baixamar, teñen uso tradicional como lugares onde tomar o sol, coma nas Amorosas, ou acumulación de coídos, caso da contorna do Millenium. Estes espazos non son obxecto de regulación na presente ordenanza, que se cingue a praias e calas permanentes.

O desenvolvemento normativo recente para adecuarse aos retos actuais, como o cambio climático, a protección do patrimonio natural, e a vixilancia e prevención de riscos sanitarios, fan necesario desenvolver unha regulación para o uso racional e sostible das praias, na busca de establecer os criterios que faciliten a compatibilidade entre o desfrute das praias e calas municipais coa súa protección natural, a convivencia, e a seguridade das persoas usuarias.

II

A Constitución Española recoñece no artigo 45 o dereito de todas as persoas a desfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así coma o deber de conservalo. De igual xeito, correspóndelle aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

O artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, atribúelles aos municipios potestade regulamentaria no ámbito das súas competencias. Así, os municipios exercerán, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de medio ambiente urbano e para a protección da salubridade pública, de conformidade co artigo 25.2.b) e j) da dita norma.

Considerando que son diversas as administracións competentes na praias, calas, accesos e zonas de baño adxacentes, o Concello da Coruña velará pola coordinación axeitada entre elas no ámbito dos diferentes aspectos que afectan ao dominio público nas praias e contorna inmediata.

No que atinxe á lexislación sectorial vén dada, por unha parte, pola Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, que establece no seu artigo 115 as competencias municipais relativas ao mantemento das condicións de salubridade nas praias e a observancia das normas e instrucións ditadas pola administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.
Por outra parte, tamén se incorporan as disposicións previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, no que atinxe ao obxecto desta ordenanza.

No eido da salubridade pública para o baño nas praias incluídas nesta ordenanza, estase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

III

Para a elaboración desta ordenanza seguiuse o procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, observándose, así mesmo, o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, canto á observancia dos principios de boa regulación. Así mesmo, levouse a cabo a consulta web prevista no artigo 133 da dita norma entre os días 5 e 15 de xullo do 2024, recibíndose un total de 90 suxestións que foron tidas en conta á hora da redacción desta norma.

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º Obxecto

É o obxecto desta ordenanza a regulación do uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña, procurando compatibilizar o seu desfrute co respecto ao medio ambiente, así como velar pola saúde pública, promover a accesibilidade, a seguridade e a protección da cidadanía.

Artigo 2º Ámbito de aplicación

Esta disposición aplicarase ás praias que se relacionan no anexo I, e conforme ás definicións descritas a continuación.

Ao atoparse dentro do espazo natural de interese local (ENIL) "Torre de Hércules", na praia das Lapas e nas calas de Durmideiras e dos Mouros será de aplicación con carácter prioritario, pola súa prevalencia legal, o disposto no plan de conservación do ENIL. No suposto de extinguirse a devandita protección, integraríanse de inmediato no ámbito de aplicación desta ordenanza.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese como:

a) Dominio público marítimo-terrestre: o espazo así definido no artigo 3 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de costas, e máis concretamente: a ribeira do mar, que inclúe a zona marítimo-terrestre e as praias ou zonas de depósitos de materiais soltos; o mar territorial e as augas interiores; así coma os recursos naturais na zona económica e na plataforma continental.
b) Praias e calas: extensións de area ou pedra miúda que comprende a totalidade do areal e os rochedos que poida haber dende a súa cota da baixamar máxima viva equinoccial ata onde chegue a area na parte alta, aínda que non cheguen as preamares vivas. Aos efectos desta ordenanza, inclúense como parte das praias e calas os accesos, gradas e outros elementos próximos vencellados directamente co seu uso e desfrute.
c) Augas de baño das praias: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.
d) Zona de baño: aquela que se atope debidamente balizada para tal efecto. Nos tramos de praias que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua dunha anchura de 200 metros.
e) Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.
f) Tempada de baño: é o período de tempo no que se pode prever unha alta afluencia de persoas usuarias das praias, en base aos usos e costumes locais. Para os efectos desta ordenanza, considerase como tempada de baño o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro. O Concello da Coruña poderá variar o dito período en función das circunstancias climatolóxicas, ou por outras circunstancias que resulten de interese xeral.

g) Acampada: instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
h) Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
i) Animal doméstico: animais de compañía pertencentes a especies que críe e teña tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir de xeito doméstico no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda a persoas con discapacidade recoñecida.
j) Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución ningunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.
k) Comité de Xestión de Praias: órgano dependente da concellería con competencias en medio ambiente e presidido polo/a concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual. Son membros desta as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areais municipais e a súa contorna, así como da seguridade cidadá, no ámbito das competencias municipais.

Capítulo II
Uso racional e sostible

Artigo 3º Utilización do dominio público marítimo terrestre

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como estar, pasear, bañarse e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades se realicen de acordo co disposto na lexislación vixente en cada momento.

2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.

3. As instalacións que se autoricen nos areais serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso sen que en ningún caso poida desnaturalizarse o uso público dos areais.

4. Unicamente poderase permitir a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na normativa vixente de costas e de ordenación do litoral.

5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación desta ordenanza, deberá dispoñer do correspondente título habilitante do órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.

Artigo 4º Dereitos e deberes das persoas usuarias

1. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen os seguintes dereitos:

1.1. Dereito a desfrutar do medio ambiente e dos servizos municipais prestados de acordo co ordenamento vixente e coa presente ordenanza.
1.2. Dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.
1.3. Dereito a seren atendidas polo concello, a través do servizo 010 e demais formas legalmente previstas, as reclamacións ou suxestións que formulen, e a exercitar as accións que en cada caso correspondan.

2. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen as seguintes obrigas:

2.1. Facer un uso racional e respectuoso da praia, zonas da baño e espazos adxacentes, así como das instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar o dereito que tamén teñen outras persoas usuarias.
2.2. Cumprir as normas contempladas na presente ordenanza.
2.3. Adoptar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a auga de baño e demais instalacións ao servizo das praias. O uso dos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública será acorde ao fin para o cal están destinados.

3. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade, e coa única excepción de eventos ou actividades previamente autorizadas polo órgano competente, non está permitido:

a) O uso de dispositivos sonoros de calquera tipo (altofalantes, radios, instrumentos musicais, etc.) de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto das persoas usuarias. Non se aplica en situacións de alarma nin á megafonía do servizo de salvamento e socorrismo.
b) Facer lume nos areais e contorna inmediata; o emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable nin calquera outro artefacto que permita cociñar; o uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa. Queda exceptuada da anterior prohibición a realización de fogueiras con motivo da festividade de San Xoán, condicionada á observancia en todo momento das indicacións establecidas polo concello.
c) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.
d) Instalarse nos accesos ás praias, que deberán estar libres de obstáculos.
e) As accións ou elementos que limiten ou restrinxan o acceso das persoas usuarias á beira e ao mar, ou dificulten a labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía Local, Protección Civil ou calquera outra autoridade.

Artigo 5º Acampada nos areais

1. Considerase acampada a instalación de tendas de campaña, excepto as de pequenas dimensións que dan servizo durante as horas diúrnas. Asimilase a acampar o feito de instalarse para pasar a noite.

2. Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e as acampadas de calquera duración de tempo nos areais.

3. Non se permite a reserva de espazo nas praias. Prohíbese deixar calquera obxecto con esta finalidade, agás que os as persoas propietarias se atopen na praia. Queda exceptuada da anterior prohibición as reservas de espazo que, con motivo da festividade de San Xoán, e con observancia das indicacións establecidas polo concello, se permitan.

4. Calquera tipo de ocupación do areal, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente, agás o disposto anteriormente para a festividade de San Xoan.

5. O persoal municipal ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Os elementos retirados só poderán ser devoltos a quen acredite debidamente a súa propiedade.

Artigo 6º Normas de carácter hixiénico-sanitario

Non estará permitido:

1. A evacuación fisiolóxica no mar, na praia, nin na súa contorna inmediata. O concello fomentará, onde non os houbese con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.

2. A limpeza, na area da praia ou na auga do mar, dos utensilios de comida nin dos recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.

3. Darlles ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral ao servizo dos areais, un uso diferente ao que lle é propio, como xogar, lavar animais, limpar utensilios de comida, usar xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 7º Praias sen fume

Co fin de contribuír á preservación da saúde das persoas non fumadoras que sexan usuarias das praias, o Concello da Coruña poderá establecer a prohibición de consumir tabaco (queimado ou quentado), así como de produtos que conteñan nicotina, en determinadas praias ou parte destas.

O concello sinalizará as praias nas que se prohiba consumir os produtos antes indicados na propia praia, na web municipal e polos medios de difusión que se estimen oportunos.

Artigo 8º Calidade da auga de baño

1. En relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, e á normativa que a poida substituír ou complementar.
2. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello da Coruña:

a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.
b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así sexa establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia; manterá esta en tanto a dita autoridade sanitaria autonómica non comunique a desaparición do risco sanitario.
c) Adoptará as medidas necesarias para ao peche de zonas de baño, cando así sexa acordada pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia. Estas medidas manteranse ata que a dita autoridade sanitaria autonómica comunique o acordo de reapertura da zona de baño.

Artigo 9º Presencia de animais domésticos

Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais domésticos nas praias no período estival, que comprende entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

Exceptúase da anterior prohibición a praia de Bens, que pasa a ter a consideración de "praia canina". A esta poderán acudir durante todo o ano as persoas usuarias acompañadas dos seus cans, debendo manter en todo momento un control permanente e directo dos animais, de forma que non produzan molestias a outras persoas usuarias. Quen acuda en compañía dos seus animais deberá recoller os seus excrementos inmediatamente despois de que se produzan.

Noutros areais o Concello da Coruña poderá designar áreas de esparexemento canino temporais ou permanentes nas que os cans poderán permanecer sen correa, independentemente da época do ano, sempre baixo a vixilancia das persoas responsables dos cans.

Nos accesos principais ás praias ou tramos destas autorizadas haberá sinais informativos e poderá delimitarse fisicamente o espazo habilitado.

Con carácter excepcional, e de conformidade co título habilitante das administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas con animais sempre que teñan un carácter tradicional, de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio. Autorízase a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio. Así mesmo, permítese a presenza de cans de asistencia, considerándose que estes son os adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos, teñan concluído o seu adestramento e adquirido así as aptitudes necesarias para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade. Estes cans deberán estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre cans de asistencia para persoas con discapacidades.

A presenza de animais domésticos nas praias e calas do espazo natural de interese local “Torre de Hércules” rexerase polo ao disposto no seu plan de conservación.

Artigo 10º Varamentos de fauna

No suposto que se detecten varamentos de fauna, viva ou morta, as persoas usuarias presentes deben, en primeiro lugar, garantir a súa propia seguridade, evitando tocar o animal ou animais, con independencia da especie de que se trate e do seu estado.

De seguido, deberán avisar ao persoal do servizo de salvamento e socorrismo de praia no caso de estar operativo, e de non estalo, a través do teléfono de emerxencias 112, procurando dar os datos máis precisos que sexa posible.

Capítulo III
Limpeza e mantemento

Artigo 11º Residuos

1. Nos areais será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.

2. Queda prohibido ás persoas usuarias dos areais arroxar calquera tipo de residuo á praia ou ao mar, coma papeis, plásticos, cabichas, comida, latas, botellas, bolsas, caixas, embalaxes e similares. A persoa responsable está obrigada á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3. Os residuos depositaranse nas correspondentes papeleiras e contedores que para o efecto se atopen distribuídos pola praia ou nas proximidades dos accesos principais.

4. Para o uso correcto das ditas papeleiras e contedores deberán seguirse as seguintes normas:

    a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, entullos, madeiras, materiais de combustión, residuos perigosos, animais mortos, mobles ou calquera outro tipo de material ou residuo non axeitado.
    b) Os residuos depositaranse no interior da papeleira ou contedor, evitarase o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu arredor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito na papeleira ou contedor máis próximo.
    c) Unha vez depositados os residuos deberá pecharse a tapa da papeleira ou contedor.
    d) Os residuos orgánicos, antes de ser depositados no contedor, deberán de introducirse nunha bolsa pechada.

5. As persoas titulares dos servizos de tempada están obrigadas a evitar que se produza acumulación de lixo na súa zona, polo que deberán proceder á limpeza desta coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos contedores habilitados. Ademais, quen sexan titulares destes servizos deberan dispoñer de contedores de recollida selectiva.

Artigo 12º Limpeza das praias e accesos

1. No exercicio das competencias que a vixente normativa atribúelle á administración municipal, correspóndelle ao Concello da Coruña a limpeza e mantemento das praias do termo municipal.

2. Co fin de facilitar a limpeza das praias non se permitirá instalar ningún elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

3. Nas praias e calas que se atopan dentro do espazo natural de interese local Torre de Hércules, as tarefas de limpeza deberán adaptarse ao disposto no seu plan de conservación e nas pautas de xestión que se poidan establecer.

Capítulo IV
Usos e actividades

Artigo 13º Normas xerais

1. Os usos e actividades, así como a explotación de instalacións desmontables de tempada ou fixas axustaranse ao réxime e procedemento de autorizacións e concesións previsto na Lei 22/1988, de costas. Cando afecte á zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, estarase ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. Así mesmo, atenderase ao que dispoña o desenvolvemento regulamentario das citadas leis.

2. É potestade do concello, no exercicio das súas competencias, e co fin de acadar o obxectivo de uso racional e sostible previsto nesta ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta ordenanza.

3. No que respecta ás concesións, autorizacións, licenzas e demais títulos habilitantes, esta Ordenanza remítese ás disposicións municipais xa existentes e que regulan de forma especifica todos os requisitos e condicións do seu outorgamento. En todo caso, antes do inicio da actividade deberá obterse o correspondente título habilitante, de conformidade co establecido na normativa vixente en cada momento.

4. Todos os elementos que se instalen no espazo público obxecto desta ordenanza deberán responder aos requisitos técnicos de homologación de acordo á súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

5. Débese respectar, en todo momento, os accesos peonís, escaleiras de accesos, postos de salvamento e socorrismo, ramplas, etc.

6. Queda prohibido deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

7. Será obriga da persoa titular ou concesionaria ter as instalacións e elementos necesarios nas debidas condicións de hixiene e seguridade. Para esa finalidade, disporá de todos os complementos mobiliarios dispostos para a recollida selectiva e evacuación dos residuos xerados.

Artigo 14º Venda ambulante e outras actividades lucrativas

1. Na venda ambulante estarase ao disposto na correspondente ordenanza municipal para o exercicio da venda fóra do establecemento comercial e demais normativa de aplicación.

2. Queda prohibida a venda ambulante nos areais de calquera tipo de produto, en especial aqueles como bebidas e produtos alimenticios en xeral, cuxa normativa así o estableza. A prohibición anterior non terá efecto se quen vende dispón da correspondente autorización administrativa, que deberá especificar o tipo de produto, o lugar ou lugares precisos onde debe exercerse a venda, e as datas e horario en que poderá levarse a cabo.

3. Con carácter xeral queda prohibida a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nos areais do termo municipal da Coruña sen o preceptivo título habilitante que corresponda por razón da materia.

Capítulo V
Eventos públicos, actividades deportivas e de lecer

Artigo 15º Eventos populares e concertos ou espectáculos nas praias

Nas praias poderán celebrarse eventos populares, concertos ou espectáculos singulares que dispoñan dos preceptivos títulos habilitantes das autorizades competentes, que cumpran o disposto na ordenanza de protección contra a contaminación acústica da Coruña, e demais normativa de aplicación.

Artigo 16º Limpeza e restauración das praias nos eventos públicos

Unha vez rematado calquera evento nas praias, e de xeito inmediato, a promotora do evento deberá proceder á limpeza completa, desmontaxe e restauración das praias ou tramos afectados ao seu estado previo. En caso de desatender esta obriga, e sen prexuízo da tramitación do procedemento sancionador que poida corresponder, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, mediante a execución subsidiaria, se for o caso, das actuacións necesarias, a cargo da persoa infractora.

Calquera evento que dispoña do título habilitante correspondente deberá manter (dende a preparación ata a finalización) as condicións de hixiene e limpeza do espazo, polo que fomentará a disposición e distribución de colectores acordes á separación selectiva de residuos que directa ou indirectamente poida xerar a actividade, sen prexuízo doutros requirimentos de limpeza e hixiene vencellados ao título habilitante correspondente.

Artigo 17º Pesca marítima de recreo

2. Durante a tempada de baño e nas zonas de baño (balizadas ou non) queda prohibida a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns. En todo caso, este tipo de pesca realizarase consonte co disposto na normativa sectorial vixente en materia de pesca marítima de recreo, sexa desde superficie ou por mergullo.

3. Está prohibida a práctica da pesca submarina por mergullo entre a posta e a saída do sol. Neste tipo de pesca submarina cada persoa mergulladora deberá marcar a súa posición mediante unha boia de sinalización claramente visible.

4. Prohíbese a entrada e saída ao mar desde a praia a quen realice pesca submarina co fusil cargado, así como a manipulación ou abandono en terra de calquera instrumento de pesca que poida supoñer un risco para a seguridade das persoas.

5. Nos concursos de pesca dende a praia que dispoñan de autorización dos organismos e administracións competentes, o concello ditará as ordes oportunas para que a actividade se realice sen prexuízo doutros usos que se dean nos areais.

6. Non se autoriza a pesca nos canais balizados de lanzamento e varada de embarcacións.

Artigo 18 Navegación deportiva, de lecer e de servizo

1. Todas as embarcacións que naveguen preto da costa deberán cumprir as normas establecidas polo órgano competente na materia.

2. Nas zonas de baño queda prohibida a navegación deportiva e de recreo e a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela.

3. A prohibición anterior non será de aplicación ás embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para a realización dos servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo, con suxeición ao disposto na normativa vixente en cada momento.

4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa.

5. Sen prexuízo dos títulos habilitantes sectoriais que sexan preceptivos, o concello poderá establecer zonas de lanzamento ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou a vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. O concello poderá balizar zonas para embarcacións ou medios flotantes a vela.

6. Queda prohibido realizar calquera tipo de descarga ou vertido desde as embarcacións ao mar, de conformidade co disposto no Real Decreto 339/2021, de 18 de maio, polo que se regula o equipo de seguridade e de prevención da contaminación das embarcacións de recreo.

Artigo 19º Ocupación do espazo público con aparellos de navegación

1. Non se permite a ocupación do dominio público marítimo terrestre con aparellos de navegación sen autorización da administración competente, así como o abandono de obxectos, aparellos ou elementos como embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, motos náuticas, hamacas, remos e similares.

2. En caso de incumprimento da obriga anterior, a autoridade competente requirirá a retirada dos artefactos a quen resulte titular, concedéndolle un prazo de 24 horas para facelo, con advertencia expresa de retirada inmediata polo concello unha vez transcorrido o prazo sinalado, con repercusión dos custos municipais a cargo da persoa, depositándose os materiais nun recinto municipal.

3. En todo caso, o concello está facultado para a retirada cautelar dos artefactos sinalados no parágrafo anterior, a costa da persoa titular, por razóns de seguridade ou salubridade, así coma cando concorran circunstancias que aconsellen a conveniencia e/ou necesidade da súa retirada.

Artigo 20º Actividades deportivas, culturais e de lecer

1. O paseo, a estancia ou o baño teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. As actividades ou xogos de pelota, pas, voleibol-praia, e similares, tanto na area coma na auga, poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto das persoas usuarias, por realizarse a unha distancia non inferior a dez metros, ou cando a dimensión do areal así o permita.

3. Poderán desenvolverse actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que o concello habilite para a práctica de diversos deportes, xogos ou similares, ou que estean debidamente balizadas e autorizadas polo organismo competente.

4. Fóra de tempada de baño autorízanse as actividades deportivas e de lecer en calquera punto das praias, debendo recoller todo ao rematar a actividade e deixar limpo o espazo.

5. Esta habilitación non se aplica na praia das Lapas e nas calas de Durmideiras e dos Mouros, que se rexen polo disposto no plan de conservación do ENIL “Torre de Hércules”.

6. As actividades de carácter deportivo, lúdico ou cultural organizadas, sen prexuízo das autorizacións que sexan preceptivas, deberán situarse nas zonas que, polo tipo de actividade e praia, se considere tecnicamente máis conveniente. En tales casos, o espazo destinado á actividade será delimitado tras a autorización.

7. Está prohibida calquera tipo de publicidade mediante, carteis, vehículos, lonas, altofalantes, audiovisuais ou calquera outro medio agás autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 21º Deportes náuticos

1. Durante a tempada de baño poderanse habilitar zonas adecuadamente sinalizadas para a práctica de actividades deportivas coma surf, windsurf, kitesurf ou outros deportes similares, co fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ás persoas usuarias das praias.

2. Calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario que se estipule quedará supeditada por motivos de seguridade á ausencia de bañistas nas zonas de auga de baño onde se estea practicando a devandita actividade.

3. Poderanse exceptuar do previsto anteriormente os supostos de concursos ou campionatos, debendo as persoas organizadoras e as participantes respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o concello. Nestes casos permitidos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

Artigo 22º Circulación de vehículos nas praias

Nas praias non está permitido o estacionamento nin a circulación de vehículos de dúas ou máis rodas, de tracción mecánica ou animal, e especialmente motos e quads. Exceptúanse os carriños de bebés, os usados para utensilios de praias, os vehículos de emerxencia, seguridade e servizos municipais de limpeza, mantemento e vixilancia das praias, así coma os autorizados para persoas con discapacidade.

Capítulo VI
Seguridade cidadá

Artigo 23º Salvamento, socorrismo e primeiros auxilios

1. En función das necesidades dos areais, o concello dotará a estes dun servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.

2. O servizo de Salvamento, Socorrismo e Primeiros Auxilios estará formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación, seguridade e protección.

3. No Servizo de Salvamento e Socorrismo colaborarán os efectivos de Protección Civil, Policía Local e Bombeiros, así como aquelas outras entidades contratadas para actividades específicas.

Artigo 24º Persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo

1. De conformidade coa normativa de vixente aplicación, todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria deberá dispor da titulación que lle acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

2. Durante o seu exercicio profesional, o persoal do Servizo de Salvamento e Socorrismo contratado deberá ir uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable polas e polos usuarios da praia, e levará o equipamento que sexa preciso de conformidade co establecido nos pregos de condicións que rexen o contrato.

3. O persoal de socorrismo acuático permanecerá na súa área de responsabilidade durante a quenda establecida, e non poderá exercer simultaneamente ningunha actividade engadida á asignada.

Artigo 25º Postos de primeiros auxilios

As características da instalación e equipamento dos Postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para abordar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria; poderán contar con vehículos de loxística e apoio.

Artigo 26º Obrigas de seguridade para as persoas usuarias das praias

1. As persoas usuarias das praias deben seguir as orientacións e indicacións que por seguridade poidan realizar os servizos de salvamento e socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso, recoméndase non afastarse en máis de 50 metros da beira do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para os servizos de salvamento e socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade, ao igual que aquelas persoas que, aínda bañándose dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, non sigan as orientacións e indicacións do persoal do servizo de salvamento e socorrismo, ou se bañen fóra das zonas balizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

3. As persoas usuarias do servizo de baño asistido deberán asumir as condicións e normas de uso do servizo, así como as recomendacións que poidan realizar en todo momento o persoal de socorrismo, de voluntariado ou persoal monitor encargado do servizo.

4. Tendo en conta de que o baño colectivo pode implicar riscos que deben valorar con carácter previo os servizos de salvamento e socorrismo, no suposto do baño dun conxunto amplo de persoas que formen unha excursión –integrado por menores de idade ou non- deberase poñer esta circunstancia en coñecemento dos ditos servizos.

5. Queda prohibido o baño e a realización de calquera outra actividade acuática cando se atope izada a bandeira de cor vermella, tendo as persoas usuarias a obriga de saír da auga a continuación do izado da bandeira vermella. Quen vulnere as prohibicións anteriores cando se atope izada a bandeira de cor vermella, ou por requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento, será obxecto de denuncia.

6. Fóra da tempada de baño, haxa ou non bandeiras, deberán cumprirse as medidas de seguridade urxentes conforme ao disposto nesta ordenanza.

7. De xeito xenérico, prohíbese o baño e o mergullo nos canais balizados para o lanzamento e varada de embarcacións.

8. Queda prohibido lanzarse a auga do mar desde as zonas superiores dos cantís, rochedos, espigóns, embarcadoiros, plataformas decorativas. Tampouco se permite o baño nas zonas sinalizadas con esta prohibición. As persoas que incumpran esta prohibición farano baixo a súa responsabilidade e poden ser obrigadas a saír da auga pola súa propia seguridade, sen prexuízo da instrución do correspondente procedemento sancionador pola Administración municipal.

9. No caso da existencia de refachos de vento, co fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de salvamento e socorrismo poderá ordenar o peche de todo tipo de parasois, cadeiras, paraventos, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados, causando perigo para o resto das persoas usuarias da praia.

Artigo 27º Sinalización informativa de seguridade

1. Na tempada de baño, como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

   a) Verde: Apto para o baño.
   b) Amarela: Precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevén dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.
   c) Vermella: Prohibido o baño. Prevén dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. A sinalización informativa de seguridade poderá complementarse con outros tipos bandeiras que indiquen con claridade o perigo a previr.

Artigo 28º Medidas de seguridade urxentes

Fóra da tempada de baño, haxa ou non bandeiras, por razóns de seguridade debido a inclemencias do tempo, mal estado do mar, actividades de interese xeral ou por outras causas xustificadas, poderá prohibirse o baño e, incluso, o acceso e permanencia nos areais das praias, calas, rochas e zonas afectadas.

A tales efectos poderán acoutarse, encintarse ou precintarse os accesos por parte dos servizos municipais de seguridade cidadá, quedando prohibido remover, quitar, romper ou non respectar ditos medios de peche.

Estas medidas de prohibición de acceso e permanencia afectarán a todo tipo de persoas usuarias e de actividades (baño, surf, pesca, paseo, deportes e ocio de todo tipo).

En todo momento deberán obedecerse as ordes dadas por quen teña a condición de axente da autoridade, que poderá adoptar as medidas que sexan procedentes, tales como a expulsión forzosa de persoas e animais, así como a retirada de todo tipo de materiais e instrumentos situados nas praias.

Capítulo VII
Réxime sancionador

Artigo 29º Infraccións

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións tipificadas pola presente ordenanza como incumprimento de deberes, prohibicións, limitacións ou obrigas.

1. Constitúen infraccións leves:

   a. Non depositar os residuos nos contedores e papeleiras, ou non depositalos respectando as normas previstas nesta ordenanza.
   b. Tirar calquera tipo de residuo á area ou á auga.
   c. Acceder con mobiliario e outros elementos non habituais ás praias.
   d. Abandonar restos da pesca como cebos, anzois, e demais aparellos nas praias.
   e. Permanecer ou bañarse naquelas zonas delimitadas para a entrada e saída de embarcacións.
   f. Incumprir as indicacións de seguridade e os sinais, cando non sexa cualificada coma grave ou moi grave.
   g. Usar de xeito indebido a auga das duchas, lavapés ou aseos, así coma o emprego de xabóns e semellantes.
   h. Usar dispositivos sonoros (altofalantes, radios, instrumentos musicais e similares) de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto das persoas usuarias.
   i. Empregar megafonía con fins comerciais ou lucrativos salvo autorización expresa da autoridade competente.
   j. Non respectar os períodos e horarios establecidos para a pesca recreativa.
   k. Realizar evacuación fisiolóxica nas praias incluídas no ámbito desta ordenanza ou nas augas de baño.
   l. Realizar nas praias actividades con ánimo de lucro sen o preceptivo título habilitante.
   m. Acceder ás praias con animais domésticos durante o período estival, agás que estean expresamente habilitadas coma “praias caninas”, ou cando se trate de cans de salvamento ou auxilio, e os de asistencia a persoas con discapacidade.
   n. Realizar actividades que poidan resultar molestas para as persoas usuarias das praias e supoñan un incumprimento das normas cívicas de convivencia.
   o. Todas as demais condutas contrarias ao preceptuado nesta ordenanza que non teñan a cualificación de graves ou moi graves.

2. Constitúen infraccións graves:

   a. Reincidir na comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción leve, declarada por resolución firme en vía administrativa.
   b. Impedir ou obstaculizar as inspeccións e comprobacións necesarias para o efectivo cumprimento desta ordenanza.
   c. Realizar labores de abastecemento de combustible ou mantemento de maquinaria na area.
   d. Verter líquidos ou depositar nas papeleiras e contedores materiais en combustión, entullos, madeiras, animais mortos, etc.

e. Atracar e desatracar, varar ou permanecer as embarcacións, táboas de paddle surf, windsurf, kitesurf, motos náuticas e elementos similares fóra das zonas sinalizadas e destinadas para eles.
f. Entrar e saír ao mar desde a praia por quen realiza pesca submarina co fusil cargado ou outro instrumento que comprometa a seguridade das persoas, así como a súa manipulación en seco.
g. Abandonar calquera tipo de elementos voluminosos nas praias.
h. Meterse no mar ou non saír voluntariamente cando estea izada a bandeira vermella.
i. Facer un uso indebido ou deteriorar as duchas, lavapés, aseos, contedores ou calquera outro mobiliario ao servizo das praias.
j. A falta de limpeza e hixiene nas praias, ou calquera conduta que comporte unha alteración medioambiental que afecte á integridade física de terceiras persoas ou á seguridade e salubridade pública.
k. Tirar ou depositar na area ou no mar vidros ou envases metálicos, ou calquera elemento cortante, así como refugallos de obras.
l. Utilizar grellas e prender fogueiras sen o título habilitante correspondente.
m. Utilizar bombonas de gas ou calquera líquido inflamable.
n. Usar bengalas e materiais pirotécnicos sen autorización, salvo emerxencias.
o. Acampar, instalar tendas de campaña, estruturas de lona ou similares, agás as de pequena dimensión que dan servizo durante as horas diúrnas.
p. Pescar con cana ou outros aparellos fóra do horario permitido.
q. Consumir tabaco (queimado ou quentado) ou calquera produto que conteña nicotina nas praias ou parte destas que sexan declaradas polo concello como “praias sen fume”.
r. Incumprir as persoas titulares de servizos de tempada as obrigas recollidas nos artigos 11 e 13 desta ordenanza.
s. A desobediencia aos requirimentos dos servizos de seguridade cidadá ou dos axentes da autoridade que non teña a consideración de moi grave.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a. Reincidir na comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción grave, declarada por resolución firme en vía administrativa.
b. Facer publicidade a través de folletos, carteis, valados, medios audiovisuais ou de calquera outro tipo, salvo autorización expresa do órgano competente.
c. Circular as embarcacións, táboas de surf, paddle surf, kite surf, motos náuticas, esquí náutico ou outros artefactos flotantes non autorizados a distancia inferior a 200 metros da costa e nas zonas de baño, salvo nos canais debidamente sinalizados.
d. Verter ou depositar materiais que poidan producir contaminación e risco de accidentes.
e. Celebrar actos públicos ou competicións deportivas organizadas sen a autorización preceptiva do órgano competente.
f. Circular e estacionar vehículos non permitidos no areal sen autorización expresa, de conformidade co disposto no artigo 22 desta ordenanza.
g. Obstruír gravemente o normal funcionamento dos servizos públicos, en especial o de limpeza dos areais e o de vixilancia, salvamento, socorrismo e primeiros auxilios.
h. Impedir o uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización, así como o libre acceso público ás instalacións municipais tales como duchas, lavapés, aseos e similares.

i. O incumprimento das medidas de seguridade urxentes recollidas nesta ordenanza, e dos requirimentos efectuados polos servizos de seguridade cidadá e polo persoal do servizo de salvamento e socorrismo.

Artigo 30º Apercibimento

1. A autoridade municipal ou os seus axentes desta poderán apercibir verbalmente a quen infrinxa calquera das disposicións contidas nesta ordenanza co fin de que, de forma inmediata, cese a actividade prohibida ou realice a obrigación debida, sen prexuízo da remisión do parte de denuncia á administración competente.

2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará ás autoridades competentes no labor de informar do que establece a presente ordenanza, notificando as incidencias nas praias á autoridade competente.

3. As persoas usuarias da praia teñen a obriga de seguir as orientacións e as indicacións que poidan realizar os axentes da autoridade ou membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo.

Artigo 31º Sancións

1. As sancións pola infracción desta ordenanza serán independentes de calquera outra medida cautelar, preventiva ou reparadora, que adopten os órganos competentes.

2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza serán sancionadas, en defecto de normativa sectorial específica, con multas na forma e contías establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

    a. Infraccións leves: multas ata 750,00 €
    b. Infraccións graves: multas desde 751,00 € ata 1.500,00 €
    c. Infraccións moi graves: multas desde 1.501,00 € ata 3.000,00 €

3. Para a gradación das respectivas sancións deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

        a. O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
        b. A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
        c. A natureza dos prexuízos causados.
        d. A reincidencia, pola comisión no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

Artigo 32º Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

2. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese e o das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 33º Responsabilidade

Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nesta:

1. As persoas que, directamente, por conta propia ou allea, executen a actividade infractora, ou quen ordene a dita actividade cando a persoa executora se vexa obrigada a cumprir a dita orde.

2. Cando o cumprimento dunha obriga establecida por esta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se for o caso, se cometan e das sancións que se impoñan. Non obstante, cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible, individualizarase na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

3. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar ás persoas autoras da infracción, as persoas titulares ou propietarias dos vehículos ou embarcacións, táboas ou elementos semellantes cos que se cometa a infracción.

4. No caso de que a persoa infractora fose menor de idade, considerarase responsable ao pai, nai, titor/a, gardador/a ou persoa responsable legal, que deberá facer fronte ao pagamento da sanción pecuniaria correspondente e á obriga de reparación dos danos causados, no seu caso.

5. Serán responsables as persoas titulares dos títulos habilitantes cando, con ocasión do exercicio dun dereito recoñecido neles, se incorra nalgunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

6. As responsabilidades administrativas que deriven da comisión dunha infracción serán compatibles coa exixencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario. Poderá esixirse indemnización polos danos e perdas causadas, que será determinada polo órgano a quen corresponda o exercicio da potestade sancionadora. Se non se satisfixer a indemnización no prazo que para o efecto se determine, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 34º Autoridade competente e potestade sancionadora

As competencias previstas nesta ordenanza serán exercidas polos órganos competentes de conformidade co disposto coa normativa vixente.

As infraccións tipificadas nesta ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, tras a instrución do correspondente expediente sancionador.

A Alcaldía-Presidencia, como autoridade sanitaria, poderá adoptar as medidas necesarias para garantir as condicións hixiénico sanitarias das persoas usuarias nos areais, especialmente, en caso de alerta ou emerxencia sanitaria.

Para o desenvolvemento das ditas competencias seguiranse os procedementos que en cada caso e momento establezan as normas xerais aplicables.

Artigo 35º Procedemento sancionador

1. Réxime xurídico

    a) Os procedementos administrativos sancionadores tramitaranse de acordo co estipulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou as disposicións normativas que as substitúan.

2. Caducidade do procedemento sancionador

    a) Nos procedementos sancionadores instruídos en aplicación desta ordenanza deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de seis meses contados a partir do momento en que se acordou a súa iniciación.
    b) A falta de notificación da resolución á persoa interesada no devandito prazo determinará a caducidade do procedemento, agás nos supostos en que o procedemento se paralizase por causas imputables ás persoas interesadas ou se acordase a súa suspensión nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, o que interromperá o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas cantas disposicións municipais do mesmo ou inferior rango regulen materias contidas nesta ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan o seu contido.

Disposición final

Conforme co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación.

A Coruña, xx de XXX de 2025

Anexo I – Areais nos que se aplica esta Ordenanza

Situación xeográfica no sistema de referencia ETRS89.

Praia ou cala	Catalogación(*)	ETRS89: X	Y
Santa Cristina (A Coruña)	Urbana	549928,1053	4798907,7076
Oza	Urbana	550005,2647	4799509,3626
San Amaro	Urbana	548850,3971	4803372,0631
Durmideiras	ENIL Torre	549110,18	4803634,1794
Mouros	ENIL Torre	549184,0026	4803693,3325
As Lapas	Natural + ENIL Torre	548101,7416	4803604,4896
Matadoiro	Urbana	548309,0622	4802689,9491
Orzán	Urbana	548243,979	4802257,374
Riazor	Urbana	547767,36	4801925,7066
Lino - San Roque	Urbana	547081,6787	4802320,8606
Lino – Cetárea	Urbana	547014,1143	4802511,9935
Bens	Natural	544054,7754	4800894,1454

(*) Categoría establecida no *Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia*. Todas as praias catalogadas no concello da Coruña son tramos únicos. As calas de Durmideiras e Mouros non están relacionadas no Decreto, se ben atópanse, igual que a praia de As Lapas, dentro do espazo natural de interese local (ENIL) "Torre de Hércules.

Os requirimentos que se deberán observar para a ocupación das praias, segundo fosen catalogadas como naturais ou urbanas, veñen establecidos no *Real Decreto 876/2014, de 10 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de Costas*, artigos 68 e 69.

No caso da praia das Lapas e das calas dos Mouros e Durmideiras, ao atoparse dentro do espazo natural de interese local (ENIL) "Torre de Hércules", será de aplicación con carácter prioritario, pola súa prevalencia legal, o disposto no plan de conservación deste ENIL.

ORDENANZA REGULADORA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO DA CORUÑA.

EXPOSICION DE MOTIVOS

As vivendas de uso turístico constitúen un tipo de aloxamento turístico que acadou nos últimos anos gran presenza na cidade, segundo os datos da Axencia de Turismo de Galicia, para este 2024, representan o 84,9 % , das que o 4,1% corresponden á Coruña.

A Comunidade Autónoma de Galicia regula esta actividade no Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivenda de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 41 relativo ao réxime do exercicio da actividade das vivendas de uso turístico establece no apartado 5.5. que o destino como vivenda de uso turístico non é posible se está prohibido pola ordenación dos usos do sector no que se atope, ou se está prohibida polos estatutos da comunidade debidamente inscritos no Rexistro da Propiedade, no caso de edificios sometidos ao réxime da propiedade horizontal.

Neste punto, sobre a posibilidade dunha prohibición expresa polas Comunidades de Propietarios do establecemento no seu edificio de vivendas de uso turístico, o concello carece de competencias para interferir nas relacións xurídico-privadas de orde civil, e por isto, nos acordos que ao respecto adoiten as Comunidades de Propietarios, cuxa procedencia corresponde, competencialmente, avaliar aos órganos xudiciais da xurisdición civil.

Non en tanto, tratándose as licenzas de actos administrativos de control da legalidade urbanística de natureza regulada, concederanse de comprobarse o cumprimento da dita normativa, a salvo dos dereitos da propiedade e sen prexuízo dos de terceiros, de xeito que a habilitación administrativa non abonda para implantar o uso de vivenda turística se non conta coa autorización da Comunidade de Propietarios, o que se fará constar nas condicións legais das licenzas que se outorguen, no seu caso.

Sen prexuízo do control municipal, a administración autonómica competente en materia de turismo no procedemento de verificación da declaración responsable de inicio de actividade deberá comprobar se a localización da vivenda de uso turístico é compatible co réxime de usos do planeamento municipal.

No caso de que non se producira esa comprobación inicialmente no devandito procedemento de verificación e a vivenda de uso turístico resulte incompatible co réxime de usos do planeamento municipal, posto de manifesto polo informe municipal, deberá procederse á baixa da vivenda de uso turístico e a cancelación da inscrición da mesma no rexistro de empresas e actividades turísticas, por incumprimento dun dos requisitos que

resultan de aplicación para a realización da actividade: a compatibilidade co planeamento municipal.

As vivendas de uso turístico son un tipo de establecemento turístico, previsto no artigo 65 bis da Lei de Turismo de Galicia, cunha ordenación propia regulada no Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro, xunto coas vivendas e apartamentos turísticos.

A súa actividade é a de proporcionar aloxamento de forma temporal a terceiras persoas, do mesmo xeito que os outros establecementos de aloxamento turístico do artigo 55 da Lei.

No dito artigo 65 bis.1 da Lei de Turismo de Galicia (inserido polo artigo 37 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), defínense as vivendas de uso turístico:

1.Terán a consideración de vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas cunha finalidade turística.

Para estes efectos, entenderase que existe finalidade turística cando a cesión realícese de maneira reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estancia de curta duración.

Constitúen estancias de curta duración aquelas en que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos.

Considerarase cesión reiterada cando a vivenda cédase dúas ou máis veces dentro do período dun ano.

2. A comercialización das vivendas de uso turístico previstas no número 1 deberá consistir na cesión temporal do uso e goce da totalidade da vivenda, sen que se poidan formalizar contratos por habitacións nin coincidir dentro da vivenda persoas usuarias que formalicen diferentes contratos. Ademais, as vivendas deberán estar amobladas e equipadas en condicións de dispoñibilidade inmediata e coas características establecidas por vía regulamentaria. As vivendas de uso turístico poderán ser comercializadas, ademais de por as empresas turísticas reguladas no artigo 33.1, polos seus propietarios ou pola persoa física ou xurídica que os represente.

Neste último suposto, e sen prexuízo da consideración da vivenda como aloxamento turístico, non se aplicará o disposto no artigo 33.2.

3. As persoas propietarias e/o comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigacións impostas na presente lei e nas normas que a desenvolven, e responderán de maneira solidaria fronte a aquela, incluída a obriga de subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para estas vivendas.

Así mesmo, as empresas turísticas ou as persoas propietarias que comercialicen as vivendas de uso turístico deberán proporcionar, cunha periodicidade trimestral, á entidade pública instrumental competente en materia de turismo os datos de ocupación das vivendas de uso turístico.

4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.

5. En toda publicidade ou actuación de promoción que se realice, por calquera medio ou canle, deberá figurar o código de inscrición correspondente no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de non dispoñer del, o código acreditativo da presentación da declaración responsable que facilite a Administración.

6. As cesións temporais do uso e goce de vivendas que non cumpran os requisitos establecidos no número 1 deste artigo non terán a consideración de servizos ou actividades turísticas, de acordo con o establecido no número 2 do artigo 21 desta lei, polo que quedan fóra do seu ámbito de aplicación.

Segundo a xurisprudencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, (Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de datas 02/11/2021, 07/04/2022, 08/04/2022, 27/01/2023): As vivendas de uso turístico non son uso residencial porque carecen das características do devandito uso, caracterizado pola súa estabilidade e a permanencia; senón que se destinan a un uso de aloxamento ocasional e transitorio, cunhas características propias do uso turístico asimilable.

Estamos segundo o recollido na dita xurisprudencia ante un uso terciario, non residencial, polo que para a súa implantación, no contorno do PXOM, permitiranse as vivendas de uso turístico nas plantas baixas e primeiras dos edificios de vivendas, e edificios exclusivos, nos casos nos que a norma zonal de aplicación permita nestes os usos terciarios denominados uso hoteleiro, terciario de hospedaxe, hostalaría e actividades deste carácter asimilables. Malia o dito non se permiten se existe o uso de vivenda na planta inferior, tal e como recolle o artigo 5.1.4.5 do dito PXOM.

Sen prexuízo da esixencia de presentar unha declaración responsable ante a administración autonómica, competente no eido de turismo, as persoas que proxectan implantar e desenvolver a actividade deben presentar unha comunicación previa ante o Concello como título habilitante para exercer a actividade de vivenda de uso turístico, e a comunicación previa de obras ou solicitude de licenza, para executar as obras necesarias para implantar unha vivenda cos requisitos esixidos na normativa de habitabilidade.

O Concello ante a falta da habilitación administrativa adoptará as medidas de reposición da legalidade que correspondan ante a implantación e desenvolvemento da actividade

clandestina, (cesamento temporal como medida cautelar), e mesmo se resultase ilegalizable, por desconformidade co planeamento, a orde de cese definitivo da actividade ilegal e a reposición do inmoble afectado ao estado anterior a implantación da actividade obxecto das actuacións.

Para acadar a habilitación administrativa debe achegarse xunto coas comunicación previas e solicitudes de licenza de obras a documentación que xustifique a conformidade coa normativa sectorial de Turismo e a urbanística, para o que se acreditará que se compren as determinacións dos usos do PXOM da Coruña, (aprobado por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 25.02.2013), e do planeamento de desenvolvemento, nomeadamente, o Plan Especial de protección e reforma interior da Cidade Vella e Pescadaría, aprobado definitivamente polo Pleno municipal o 26.01.2015), cuxo eixo esencial é a protección do patrimonio cultural e os contornos protexidos da cidade.

A expansión das VUT repercute na cidade en distintos aspectos, nomeadamente, no acceso á vivenda ao reduciren o parque de vivendas dispoñible para aluguer, incrementaren os prezos dos alugueres, que no caso da xente nova resultan desproporcionados cos seus ingresos; na compatibilidade dos usos residenciais cos turísticos nos edificios que comparten as instalacións e espazos comúns, e mesmo, nos espazos e servizos públicos que determinan o modelo de cidade.

Xunto cos conflitos que xorden na convivencia entre a veciñanza e as persoas de paso nos edificios, tamén a oferta comercial e os servizos vanse acomodando ás demandas turísticas sobre as necesidades da cidadanía, que experimenta un proceso de xentrificación, e a incompatibilidade dos usos co desenvolvemento da vida cotiá, (traballo/descanso), e o encarecemento dos prezos xeral.

Desde un aspecto máis positivo, pódese considerar a renovación do parque das vivendas, aínda que en moitos casos estas melloras teñen finalidades estéticas, non da calidade da habitabilidade e seguridade das vivendas, e de escasa inversión, así como a recuperación do uso dos baixos dos edificios desocupados.

Na Coruña, consonte o mapa do INE, que concentración das VUT prodúcese nas zonas máis centrais e turísticas da cidade –Cidade Vella e A Pescaría–, e distribúense por toda a contorna máis consolidada da cidade, nos barrios, (desde Labañou ata Os Castros).

Neste contexto, e logo de comprobar a relación de vivendas declaradas ante a Axencia de Turismo de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), verificouse que se estaba a exercer a actividade de uso turístico en vivendas, sen contar coa habilitación administrativa municipal, e en moitos casos, vulnerando as determinacións dos usos do planeamento municipal vixente,

Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría, PEPRI.

Para evitar os efectos negativos que os cambios de uso das vivendas de uso residencial a vivendas de uso turístico producen no acceso á vivenda para a cidadanía e a concorrencia dunha zona de mercado residencial tensionado, o Concello delimitará os contornos que se saturen coa implantación de vivendas destinadas ao uso turístico no caso de que o número destas sexa superior a 0,5 vivendas de uso turístico por cada 100 habitantes nun mesmo distrito censual da cidade.

Esta proposta iniciarase cun estudo dos distritos relativo ao número de vivendas destinadas ao uso de vivendas de uso turístico en relación co número de habitantes do distrito.

A proposta conterá a delimitación concreta dos distritos saturados, cos planos correspondentes, e a prohibición de implantar novas vivendas de uso turístico.

Nomeadamente, na contorna do Plan Especial de Protección, primaran os principios de conservación da protección do patrimonio arquitectónico e cultural, a necesidade de frear os procesos de xentrificación e do parque de vivenda residencial.

En todo caso, a ordenanza tramitará as solicitudes de implantación das vivendas de uso turístico consonte o previsto no planeamento municipal que regula en cada ordenanza, as zonas da cidade nas que poden implantarse as vivendas de uso turístico e as súas condicións.

Polo dito, con esta regulación trátase de acomodar este uso en expansión coas previsións do planeamento municipal e establecer o procedemento e control da actividade, baixo o principio de reversibilidade, co obxecto de propiciar as condicións de retorno ao uso propiamente residencial, e acadar o equilibrio entre as distintas necesidades da cidadanía.

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta ordenanza é regular ás condicións de implantación das vivendas de uso turístico en aplicación do réxime que o vixente planeamento municipal establece para estes usos terciarios, e o procedemento esixible para obter a habilitación administrativa para implantar e desenvolver a actividade no Concello da Coruña.

Artigo 2. Definición

As vivendas de uso turístico son vivendas, que contando cos requisitos esixibles para as vivendas de Galicia segundo a normativa de habitabilidade, son alugadas a terceiras

persoas para o uso de aloxamento ocasional e transitorio, nas condicións do uso hoteleiro ou do uso terciario de hospedaxe.

As vivendas alúganse reiteradamente, 2 veces ou máis ao ano, para estancias de curta duración, ou inferior a 30 días consecutivos, a cambio dunha contraprestación económica.

A vivenda neste réxime cederase na súa totalidade, o aluguer por habitacións configura outro suposto de hospedaxe.

Deberán estar amobladas e equipadas en condicións de dispoñibilidade inmediata e coas características propias do uso residencial.

As persoas propietarias ou titulares da actividade teñen a obriga de obter as habilitacións administrativas da Comunidade Autónoma, Administración turística, ou órgano competente, ante o que xustificarán o cumprimento das obrigas legalmente impostas, e da administración local, tanto para implantar e desenvolver a actividade coma para executar as obras de reforma e acondicionamento necesarias.

Quedan fóra do eido desta regulación outras formas de aluguer de vivendas e outros usos hoteleiros, hostaleiros e de hospedaxe.

Artigo 3. Ámbito

A regulación das vivendas de uso turísticas dentro do territorio municipal acomodarase ás disposicións relativas aos usos, emprazamentos ou zonificacións que estableza o planeamento municipal, e as da lexislación sectorial que sexa de aplicación.

Artigo 4. Requisitos

1. Como requisito de implantación, cumpriranse as determinacións sobre o réxime de usos, admisibles, compatibles, alternativos e prohibidos que establece o planeamento municipal, o xeral e o de desenvolvemento.
2. Admítense as vivendas de uso turístico en edificios exclusivamente destinados a este uso, en todas as plantas, sen prexuízo da permanencia ou implantación da actividade hostaleira en planta baixa, aínda que sexa de pública concorrencia. E os comerciais e de servizos preexistentes.
3. Prohíbese a implantación dos usos de vivenda de uso turístico sobre vivendas de uso residencial; a vivenda de uso turístico non pode situarse nunha planta inmediata superior a destinada a vivendas de uso residencial.
   Con carácter xeral non se admiten estes usos en plantas altas agás os supostos previstos polo planeamento en planta 1ª, se a planta baixa ou planta baixa e entreplanta ten implantado un uso distinto ao de vivenda.

4. Como condicións das vivendas, estas deberán cumprir as condicións establecidas pola normativa de habitabilidade que lle corresponda; para as de nova construción, a vixente na data da súa autorización; de xeito que o uso de vivenda turística poda reverterse ao uso de vivenda residencial, no intre no que a propiedade, ou as persoas responsables da actividade turística, cesen no dito uso.
   Será esixible o cumprimento do estándar de aparcamento nas mesmas condicións que para os supostos dos usos de vivenda residencial, e coas excepcións previstas pola normativa.

II. CONDICIÓNS DE EMPLAZAMENTO DO USO DE VIVENDA DE USO TURÍSTICO.

Artigo 5

Nas rúas inseridas na contorna de aplicación das ordenanzas do PXOM, estarase as determinacións do réxime de usos establecidos neste:

1. Permítense implantar vivendas de uso turístico en edificios destinados a este uso coma exclusivo. Neste caso, non pode implantarse ningún outro uso, agás o hostaleiro en planta baixa, co obxecto de dar servizo a aquel, aínda que poda se accesible en réxime de pública concorrencia.
2. Autorizaranse as vivendas de uso turístico en planta baixa e en planta primeira sempre que a planta inferior non se destine ao uso de vivenda residencial, nos emprazamentos nas áreas nas que se rematara o proceso de ocupación, nas que se atopan as edificacións singulares, código1 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa), se o planeamento permite expresamente os usos terciarios; hoteleiros e hostaleiros ou espectáculos ou recreativos.
3. Igualmente, permítense nas plantas baixas e primeiras, na zona do ensanche, (código2 do plano de zonificación 06 do PXOM, ou o que o substitúa); en zonas de bloques de edificios, (código3 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa);
4. Nas zonas denominadas colonias protexidas e núcleos tradicionais, (código4 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa); e na zona ordenada para vivenda unifamiliar (código5 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa), so se permiten en edificio exclusivo, e para implantar unha única vivenda turística. En ningún caso a implantación do uso turístico pode vulnerar as características protexidas das colonias nin as condicións do uso residencial como vivenda unifamiliar.
5. Permítense a implantación de vivendas de uso turístico en planta primeira e baixa na situación prevista para os usos hoteleiros, hostaleiros, de espectáculos e recreativos, na zona de actividades económicas, nos mesmos termos que nos

parágrafos anteriores, (código6 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa).

6. Non se autorizan os usos antes relacionados na zona destinada a instalacións especiais, nin na destinada a equipamentos (códigos 7 e 8 do plano 06 de zonificación do PXOM, ou o que o substitúa).

Artigo 6

No ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría, (aprobado definitivamente polo Pleno municipal en sesión de data 26.01.2015) o uso característico é o residencial, admitíndose tamén como uso compatible alternativo o hoteleiro:

1. Admítense as vivendas de uso turístico en edificios exclusivamente destinados a estas.
2. Non se modifica esta consideración pola permanencia ou implantación do uso hostaleiro na planta baixa, aínda que sexa de pública concorrencia. E os comerciais e de servizos preexistentes.
3. Permitirase a implantación de vivendas de uso turístico en planta baixa e en plantas inferior á planta baixa e plantas altas sempre que estean vencelladas á planta baixa, no eido das ordenanzas que regulan a Pescadaría Norte, zona de expansión da cidade sobre a Enseada do Orzan, e na trama urbana do Ensanche do Século XIX, (ordenanzas PN e E, artigos 145 e 146 do vixente PEPRI, respectivamente.)
4. Prohíbese a implantación de vivendas de uso turístico, agás en edificios exclusivos nas zonas de áreas Urbanas Renovadas, ordenanza AUR; na zona de expansión da Cidade Vella, ordenanza CV; Pescadaría Sur ordenanza PS.

Artigo 7

1. Para implantar vivendas de uso turístico e exercer a actividade de aloxamento temporal deberá obterse, previamente a habilitación municipal preceptiva, para o que se deberá presentar a comunicación previa da actividade no modelo oficial municipal coa documentación completa que se relaciona neste, sen prexuízo da habilitación que se tramite ante a xunta de Galicia en materia de turismo, que se achegará coa documentación que acompañe a solicitude.

   As habilitacións administrativas para implantar e desenvolver as actividades obtéñense sen prexuízo das autorizacións que se precisen en aplicación do réxime da propiedade que se estableza nos estatutos ou réxime xeral das comunidades de propietarios.
2. Para reformar os locais e vivendas para destinalos ao dito fin deberá obterse a preceptiva licenza de natureza urbanística.

Os cambio de uso en locais e en edificios exclusivos, están suxeitos a previa obtención de licenza urbanística.

3. Poderán tramitarse por comunicación previa de obras, as obras de escaso alcance construtivo, que non afecten á estrutura, á envolvente e aos parámetros urbanísticos xerais, para reformar as vivendas de uso turístico, xa implantadas como tal. Os cambios de uso e as obras necesarias para implantar o novo uso están suxeitas a previa obtención de licenza urbanística.

   Se o cambio de uso é de vivenda de uso residencial a vivenda de uso turístico, a habitabilidade que xustificará é a correspondente á data da súa implantación ou obtención da licenza de ocupación.
4. As intervencións en edificios catalogados requirirán en todos os casos da preceptiva licenza urbanística, sen prexuízo da preceptiva autorización do órgano competente para a protección do patrimonio cultural de Galicia da Xunta de Galicia.
5. En todos os casos, deberá facerse constar se os locais ou vivendas destinadas a este uso terciario foron obxecto de rehabilitación ou reforma con subvencións públicas destinadas a mellora do parque de vivendas do termo municipal, ou de melloras destinadas a vivendas con axudas públicas.

   As vivendas reformadas, rehabilitadas ou dotadas con melloras, realizadas con axudas públicas procedentes da calquera administración para as vivendas, destinaranse ao uso residencial.

   Non se admitirá a implantación de vivendas de uso turístico en edificio exclusivo, rehabilitado, reformado ou reestruturado con axuda pública de calquera administración, nin aos edificios sometidos a algún tipo de protección pública.

   A reforma das instalacións comúns dos edificios de usos residenciais a instancia da comunidade con axuda pública, non impedirá a implantación do uso e vivendas de uso turísticos nas plantas baixa e primeira, se cumpren cos requisitos recollidos nesta ordenanza.

III. CONTIDO DAS COMUNICACIÓNS E SOLICITUDES.

Artigo 8

A comunicación previa coa documentación completa, que se relaciona no modelo oficial municipal, será o título habilitante municipal para implantar e exercer a actividade de prestación de aloxamento temporal nunha vivenda de uso turístico, sempre que a localización da mesma sexa conforme co réxime de usos do planeamento municipal e sen prexuízo das autorizacións que poidan corresponder en materia de propiedade horizontal no caso de edificacións co devandito réxime de propiedade.

Insírense os modelos de comunicación previa e solicitudes no Anexo I desta Ordenanza.

1. A comunicación deberá recoller a seguinte información:
   a) Características da actividade: localización e descrición da vivenda, superficie útil, en edificio exclusivo ou piso, e epígrafe fiscal.
   b) Datos identificativos da persoa comunicante, e aos efectos das notificacións.
   c) Relación da documentación preceptiva:
      - Xustificación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia.
      - Proxecto técnico da actividade, con memoria xustificativa do cumprimento da normativa urbanística, de habitabilidade, o CTE e da normativa autonómica que estableza as condicións das vivendas de uso turístico
      - Documento acreditativo da dispoñibilidade do local, vivenda ou edificio,
      - Copia do documento da alta en obrigas tributarias, no que figurará o local afecto a actividade, se fose o caso, ou da alta en actividades económicas se se dispón de persoal empregado.
      - Xustificante de ter pagadas as taxas de tramitación.
      - No caso das sociedades mercantís, a escritura de constitución e a acreditación da representación.
      - No caso das sociedades civís e comunidades de bens, a relación dos seus membros, con copia do seu DNI.
      - As autorizacións sectoriais preceptivas doutros órganos con competencias concorrentes en materia de protección e servidumes de protección, (Patrimonio Cultural, costas, augas, …)
   d) Asinarase a aceptación da comunicación da alta nas taxas da recollida do lixo.
   e) Farase constar expresamente se se van a executar obras para implantar a actividade. Neste caso deberá presentarse a comunicación previa de obras ou a solicitude de licenza co proxecto técnico que as documente e xustifique o cumprimento da normativa.
   f) Farase constar que a vivenda non contou con axudas públicas para mellorar as condicións do uso de vivenda.
   g) Indicarase a data prevista para iniciar a actividade.
   h) Asinarase a declaración responsable da veracidade do comunicado e do cumprimento da normativa.

O modelo de comunicación previa informará de para implantar o uso vivendas de uso turístico precisarase, xunto coa habilitación administrativa, nos edificios sometidos ao réxime de propiedade horizontal, a autorización da comunidade de propietarios ou a inexistencia dunha prohibición para implantar tales usos nos estatutos ou título regulador do réxime da comunidade.

Nas licenzas farase constar esta circunstancia na relación das condicións legais de implantación.

2. Se as obras necesarias para implantar a actividade en edificios catalogados non fosen autorizables, non poderá implantarse aquela.
3. A comunicación presentarase cunha antelación mínima de 15 días, para que a administración comprobe o contido do comunicado.
4. Antes de iniciar a actividade deberá inscribirse a vivenda de uso turístico no Rexistro único de arrendamentos segundo o establecido no Real Decreto 1312/2024, do 23 de decembro. Deberase presentar o xustificante desta inscrición per ante esta administración para incorporalo no procedemento relativo a habilitación administrativa, nun prazo máximo de 30 días.
5. Transcorrido este prazo entenderase a falta da achega desta inscrición como a falta dun documento esencial da comunicación para adquirir a eficacia de título habilitante, e, en consecuencia, procederase a declarar a ineficacia da comunicación previa da actividade.

IV. PROCEDEMENTO.

Artigo 9. Emenda das comunicación e declaracións de eficacia ou ineficacia:

1. Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na comunicación previa da interesada ou na documentación que se achega, requiriráselle para que no prazo de 10 días sexan emendadas, coa indicación de que, namentres, os efectos daquelas quedan suspendidos.
   Transcorrido o devandito prazo sen que se presente a documentación requirida, a comunicación presentada polo interesado quedará sen efecto, para o que se incoará o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa achegada, como habilitación administrativa.

   Se a actividade estivera implantada sen habilitación administrativa municipal incoarase, tamén, o procedemento de reposición da legalidade e sancionador.

   Nos procedementos de reposición da legalidade que se tramiten pola implantación e desenvolvemento do uso sen habilitación administrativa ou pola execución de obras sen esta, non se precisa a declaración de ineficacia previa relativa as deficiencias documentais, senón que esta se deriva da propia resolución do procedemento de reposición da legalidade.
2. A persoa interesada poderá solicitar ampliación do prazo se resulta insuficiente para emendar a deficiencia pola complexidade técnica ou xurídica da documentación a achegar. A denegación da ampliación do prazo será motivada.

3. Logo de que se emende ou mellore a comunicación, declararase a súa eficacia e alzarase a suspensión acordada. Pola contra, de non atender ao requirido, procederase a declarar a ineficacia do comunicado e a impedir o exercicio da actividade.

Artigo 10. Efectos das comunicacións previas da actividade:

1. A comunicación previa que se presente, con 15 días de antelación, coa documentación esixible completa e de conformidade coa normativa de aplicación habilita para iniciar a actividade e faculta á Administración pública para verificar a conformidade dos datos inseridos pola persoa responsable.
2. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa que se declarará previa audiencia da persoa que a presentou.
3. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación que se presentou e impide o exercicio da actividade desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que resulten do procedemento sancionador que se tramite.
4. Coa declaración de ineficacia da habilitación administrativa, resolverase canto proceda para garantir que se restableza a legalidade, e a situación xurídica anterior, así como a imposibilidade de presentar unha nova comunicación durante un período de que poderá ser de tres meses a un ano, ou definitiva se a actividade resulta incompatible co planeamento ou coa normativa sectorial.
5. As persoas titulares e responsables das actividades están obrigadas a garantir que as vivendas manterán as condicións que se comunicaron, e a adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.
6. Deberá presentarse unha nova comunicación previa cando se produzan modificacións relativas ás condicións ou características da actividade ou da vivenda.
7. O procedemento rematará coa inspección municipal e a comprobación da vivenda respecto das condicións de implantación e desenvolvementos das actividades que dará lugar a:
   a) A comprobación e inspección das instalacións, e da actividade.
   b) A incoación, tramitación e resolución dos procedementos de modificación, caducidade ou declaración de ineficacia da comunicación previa.
   c) A incoación, tramitación e resolución de procedementos sancionadores, de responsabilidade patrimonial e de restablecemento da legalidade, e execución, no seu caso, das resolucións ditadas nos mesmos.

d) A adopción das medidas de carácter preventivo con carácter previo á incoación ou con ocasión da tramitación de calquera dos procedementos sinalados nos apartados anteriores.

8. O concello notificará á interesada o resultado da inspección no prazo de 3 meses, ou a quen o solicitase e sinalará expresamente se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade ou, en caso contrario, os incumprimentos ou deficiencias detectados, co prazo de corrección que se determine segundo o grao de complexidade ou urxencia das intervencións.

O transcurso do prazo sen que se corrixan as deficiencias dará lugar á adopción das medidas cautelares que correspondan en cada caso, e, previa audiencia da persoa interesada, á adopción das ordes que procedan para repoñer a legalidade.

Artigo 11. Comunicacións previas de obras e solicitudes de licenza vencelladas a implantación das vivendas de uso turístico.

Se fose necesario reformar o local, edificio ou vivenda ou executar obras de nova planta para implantar a actividade será preceptiva a obtención da habilitación administrativa de natureza urbanística.

A Comunicación previa de obras ou a solicitude de licenza urbanística presentaranse segundo o disposto na ordenanza municipal reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos.

Os procedementos de tramitación, e o réxime xurídico relativo aos efectos e vixencia das habilitacións e o réxime previsto para a reposición da legalidade e sancionador regularanse na dita ordenanza á que se fai remisión expresa.

Artigo 12. Implantación dos usos de vivenda turística sen habilitación administrativa municipal

1. A realización da actividade de vivenda de uso turístico sen ter presentado a comunicación previa como título habilitante municipal, faculta ao concello o exercicio da acción de reposición da legalidade urbanística prevista na normativa urbanística e mesmo á suspensión cautelar da actividade mentres non regulariza a súa situación.
2. Previa tramitación do correspondente procedemento, ordenarase o cese da actividade no caso de incompatibilidade co planeamento municipal.
3. O réxime de inspección e control da legalidade e os procedementos de reposición da legalidade e sancionadores será o previsto e tipificado na lexislación que rixe as actividades e a urbanística, segundo o recollido na ordenanza municipal reguladora

dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos.

Consonte o previsto na lexislación sectorial, tramitaranse os procedementos de reposición da legalidade e sancionadores polo incumprimento da normativa sectorial esixible coma a de habitabilidade ou a de protección da contaminación acústica, entre outras.

V. DECLARACION DE ZONA SATURADA DE VIVENDAS DE USO TURISTICO.

Art.13. Proposta de delimitación de zonas saturadas de vivendas de uso turístico.

O Concello delimitará os contornos que se saturen coa implantación de vivendas destinadas ao uso turístico no caso de que o número destas sexa superior a 0,5 vivendas de uso turístico por cada 100 habitantes nun mesmo distrito censual da cidade.

Esta proposta iniciarase cun estudo dos distritos relativo ao número de vivendas destinadas a usos de vivenda de uso turístico en relación co número de habitantes do distrito.

A proposta conterá a delimitación concreta dos distritos saturados, cos planos correspondentes, e a prohibición de implantar novas vivendas de uso turístico.

Art. 14. Acordo administrativo de delimitación do contorno saturado de vivendas de uso turístico.

1. A delimitación do distrito saturado será aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellaría de Urbanismo e remitirase ao Pleno municipal para que adopte o acordo inicial de declaración de contorno saturado.
2. Nos distritos saturados identificaranse os inmobles de cada rúa no que se desenvolva a actividade de uso turístico.

Artigo 15. Exposición pública e trámite de alegacións.

1. O acordo plenario polo que se delimita o distrito saturado de vivendas de uso turístico será publicado no BOP e no tabuleiro municipal para coñecemento público. No prazo de exposición de 20 días poderán achegarse alegacións e suxestións respecto do seu contido.

Artigo 16. Acordo **de Declaración de zona saturada de vivendas de uso turístico.**

1. Rematado o trámite de exposición pública, redactarase desde a Concellaría de Urbanismo a proposta de declaración de zona saturada de vivendas de uso turístico que se remitirá para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local, que elevará o acordo da proposta ao Concello Pleno para que adopte o dito acordo.

Se non se presentaran alegacións nin suxestións no período de exposición pública, o contido da Declaración será o do acordo aprobado inicialmente.

Noutro caso, referiranse, motivadamente, as alegacións que se aceptan para modificar o texto inicial.

2. Do dito acordo darase conta ao órgano autonómico con competencias en materia de turismo.

Artigo 17. Efectos da Declaración de zona saturada de vivendas de uso turístico.

1. A declaración impedirá implantar novas vivendas de uso turístico en todo o distrito obxecto da dita declaración.
2. A imposibilidade de implantar novas vivendas destinadas a este uso impide a tramitación de habilitacións administrativas de actividade e de obras de acondicionamento vencelladas a aquel.

Malia o dito, as habilitacións administrativas para desenvolver o uso de vivendas de uso turístico, que se tiveron en conta para considerar a existencia dunha zona saturada, poderán ser obxecto de transmisión, nas mesmas condicións das habilitacións vixentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira.- As solicitudes de licenza e comunicacións presentadas polos interesados tramitaranse segundo o procedemento establecido nesta ordenanza a partir da súa entrada en vigor.

As presentadas anteriormente tramitaranse consonte os procedementos establecidos na ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades e servicios.

Segunda.-Concédese o prazo de 3 meses desde a entrada en vigor desta ordenanza para que os titulares da actividade terciaria de aloxamento temporal en réxime de vivenda de uso turístico, legalice a súa situación administrativa e obteña a habilitación administrativa que lle permita desenvolver a actividade ou dispoña o uso de vivenda cun réxime de aluguer dos previstos na Lei que regula o réxime dos alugueres urbanos.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Natureza xurídica dos Anexos.

Os Anexos que se incorporan a esta Ordenanza no teñen carácter regulamentario e, polo tanto, en atención ao seu contido, este pode ser ampliado ou modificado polo órgano competente para a resolución de solicitudes de licenza, autorizacións e demais títulos habilitantes urbanísticos e de desenvolvemento de actividades.

Segunda.- Entrada en vigor

A entrada en vigor da presente ordenanza producirase aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincial.

ANEXO I

MODELO COMUNICACION PREVIA DE USOS TURISTICOS EN VIVENDA

Concello da Coruña

Comunicación previa de actividade de uso turístico en vivendas
Comunicación previa de actividad de uso turístico en viviendas

Datos da persoa comunicante / *Datos de la persona comunicante*

Nome ou razón social *Nombre o razón social*					
Primeiro apelido *Primer apellido*			Segundo apelido *Segundo apellido*		
○ NIF *NIF*	○ NIE *NIE*	○ Pas. *Pas.*	○ Outros *Otros*	Número *Número*	

Representado por (se for o caso) / *Representado por (en su caso)*

Nome ou razón social *Nombre o razón social*				Primeiro apelido *Primer apellido*	
Segundo apelido *Segundo apellido*	○ NIF *NIF*	○ NIE *NIE*	○ Pas. *Pas.*	○ Outros *Otros*	Número *Número*

Datos de contacto para notificacións / *Datos de contacto para notificaciones*

Tipo de vía *Tipo de vía*	Nome de vía *Nombre de vía*			Número *Número*
Km *Km*	Bloque *Bloque*	Escaleira *Escalera*	Piso *Piso*	Porta *Puerta*
Código postal *Código postal*	Municipio *Municipio*		Provincia *Provincia*	

☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.
AUTORIZO al Ayuntamiento a realizar notificaciones a mi dirección de correo electrónico, mediante comparecencia en la Sede electrónica previa identificación fehaciente. En todo caso se notificará por esta vía a las personas obligadas según el art. 14.2 de la Ley 39/2015.

Datos de comunicación / *Datos de comunicación*

☐ Correo electrónico *Correo electrónico*	☐ Tel. móbil *Tel. móvil*	☐ Tel. *Tel.*

Localización da actividade e/ou instalación / *Emplazamiento de la actividad y/o instalación*

Tipo de vía *Tipo de vía*	Nome de vía *Nombre de vía*			Número *Número*
Km *Km*	Bloque *Bloque*	Escaleira *Escalera*	Piso *Piso*	Porta *Puerta*
Código postal *Código postal*	Municipio *Municipio*		Ref. catastral *Ref. catastral*	

Características da actividade e/ou instalación (Dentro das indicadas na relación que figura no dorso)
Características de la actividad y/o instalación (Dentro de las indicadas en la relación que figura al dorso)

Descrición da actividade / *Descripción da la actividad*				Epígrafe fiscal: / *Epígrafe fiscal:*
Datos básicos de la actividad / *Datos básicos da actividade*				
Superficie útil *Superficie útil*	Edificio exclusivo *Edificio exclusivo*	○ Sí *Sí*	○ Non *No*	Planta núm. *Planta nº*

Documentación preceptiva que se presenta: / *Documentación preceptiva que se presenta:*

☐ *Inscripción no Rexistro de empresas e actividades turísticas de Galicia.*
Inscripción en el registro de empresas y actividades turísticas de Galicia.

☐ Proxecto técnico da actividade que xustifique a normativa de habitabilidade da Xunta de Galicia en materia turística, das ordenanzas municipais sobre as condicións de implantacións das actividades.
Proyecto técnico de actividad que justifique la normativa de habitabilidad de la Xunta de Galicia en materia turística, de las ordenanzas municipales sobre las condiciones de implantaciones de las actividades.

☐ Documento acreditativo da dispoñibilidade do local/vivenda (contrato de arrendamento, escritura de compra, etc.).
Documento acreditativo de la disponibilidad del local (contrato de arrendamiento, escritura de compra, etc.).

☐ Copia da alta en obrigas tributarias onde se sinale o epígrafe fiscal propio da actividade e o local afecto a ela.
Copia del alta en obligaciones tributarias en donde se señale el epígrafe fiscal propio de la actividad y el local afecto a la misma.

☐ Autoliquidación de taxas.
Autoliquidación de tasas.

☐ En caso de sociedades, escritura de constitución dela, e en caso de comunidades de bens, relación dos seus membros con copia dos seus DNI.
En caso de Sociedades, escritura de constitución de la misma y en caso de Comunidades de bienes, relación de sus miembros con copia de sus DNI.

☐ Outros documentos presentados
Otros documentos presentados .....

Comunico: / *Comunico:*

☐ Aceptación de la comunicación de alta en la tasa por recogida de basura.
Aceptación da comunicación de alta na taxa por recollida de lixo.

○ Implantación da actividade con execución de obras no local. Data da solicitude de licenza ou comunicación previa de obras:
Implantación de la actividad con ejecución de obras en el local. Fecha solicitud de licencia o comunicación previa de obras:

○ Implantación da actividade sen executar obras.
Implantación de la actividad sin ejecutar obras.

☐ Fecha de inicio de la actividad:
Data de inicio da actividade:

Declaro baixo a miña exclusiva responsabilidade:

- Que as características indicadas reflicten fielmente a actividade e instalacións que se van implantar.
- Que se cumpran os requisitos establecidos para as vivendas de uso turístico pola lexislación autonómica e estatal.
- Que os elementos instalados cumpren a normativa de protección contra a contaminación acústica.
- Que a actividade cumpre co C.T.E.-DBSI.
- Que se cumpre a normativa sobre accesibilidade.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que o uso que se implanta é conforme coa ordenanza urbanística de aplicación.
- Que, no caso de que a implantación da actividade requira a execución de obras, non se iniciará esta en tanto non se presente a comunicación previa para o inicio da actividade.

Declaro bajo mi exclusiva responsabilidad:

- *Que las características indicadas reflejan fielmente la actividad e instalaciones a implantar.*
- *Que se cumplan los requisitos establecidos para las viviendas de uso turístico por la legislación autonómica y estatal.*
- *Que los elementos instalados cumplen la normativa de protección contra la contaminación acústica.*
- *Que la actividad cumple con el C.T.E.-DBSI.*
- *Que se cumple la normativa sobre accesibilidad.*
- *Que se cumplirán los requisitos de la normativa específica de tratamiento de residuos.*
- *Que el uso que se implanta es conforme con la ordenanza urbanística de aplicación.*
- *Que, en el caso de que la implantación de la actividad requiera la ejecución de obras, que no se iniciará ésta en tanto no se presente la comunicación previa para el inicio de la actividad.*

Información

1. *Para implantar o uso de vivenda de uso turístico precisará xunto coa habilitación administrativa nos edificios sometidos ao réxime de propiedade horizontal a autorización da comunidades de propietarios e a inexistencia dunha prohibición para implantar tales usos nos estatutos ou título regulador do réxime da comunidade*
2. *Para o legal desenvolvemento da actividade de vivenda de uso turístico debe inscribirse no rexistro único de arrendamentos segundo o establecido no Real decreto 1312/2024 de 23 de decembro. Deberase xuntar xustificante de dita inscrición ao expediente do título habilitante municipal.*

Os datos facilitados por Vde. serán tratados polo CONCELLO DA CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento, coa finalidade de xestionar a solicitude manifestada no presente documento, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, utilizaranse para xestionar a entrada de documentos ou comunicacións que se presenten ou reciben no Concello, de forma presencial ou electrónica, así como a saída de documentos oficiais e comunicacións dirixidas a outros organismos ou particulares, como a apertura dos expedientes administrativos que puidesen xurdir). Vde. poderá exercitar os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, no seu caso, ao noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten dispoñible máis información do tratamento dos seus datos en: (https://coruna.gal/rat).

Los datos por Ud. facilitados serán tratados por el AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA en calidad de Responsable de Tratamiento, con la finalidad de gestionar la solicitud manifestada en el presente documento, dentro del procedimiento administrativo correspondiente (específicamente, se utilizarán para gestionar la entrada de documentos o comunicaciones que se presenten o reciban en el Ayuntamiento, de forma presencial o electrónica, así como la salida de documentos oficiales y comunicaciones dirigidas a otros organismos o particulares, como la apertura de los expedientes administrativos que pudieran surgir). Ud. podrá ejercitar los derechos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación o, en su caso, Oposición. A estos efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF en el Registro de Entrada del Ayuntamiento: Plaza de María Pita, 1. 15001, A Coruña o, en su caso, a nuestro Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Asimismo, en caso de considerar vulnerado su derecho a la protección de datos personales, podrá interponer una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Tiene disponible más información del tratamiento de sus datos en: (https://coruna.gal/rat).

A Coruña, de de

Sinatura da persoa comunicante
Firma de la persona comunicante

ANEXO II

Para consultar os emprazamentos autorizables das vivendas de uso turístico, facilítanse os enlaces seguintes:

Para a contorna do PXOM: https://www.coruna.gal/urbanismo/gl/plan/plan-vixente?argIdioma=gl

Para a contorna do PEPRI: https://www.coruna.gal/urbanismo/gl/plan/pepri-2015

Área / Unidad DIRECCION URBANISMO ADF	Documento 66119I00C3	
Código de verificación 270J 1810 1F19 0B6E 01W7	Expediente 661/2024/47	
	Fecha 28-05-2025	

INFORME PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO DA CORUÑA.

ANTECEDENTES:

I.- A CMATI aprobou definitivamente por Orde do 25-02-2013 o documento refundido do PXOM da Coruña, ao que se refire a dilixencia do Oficial maior municipal do 16-05-2013. O Plan Xeral regula o réxime dos usos dos edificios no Capítulo II Título V, Condicións dos Usos, e nomeadamente, en cada norma zonal, no Título VII, condicións particulares da edificación en solo urbano. Normas zonais e dotacionais.

Os usos clasifícanse segundo a súa relación en usos cualificados, compatibles e prohibidos.

Segundo a súa natureza, clasifícanse en residencial, industrial, terciario, dotacional, garaxe-aparcamento, , comunicacións, infraestruturas de urbanización e uso do subsolo.

Cada norma zonal define os usos seguintes: característicos, asociados, compatibles, como complementarios ou alternativos, e os prohibidos.

II.- O Pleno municipal aprobou definitivamente o 26-01-2015 o Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría.

O Capítulo III, normas xerais de usos, do Titulo VI, normas xerais da edificación establece os tipos de usos no artigo 127 seguintes: cualificados ou característicos, asociados, compatibles e alternativos.

O artigo 128 clasifica os usos pola súa natureza como: residencial, industrial, terciario, dotacional, garaxe-aparcamento, comunicacións, infraestruturas de urbanización e uso do subsolo.

O Capítulo I, ordenanzas reguladoras tipo, dentro do Título VIII relativo as normas particulares de zona, establece as ordenanzas que regulan cada ámbito e nestas, o réxime de usos que corresponden a cada un deles.

III.- A Comunidade Autónoma de Galicia regula a actividade de vivendas de uso turístico no Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivenda de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

As vivendas de uso turístico son un tipo de establecemento turístico, previsto no artigo 65 bis da Lei de Turismo de Galicia, cunha ordenación propia regulada no Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro, xunto coas vivendas e apartamentos turísticos.

A súa actividade é a de proporcionar aloxamento de forma temporal a terceiras persoas, do mesmo xeito que os outros establecementos de aloxamento turístico do artigo 55 da Lei.

No dito artigo 65 bis.1 da Lei de Turismo de Galicia (inserido polo artigo 37 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), defínense as vivendas de uso turístico.

IV.-No eido da resolución dos conflitos xurdidos con relación aos usos das vivendas turísticas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, acadaron especial relevancia as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de datas 02/11/2021, 07/04/2022, 08/04/2022, 27/01/2023, ao definiren a natureza destes, e así:

As vivendas de uso turístico non son uso residencial porque carecen das características do devandito uso, caracterizado pola súa estabilidade e a permanencia; senón que se destinan a un uso de aloxamento ocasional e transitorio, cunhas características propias do uso turístico asimilable.

V.- Na Coruña, consonte o mapa do INE, a concentración destas vivendas de uso turístico prodúcese nas zonas máis centrais e turísticas da cidade –Cidade Vella e A Pescaría–, e distribúense por toda a contorna máis consolidada da cidade, nos barrios, (desde Labañou ata Os Castros).

Neste contexto, e logo de comprobar a relación de vivendas declaradas ante a Axencia de Turismo de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), verificouse que se estaba a exercer a actividade de uso turístico en vivendas, sen contar coa habilitación administrativa municipal, e en moitos casos, vulnerando as determinacións dos usos do planeamento municipal vixente, Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría, PEPRI.

VI.- Realizouse a consulta pública previa da modificación da ordenanza, segundo consta no informe do xefe de Sección de Innovación Tecnolóxica, que certifica que segundo os rexistros do xestor de contidos municipal, constátase que o formulario estivo accesible en internet entre as datas e horas concretas do 11 de outubro de 2024 ao 24 de outubro de 2024 , e relaciona, co texto íntegro, todas alegacións e suxestións que se presentaron no dito período.

A publicación desta Consulta pública sobre a ordenanza realizouse a través dun formulario web no seguinte enderezo:

https://www.coruna.gal/web/gl/actualidade/axenda/axenda-eventos/evento/consulta-publicaprevia-sobre-o-proxecto-de-ordenanza-reguladora-do-procedemento-paraimplantacion/suceso/1453878186785

VII.- A xunta de Goberno Local acordou na súa sesión do 31-01-2025 remitir o borrador da ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico ao Pleno do Concello que aprobou inicialmente o texto o 06-02-2025.

VIII.- Logo e publicarse o borrador do texto da ordenanza presentáronse 128 alegacións a este, entre o 14 de febreiro ao 28 de marzo, que foron obxecto de estudo para modificar en parte o contido da ordenanza e para dar resposta as cuestións solicitadas.

FUNDAMENTOS E NECESIDADE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA.

PRIMEIRO: Obxecto da ordenanza.

A regulación dos requisitos e condicións para implantar a actividade de vivendas de uso turístico na cidade configurase coma a ferramenta imprescindible que permita ordenar estes usos e controlar a observancia dos instrumentos de ordenación e planeamento de aplicación, logo de ter comprobada a relación de vivendas declaradas ante a Axencia de Turismo de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), e verificar que se estaba a exercer a actividade de uso turístico en vivendas, sen contar coa habilitación administrativa municipal, e en moitos casos, vulnerando as determinacións dos usos do planeamento municipal vixente, Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría, PEPRI.

A expansión das VUT repercute na cidade en distintos aspectos, nomeadamente, no acceso á vivenda ao reduciren o parque de vivendas dispoñible para aluguer, incrementaren os prezos dos alugueres, que no caso da xente nova resultan desproporcionados cos seus ingresos; na compatibilidade dos usos residenciais cos turísticos nos edificios que comparten as instalacións e espazos comúns, e mesmo, nos espazos e servizos públicos que determinan o modelo de cidade.

Xunto cos conflitos que xorden na convivencia entre a veciñanza e as persoas de paso nos edificios, tamén a oferta comercial e os servizos vanse acomodando ás demandas turísticas sobre as necesidades da cidadanía, que experimenta un proceso de xentrificación, e a incompatibilidade dos usos co desenvolvemento da vida cotiá, (traballo/descanso), e o encarecemento dos prezos xeral.

Tamén a ordenanza quere ter en consideración a posibilidade de intervir na renovación do parque das vivendas, e na recuperación do uso dos baixos dos edificios desocupados.

Nas condicións de implantación teranse en conta, na contorna do Plan Especial de Protección, os principios de conservación da protección do patrimonio arquitectónico e cultural, a necesidade de frear os procesos de xentrificación e do parque de vivenda residencial.

E no ámbito do planeamento xeral, o PXOM, as zonas da cidade nas que segundo as ordenanzas de aplicación poden implantarse as vivendas de uso turístico e as súas condicións. Neste caso pártese do principio da consideración deste uso como terciario, para permitir a implantación desta actividade en analoxía coas outras de carácter terciario e de pública concorrencia.

Así, segundo o recollido na dita xurisprudencia ante un uso terciario, non residencial, asimilarase aos usos terciarios previstos no PXOM, ben ao denominado uso hoteleiro ou como uso terciario de hospedaxe, hostalaría e actividades deste carácter asimilables.

Polo dito, con esta regulación trátase de acomodar este uso en expansión coas previsións do planeamento municipal e establecer o procedemento e control da actividade, baixo o principio de reversibilidade, co obxecto de propiciar as condicións de retorno ao uso propiamente residencial, e acadar o equilibrio entre as distintas necesidades da cidadanía.

A ordenanza regula tamén as habilitacións administrativas esixibles para implantar e desenvolver a actividade e para executar obras.

Así, sen prexuízo da esixencia de presentar unha declaración responsable ante a administración autonómica, competente no eido de turismo, as persoas que proxectan implantar e desenvolver a actividade deben presentar unha comunicación previa ante o Concello como título habilitante para exercer a actividade de vivenda de uso turístico, e a comunicación previa de obras ou solicitude de licenza, para executar as obras necesarias para implantar unha vivenda cos requisitos esixidos na normativa de habitabilidade.

Igualmente prevense as medidas de reposición da legalidade que correspondan ante a implantación e desenvolvemento da actividade clandestina, (cesamento temporal como medida cautelar), e mesmo se resultase ilegalizable, por desconformidade co planeamento, a orde de cese definitivo da actividade ilegal e a reposición do inmoble afectado ao estado anterior a implantación da actividade obxecto das actuacións.

No último capítulo establécese un procedemento para declarar zonas saturadas por esta actividade, nas condicións e cos efectos que se regulan.

SEGUNDO: Xustificación da regulación do procedemento para acceder as habilitacións municipais da actividade.

En aplicación da normativa que rexe a implantación e desenvolvemento desta actividade e o planeamento municipal, establécense os requisitos e condicións de implantación e desenvolvemento, o procedemento para acadar as habilitacións municipais preceptivas e as medidas relativas a repoñer a legalidade.

Considerando que estes deben aplicarse con carácter xeral e condicionan as actuacións públicas e privadas, deben ser obxecto dun regulamento e, polo tanto, dunha ordenanza municipal.

TERCEIRO: Sobre as alegacións achegadas, cómpre precisar o seguinte:

1. **COMPETENCIA NORMATIVA MUNICIPAL**

   Con carácter xeral cómpre subliñar que a ordenanza ten por obxecto regular a tramitación das habilitacións municipais para implantar e desenvolver a actividade de vivendas de uso turístico, exclusivamente: Non se regulan nin os apartamentos turísticos, nin os alugueres de tempada, ou non, obxecto da LAU.

Esta tramitación acomódase as características da cidade e dos instrumentos de ordenación do territorio e a normativa do planeamento, consonte a normativa estatal e autonómica que regula esta actividade, en exercicio da competencia normativa municipal, propia da autonomía local garantida pola Constitución Española, artigos 137, 140 a) e 142, xunto coa Carta Europea da Autonomía local, CEAL, e ao obxecto das ordenanzas municipais segundo as competencia atribuídas polo artigo 4.1 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, LBRL.

A xurisprudencia recolle, respecto da xerarquía normativa das ordenanzas a súa subordinación a lei, nembargantes a relación da ordenanza municipal coa lei ordinaria ríxese polo principio de competencia, non polo de xerarquía. No eido competencial do concello cabe a regulación por ordenanza municipal das distintas materias consonte a doutrina da *vencellación negativa ao principio de legalidade,* así o Tribunal Supremo recolle nas súas sentenzas, entre as que se cita; a da Sala Terceira, Sección 4ª, do 17 de novembro; a do 9 de decembro do 2009, e a do 22 de maio do 2015 recolle que "*Con carácter general, resulta imprescindible señalar que cualquier decisión sobre las competencias municipales no puede sustentarse sobre el criterio de la "vinculación positiva", es decir, que un ayuntamiento sólo tiene competencia normativa cuando la misma ha sido atribuida por una norma legal, en un determinado ámbito material de la actuación administrativa. Tal es su vinculación al principio de legalidad. Sin que pueda dictar, por tanto, una ordenanza en ese ámbito sectorial sin dicha habilitación previa. Ahora bien, la jurisprudencia más reciente de esta Sala se ha inclinado por el criterio de la "vinculación negativa", en virtud del cual la competencia normativa de las entidades locales no precisa de una específica habilitación legal en cada ámbito sectorial en el que, como ahora sucede, se dicta la ordenanza, siempre, claro está, que no esté excluida dicha competencia y que no contravenga la correspondiente legislación, estatal o autonómica, que resulte de aplicación*".

O procedemento para tramitar as ordenanzas regúlase na dita Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, LBRL, sen que resulte preceptivo a obtención de informes doutras administracións, precisamente polo principio constitucional da autonomía local no eido das súas competencias e, no que respecta a remisión aos órganos europeos encargados de revisar e establecer criterios e condicións técnicas para garantir os niveis de seguridade e calidade acordados pola UE, está cómpre para o caso das normas que son documentos técnicos que establecen especificacións , criterios e directrices para a fabricación, deseño, instalación, uso ou mantemento de produtos, sistemas ou servizos, por exemplo, tendo tal trámite como obxectivo garantir os ditos niveis de seguridade e calidade.

2. INNECESARIDADE DE MODIFICAR AS ORDENANZAS INCORPORADAS AO PLANEAMENTO

Pola outra banda, esta ordenanza non modifica a normativa do planeamento municipal, que se configura tamén como instrumento vivo na súa vixencia indefinida, senon que coordina as novas condicións da realidade dos usos de aloxamento e hoteleiros consonte a normativa estatal e autonómica que os define e establece os requisitos e condicións de implantación, nin o seu contenido, destinando a establecer os criterios de obtención das habilitacións administrativas para as vivendas de uso turístico en condicións de seguridade xurídica para todos os operadores intervintes. No é, polo tanto, de seu, obxecto de regulación exclusiva do planeamento municipal que teñen por obxecto establecer os requisitos para ordear o

territorio, os parámetros construtivos e de urbanización e os usos para cada tipo de solo segundo a súa categoría, clasificación e calificación, artigos 52 a 57 da Lei 2/2026, do solo de Galicia.

3. SOBRE A NON RESTRICCION NIN LIMITACION POR ORDENANZA.

Os concellos teñen potestade normativa atribuída pola Lei de bases do réxime local (artigo 4.1 a). A ordenanza non se está extralimitando no seu contido.

Coa aprobación da ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña, no exercicio da devandita potestade normativa da administración local, preténdese recoller nunha norma de rango regulamentario o criterio interpretativo aprobado sobre a admisibilidade do uso de vivendas de uso turístico como un uso terciario do planeamento municipal, para os efectos dunha publicidade con efectos erga omnes, coa finalidade de garantir unha seguridade xurídica aos distintos axentes intervenientes nos procedementos para a implantación da devandita actividade.

Con base na xurisprudencia que establece que as vivendas de uso turístico son unha actividade e non un uso residencial, a ordenanza regula o procedemento e o título habilitante para a implantación da devandita actividade, de acordo coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia e o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, así como o título habilitante urbanístico no caso de realización de obras ou cambios de uso para o exercicio da actividade de vivenda de uso turístico, de acordo co establecido na Lei 2/16, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei do solo.

Así mesmo, na ordenanza en base ás competencias municipais de disciplina urbanística e control da legalidade, prevese o exercicio da acción de reposición da legalidade urbanística ante os supostos de actividades que se realizan sen o correspondente título habilitante municipal, previsto na normativa urbanística autonómica (art. 152 da Lei 2/16, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 376 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei do solo) e á que se remite para o procedemento de reposición da legalidade en materia de actividades, o artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Coa aprobación da ordenanza garántese en todo momento unha maior seguridade xurídica aos distintos axentes intervenientes no procedemento para o exercicio da actividade de vivendas de uso turístico, quedando recollido na devandita norma tanto as posibles localizacións da dita actividade conforme ao réxime dos usos terciarios no planeamento municipal, o procedemento para o exercicio desta actividade, establecendo o título habilitante adecuado conforme á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia e o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, así como a documentación para achegar co devandito título.

4. SOBRE A VULNERACIÓN DO ARTIGO 9.3 CE.,E IRRETROACTIVIDADE DAS DISPOSICIÓNS RESTRITUVAS DE DEREITOS E SANCIONADORAS.

O artigo 9.3 da Constitución Española (CE) establece os principios fundamentais do Estado de Dereito, garantindo a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais. A xurisprudencia, principalmente do Tribunal Constitucional, interpreta e aplica estes principios, destacando a importancia da seguridade xurídica e a interdicción da arbitrariedade.

A ordenanza, como se sinalou, ten por obxecto establecer a tramitación das habilitacións administrativas municipais para implantar e desenvolver a actividade de vivendas de uso turístico nas novas condicións da realidade dos usos de aloxamento e hoteleiros consonte a normativa estatal e autonómica que os define e establece os requisitos e condicións de implantación, e logo de que os tribunais declarasen que se trata dunha actividade de carácter terciario. Tramítase no eido das competencias municipais, segundo o procedemento legalmente establecido e non conten ninguha norma restritiva de dereitos nin disposicións sancionadoras que se apliquen retroactivamente.

O Plan xeral municipal da Coruña vixente (aprobado definitivamente por Orden do 25-02-2013, do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, *DOG núm. 48, del 8 de marzo de 2013*, así coma o Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade vella e Pescadaría, aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 26-01-2015, establecen os usos permitidos, compatibles, alternativos e prohibidos en cada norma zonal, nomeadamente, os usos terciarios, terciario hoteleiro.

Como se dixo, logo de que a xusrisprudencia, fonte secundaría do dereito, analizase que non se se daban nestes usos as notas características do uso residencial, senon que se trata dunha actividade económica, vense aplicando o réxime dos usos previstos no dito planeamento.

E, tendo en conta a natureza regulada das habilitacións administrativas se o uso resulta compatible co planeamento, obtense a habilitación, noutro caso, non.

Nos casos nos que se implantou e desenvolveu a actividade sen a habilitación municipal preceptiva, ordeáse o cese.

Esta tramitación tense que observar, exista ou non unha ordenanza que regule a tramitación das habilitacións nesta cidade.

5. DEREITOS ADQUIRIDOS.

Na teoría dos dereitos adquiridos, formulada por Gabba, no eido do ordenamento civil, consideránse dereitos adquiridos aqueles que resultan dos feitos que, en aplicación da lei vixente no intre no que foron realizados, xeraron o dereito que foi incorporado inmediatamente no patrimonio da persoa. Logo de ter sido adquirido este dereito unha lei posterior non pode aplicarse retroactivamente para vulneralo, nin afectar a súa existencia mesma.

Na Constitución Española, no eido do dereito público, os *dereitos adquiridos* son dereitos subxetivos recoñecidos que non poden ser eliminados nin modificados pola Administración nin por leis posteriores.

Nos casos referidos nas alegacións faise referencia non a dereitos adquiridos senon a implantación dunha actividade, contraria ao planeamento municipal, sen a habilitación municipal preceptiva que a ampare ou xustifique. Polo que o tratamento que a administración debe darlle é a mesma que a de calquera outra actividade, uso do solo ou implantación contraria ao planeamento sen licencia ou habilitación administrativa municipal, consonte o establecido nos artigos 375 e ss. do Decreto 143/2016 polo que se aprobou o regulamento que desenvolve a Lei 2/2016 do solo da Galicia coas remisións correspondentes da Lei 9/2013 do 19 de decembro do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, e da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, entendendo que as actividades que non se acomodan a legalidade sen a preceptiva habilitación configuran unha infracción urbanística continuada, para as que non caduca a acción, segundo recolle a xurisprudencia de cuxas sentenzas se cita, por todas a do TSXG n.º 209/2022, de 13 de mayo de 2022 (ECLI:ES:TSJGAL:2022:3529).

concello tramita os procedementos de reposición da legalidade e sancionadores contra a implantación de actividades sen habilitación administrativa e contra as determinacións do réxime do uso do solo do planeamento de aplicación con independencia de que exista ou non unha ordenanza que regule o procedemento para obter habilitacións administrativas.

6. VULNERACIÓN DO DEREITO A PROPIEDADE.

dereito a propiedade garántese no artigo 33.1da CE que recoñece o dereito á propiedade privada e a herencia, e no art. 33.2 establece a súa función social o que determinará que os dereitos que dan contido a este dereito será delimitado consonte as leis.

Neste caso, o dereito da propiedade conten unha faz de facultades relativas a usar, gozar, disfrutar e dispoñer dos bens consonte a lei, sen outras limitacións que as que esta dispoña.

Así, a función social da propiedade establece os límites constitucionalmente previstos vencellados co interese xeral do Estado, a utilidade e a salubridade pública, para o servicio da colectividad e o interese social. Este é o fundamento que rexe na ordenación do territorio e nos parámetros que se regulan no planeamento municipal para os usos do solo, de xeito que o faz de facultades do dereito da propiedade non lle atribúe de seu o contido do aproveitamentos urbanísticos, os dereitos a construír, sobre as construcións ou instalacións nin a implantacións dos usos, que veñen determinados segundo a clasificación do solo, a zonificación e a regulación contida no planeamento.

Os usos das edificacións, e as actividades autorizables, como se sinalou, veñen determinadas polo planeamento de aplicación. Nomeadamente as actividades de aloxamento, hoteleiras e mesmo as vivendas de uso turístico, son autorizables cando resulten compatibles coas determinacións daquel.

A ordenanza que regula o procedemento para obter habilitacións municipais para implantar vivendas de uso turístico consonte a exislación estatal, autonómica e o planeamento vixente nom vulnera os dereitos dos propietarios.

7. VULNERACIÓN DO DEREITO A LIBERDADE DE EMPRESA

A CE no artigo 38 recoñece a libertade de empresa no eido da economía de mercado. Os poderes públicos garanten e protexen o seu exercicio e a defensa da productividade, dacordo coas exixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación.

O artigo 84 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, LBRL, establece que as entidades locais poderán intervenir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios: a) Ordenanzas e Bandos; b) Sometimiento a previa licencia e a outros actos de control preventivo.

As limitación dos usos dos edificios, consonte o planeamento vixente e a lexislación prevista para cada actividade non vulnera o dereito a a libertade de empresa no eido da economía de mercado, nin se ven a afectar cunha ordenanza que regula o procedemento para obter habilitacións municipais para implantar vivendas de uso turístico.

A esixencia dun título habilitante municipal para o exercicio da actividade de vivendas de uso turístico, non vulnera a liberdade de empresa. Está a esixirse o mesmo que para o exercicio de calquera outra actividade económica, correspondendo a presentación de comunicación previa, de acordo co réxime establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

8. CUMPRIMENTO DE NORMATIVA TECNICA SECTORIAL

Para a implantación da actividade de vivendas de uso turístico esíxese presentar coa comunicación previa como título habilitante municipal para o exercicio da actividade, un proxecto técnico de actividade cunha memoria xustificativa do cumprimento da normativa urbanística de habitabilidade, o código técnico da edificación e a normativa autonómica que estableza as condicións das vivendas de uso turístico. No caso de que para a implantación da actividade de vivendas de uso turístico sexa necesario realizar obras ou un cambio de uso, deberá ademais solicitarse licenza como título habilitante municipal urbanístico acompañada de proxecto técnico de obras ou cambio de uso, xustificando na memoria do mesmo o cumprimento da citada normativa (urbanística, de habitabilidade, o código técnico da edificación e a normativa autonómica que estableza as condicións das vivendas de uso turístico).

A ordenanza regula o procedemento e o título habilitante para a implantación da devandita actividade, de acordo coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia e o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, así como o título habilitante urbanístico no caso de realización de obras ou cambios de uso para o exercicio da actividade de vivenda de uso turístico, de acordo co establecido na Lei 2/16, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei do solo.

A esixencia de proxecto con memoria xustificativa do cumprimento da normativa de aplicación faise conforme ao establecido na normativa autonómica urbanística e de actividades.

Respecto da esixencia de xustificación do cumprimento da normativa de habitabilidade, resulta relevante o artigo 4.4 da ordenanza. A esixencia do cumprimento de normativa de habitabilidade está fundamentada na posible reversión do uso terciario de vivenda de uso turístico ao uso residencial de vivenda. Requírese xustificar o cumprimento da normativa de habitabilidade que corresponda por antigüidade da vivenda, salvo que se realicen obras de

reforma, rehabilitación, etc… e resulte de obrigada aplicación a normativa de habitabilidade actual ou ben as excepcións contempladas na mesma.

9. DIFERENZA ENTRE VIVENDAS DE USO TURISTICO E OUTROS ALUGUEIROS TEMPORAIS DE VIVENDAS.

As vivendas de uso turístico son un tipo de establecemento turístico, previsto no artigo 65 bis da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, (introducido polo artigo 37 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas), sendo a súa finalidade a de proporcionar aloxamento de forma temporal a terceiras persoas, do mesmo xeito que os outros establecementos de aloxamento turístico do artigo 55 da Lei de turismo. As vivendas de uso turístico teñen unha ordenación propia regulada no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, xunto coas vivendas e apartamentos turísticos xa previstos na redacción inicial da Lei de turismo, nos seus artigos 64 e 65.

Teñen a consideración de vivendas de uso turístico as cedidas a terceiras persoas cunha finalidade turística, entendéndose que existe dita finalidade cando a cesión se realice de maneira reiterada (dúas ou máis cesións no período dun ano) e a cambio de contraprestación económica, para unha estancia de curta duración (inferior a trinta días consecutivos).

A propia Lei de turismo, no citado artigo 65 bis, establece que aqueloutras cesións temporais do uso e goce de vivendas que non cumpran os requisitos establecidos no número 1 deste artigo non terán a consideración de servizos ou actividades turísticas.

É dicir para que a cesión de uso de vivenda teña a consideración do exercicio da actividade de vivenda de uso turístico, ten que ser con finalidade turística; é dicir, dúas ou máis veces ao ano e por períodos de tempo inferiores aos trinta días consecutivos. Se non se cumpren estes dous requisitos, non é unha vivenda de uso turístico e, por tanto, non é de aplicación esta ordenanza. Tratarase dalgunha das modalidades de alugueiro de tempada previsto na Lei de arrendamentos urbanos (Lei 29/1994, do 24 de novembro).

Pola súa banda a Lei de arrendamentos urbanos, no seu artigo 5 relativo a arrendamentos excluídos no seu apartado (introducido polo artigo 1.2 do Real decreto lei 7/2019,, do 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugueiro) establece como suposto excluído da aplicación da LAU a cesión temporal de uso da totalidade dunha vivenda amoblada e equipada en condicións de uso inmediato, comercializada ou promocionada en canles de oferta turística ou por calquera outro modo de comercialización ou promoción, e realizada con finalidade lucrativa, cando estea sometida a un réxime específico, derivado da súa normativa sectorial turística.

Este precepto exclúe ás vivendas de uso turístico da aplicación da Lei de arrendamentos urbanos.

No artigo 3 da LAU regúlanse os arrendamentos para uso distinto do de vivenda (definido no artigo 2) e recolle no apartado 2 os arrendamentos de fincas urbanas celebrados por tempada (sexa de verán ou calquera outra), distintos daquelas cesións excluídas no artigo 5.2.

Os alugueiros de tempada sexan para estudantes, vacacionais (sen as características de vivenda de uso turístico, de acordo coa normativa autonómica, finalidade turística e curta duración) están sometidos á Lei de arrendamentos urbanos, segundo o réxime establecido no

artigo 4 da devandita lei e non supoñen o exercicio dunha actividade económica nin un uso terciario no inmoble, senón un destino de vivenda de uso residencial.

CUARTO: O texto do borrador da ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña, foi modificado consonte as alegacións que se achegaron.

Estrutúrase nunha exposición de motivos e 5 títulos, clasificados en números romanos, que se dividen en artigos:

- O título I refire o obxecto e ámbito de aplicación.
- O título II regula as condicións de emprazamento do uso de vivenda turística
- O título III establece o contido das comunicacións previas e as solicitudes.
- O título IV regula o procedemento a seguir.
- O título V establece o procedemento para declarar zonas saturadas de vivendas de uso turístico
- Remata o texto normativo cunha Disposición transitoria, dúas disposicións finais.

Ao texto engádense dous anexos, o primeiro para recoller o modelo municipal tipo, que se establece como habilitación municipal para implantar a actividade, e o segundo conten os enlaces da web municipal que faciliten a cidadanía a verificación dos ámbitos nos que a implantación da actividade resulta compatible co planeamento.

Os Anexos que se incorporan a esta Ordenanza no teñen carácter regulamentario e, polo tanto, en atención ao seu contido, este pode ser ampliado ou modificado polo órgano competente para a resolución de solicitudes de licenza, autorizacións e demais títulos habilitantes urbanísticos e de desenvolvemento de actividades.

QUINTO: Observouse na tramitación o procedemento legalmente establecido, e consta cumprido o tramite da consulta pública previa da modificación da ordenanza, e a publicación e exposición públicas do borrador do texto da ordenanza. Neste trámite recolléronse e avaliáronse as alegacións as que se fai referencia no fundamento terceiro.

SEXTO: Correspóndelle ao Pleno municipal, consonte o art. 22.2.d de la Lei 7/85, aprobar as ordenanzas municipais.

Polo dito, redáctase a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas con código de asento RMPE190GE1, RMPE190GB2, RMPE190GHH, RMPE190GG6, RMPE190GG5, RMPE190GKA, RMPE190GMF, RMPE190H03, RMPE190GZJ, RMPE190H1A, RMPE190H1O, RMPE190H5D, RMPE190H61,

RMPE190H8B, RMPE190H8S, RMPE190H91, RMPE190H94, RMPE190H9B, RMPE190HA6, FRAE19027Z, RMPE190HCS, RMPE190HIC, RMPE190HIU, RMPE190HJN, RMPE190HK3, RMPE190HKI, RMPE190HZR, RMPE190HR2, FRAE190283, RMPE190I0G, FRAE190284, RMPE190I4J, RMPE190I4H, RMPE190I4F, RMPE190I4G, FRAE1902B5, RMPE190I8E, RMPE190I9G, FRAE1902BI, RMPE190IAN, FRAE1902C3, RMPE190IB8, FRAE1902C4, RMPE190ICY, RMPE190ID7, FORE1901P5, FORE1901P6, FORE1901P8, FORE1901P9, FORE1901PB, RMPE190IO1, RMPE190IO3, RMPE190IO5, RMPE190IO6, RMPE190IO7, RMPE190IO8, RMPE190IOB, RMPE190IOE, RMPE190IOF, RMPE190IOH, RMPE190IN8, RMPE190INE, RMPE190ING, RMPE190INI, RMPE190IQW, FRA1902G8, RMPE190J00, RMPE190J0B, RMPE190J0D, RMPE190J0F, RMPE190J0K, RMPE190J0N, RMPE190J0Q, RMPE190J0R, RMPE190J0V, RMPE190IZZ, RMPE190J2C, RMPE190JF3, RMPE190JF4, RMPE190JF5, RMPE190JF7, RMPE190IVK, RMPE190IMN, RMPE190IN3, RMPE190INH, RMPE190CCR, RMPE190HJ0, RMPE190HZ7, RMPE190I79, RMPE190IOV e RMPE190J04 e rexeitar o resto de alegacións presentadas, consonte ao recollido no fundamento xurídico terceiro.

SEGUNDO: Aprobar as modificacións do texto inicial da ordenanza, consonte ás aportacións achegadas nos escritos de alegacións relativas aos artigos 4.2, 4.3, 4.4, 6.2, 6.3, 6.4, 7.1, 7.3, 7.5, 8.1, 8.4, 9.1 e 17.2.

TERCEIRO: Aprobar a ORDENANZA REGULADORA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO DA CORUÑA, consonte o texto do informe proposta identificado co código de verificación 2K5C1X1G2T0J6O2V0LVZ, e incorporado como anexo.

CUARTO: Ordenar a publicación no BOP e no taboleiro municipal do texto da Ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico da Coruña aprobado, segundo o artigo 65.2 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

A xefa do Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística
Yolanda Teixido Infante

Conforme,

A directora de Urbanismo
Gloria de la Montaña Alcántara-García

Visto e Prace,

O concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda
Francisco Dinis Díaz Gallego

INFORME DE SECRETARÍA XERAL DO PLENO PARA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA PARA AS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO.

De conformidade coa esixencia contida no artigo 123.1.d) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, que atribúe a competencia ao Pleno Municipal para a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais, sinalándose no artigo 122.5 dentro do asesoramento legal ao Pleno e ás Comisións, o carácter preceptivo do informe de Secretaría, entre outros supostos, cando o esixa a lei en materias de competencia plenaria e o Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional establece, dentro da función de asesoramento legal preceptivo, artigo 3.d, que en todo caso emitirase informe previo entre outros supostos nos de: "aprobación ou modificación de Ordenanzas, Regulamentos…" e que a emisión do informe preceptivo de Secretaría "poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente", e para os efectos de complementar a fundamentación xurídica contida no expediente tramitado efectúase, un informe sobre o sometido ao órgano colexiado, para a aprobación definitiva en base aos seguintes

ANTECEDENTES:

Especificamente, polo que se refire á tramitación da ordenanza seguiuse o procedemento establecido no art. 49 e concordantes da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e previamente o procedemento de audiencia previa esixido na normativa básica de Procedemento administrativo.

Realizouse unha consulta pública previa á aprobación da Ordenanza reguladora desde o 11 de outubro de 2024 ao 24 de outubro do mesmo ano. Previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do 31 de xaneiro de 2025 emitiuse informe pola Asesoría Xurídica Municipal do 27 de xaneiro de 2025 nos termos que constan.

A Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno Municipal, con previa nota de conformidade desta Secretaría Xeral nos termos que constan, en sesión do 6 de febreiro de 2025 efectuándose a exposición ao público prevista no art. 49 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, formulándose as reclamacións, alegacións e suxestións que figuran sendo informadas polo Servizo e propoñéndose ao Pleno Municipal a aprobación nos termos que constan. É relevante sinalar respecto a a importancia da cuestión que na exposición de motivos da Ordenanza maniféstase que se verificou que se estaba exercendo a actividade de uso turístico en vivendas sen contar coa habilitación administrativa e "*en moitos casos, vulnerando as determinacións dos usos do Plan Municipal vixente, Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial de Protección Reforma Interior da Cidade Vella e Peixaría, PEPRI".* Diso derivaríase a obrigación da instauración da legalidade urbanística nos termos que esixe a mesma.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española, artigo 9.3, coa garantía da seguridade xurídica e a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos e artigo 103 Servizo con obxectividade aos intereses xerais.

- Código Civil, artigo 3.1. As normas interpretaranse segundo o sentido literal das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas.

- Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado mediante RDL 7/2015 do 30 de outubro, que establece que a ordenación territorial e a urbanística son funcións públicas que organizan e definen o uso do territorio e do solo, de acordo co interese xeral, determinando as facultades e deberes do dereito de propiedade do solo conforme ao destino deste.

- Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, entre outros artigos 60, 83.5 e concordantes.

- Decreto 143/2016 do 22 de decembro, de Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, artigos 144, 200.5 e concordantes.

- Leis 39/2015 e 40/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Réxime Xurídico do sector público.

- Estatuto de autonomía de Galicia art. 27.21

- Lei 7/2011

- Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro de Ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade autónoma de Galicia.

- Instrución interpretativa 1/2017 do 9 de maio de aplicación do Decreto 12/2017.

- Lei 20/2013, do 9 de decembro de Garantía da unidade de mercado.

- Lei 17/2009 sobre Libre acceso ás actividades de servizos.

- Lei 25/2009 do 22 de decembro de Modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. En virtude diso se

INFORMA

PRIMEIRO. REGULACIÓN DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA "DE GALICIA

O réxime xurídico vixente da Comunidade Autónoma de Galicia respecto diso parte de que, de conformidade co disposto no artigo 27.21 do estatuto de autonomía é de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

En virtude diso, a través da Lei 7/2011, entre outros extremos, comezouse a efectuar a regulación dos apartamentos e vivendas turísticas que se sinalan na devandita norma, e que se definiron na súa regulación a un posterior desenvolvemento regulamentario que se

efectuou a través do Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro, que establece a ordenación dos apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e da Instrución interpretativa 1/2017 do 9 de maio, para a aplicación do Decreto referido.

En relación a iso, o artigo 5.6 do Decreto en relación ás vivendas de uso turístico, sinala especificamente que:

"As vivendas de uso turístico estarán situadas en solo de uso residencial. Ademais, cando a normativa urbanística o permita, as vivendas de uso turístico poderán estar situadas en solos de uso distinto ao residencial."

Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector".

A Instrución interpretativa 1/2017 precisa, respecto á interpretación do inciso final do artigo 5.6, cando sinala esa posibilidade de establecer limitacións, que debe interpretarse que:

"non establece limitacións, senón que o sentido do citado precepto ***é deixar a salvo as competencias que, no seu caso, ostenten os concellos****, que as exercerán conforme á súa propia normativa".*

SEGUNDO COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA.-

Iso remite por tanto, en principio, á competencia municipal que, a salvo doutras normas específicas, é como título principal e directo, por atribución legal, a competencia urbanística e terá que ser a través dela, que se establezan limitacións por edificio ou por sector, como establece a norma, partindo de que aínda cando pareza non existir unha habilitación legal expresa e específica para o desenvolvemento regulamentario por parte das entidades locais, baixo o título de competencia turística, e que tampouco se contén na Lei de Bases de Réxime Local, que unicamente establece a competencia municipal para a información e promoción de ámbito turístico local, con todo no concreto caso a teor, da existencia doutros títulos competenciais locais que inciden sobre a materia enerve a competencia municipal exercitable na materia sempre que a mesma non infrinxa normas de carácter legal, como sinala a xurisprudencia do Tribunal Supremo na súa Sentenza do 7 de novembro de 2009 respecto ao significado e alcance do exercicio da potestade regulamentaria local resulta que:

"unha concepción do ámbito ou do modo de determinación das competencias municipais baseada na idea da vinculación positiva que aí ou para iso carrexaría o principio de legalidade, de xeito que a Corporación Local só podería actuar na forma en que previamente fose habilitada polo lexislador sectorial, non podendo ditar unha ordenanza sobre unha materia sen a previa habilitación deste para iso. Con todo, hoxe en día non é esa concepción a que mellor se acomoda a unha interpretación das normas reguladoras do réxime competencial de tales Corporacións que atenda, como é obrigado, a unha que co carácter de fonte primaria e natureza de Tratado foi incorporada ao noso Ordenamento, cal é a Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, ratificada por España por Instrumento do 20 de xaneiro de 1988. Nin é tampouco a que mellor se adecúa a algúns pronunciamentos deste Tribunal Supremo que xa a tiveron en conta, nos que se abre paso a idea dunha vinculación negativa, que permite a aquelas sen previa habilitación legal actuar,

ditando tamén ordenanzas, en toda materia que sexa da súa competencia, se ao facelo non contradí nin vulnera a lexislación sectorial que puidese existir."

Do recoñecemento constitucional da autonomía local, expresamente contemplado nos artigos 137 e 140 da Constitución aparece como símbolo e consecuencia directa da mesma a potestade regulamentaria (STS do 27 de marzo de 1985) entendida como unha potestade "inherente" á autonomía plasmada no artigo 140 da Constitución (STC 214/89) co recoñecemento constitucional dun poder normativo local, para crear un propio ordenamento xurídico limitado que debe respectar a Constitución e a lei; como adiantou o Tribunal Supremo xa na Sentenza do 15 de xuño de 1992 (FD2, apartado 2º): "a actividade administrativa concretada na elaboración da Ordenanza é unha manifestación da autonomía municipal".

A competencia para vivendas de uso turístico, para a súa autorización, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao marco legal antes mencionado.

No procedemento autorizatorio figura un certificado municipal que acredite que a vivenda que se destina a ese uso reúne as condicións técnicas e urbanísticas necesarias, e será nese certificado onde, a teor da normativa urbanística municipal poderá exercerse a competencia urbanística para o efecto no proceso de autorización ou rexistro da vivenda para uso turístico.

